

# ESTUDO SOBRE SENFOGARISMO FEMININO E VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA



# **ESTUDO SOBRE SENFOGARISMO FEMININO E VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA**

## **Equipo de traballo**

**Eva Aguayo Lorenzo**

**Leandro Benito Torres**

**Maite Cancelo Márquez**

**Rosario Díaz-Vázquez**

**Pilar Expósito Díaz**

**M. del Pilar Freire Esparís**

**Emilia Vázquez-Rozas (coordinadora)**

**Xunta de Galicia**

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social

2020

Este traballo é resultado do encargo realizado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Xunta de Galicia, enmarcado na Estratexia de inclusión social de Galicia, 2014-2020

Febreiro, 2020

## **Agradecementos**

O equipo de traballo quere agradecer a colaboración das persoas responsables dos centros da rede de recursos específicos de atención ás persoas sen fogar e dos centros de atención ás vítimas de violencia de xénero que participaron nas enquisas, así como a participación nas enquisas das mulleres usuarias dos ditos centros.

Queremos agradecer tamén a dedicación das persoas expertas para a realización das entrevistas, así como a súa dispoñibilidade.

O noso agradecemento así mesmo ao persoal da Dirección Xeral de Inclusión Social, e especialmente a Dña. Leticia Suárez e a D. Joan Ribot polas súas achegas na elaboración dos cuestionarios e na selección dos centros e das persoas expertas entrevistadas, e ao director xeral de Inclusión Social, D. Arturo Parrado, pola confianza depositada neste equipo de traballo.

## **Relación de centros participantes**

- Albergue para Transeúntes San Javier (Pontevedra)
- Albergue Refugio Pardo de Atín (Ferrol)
- Albergue San Vicente de Paúl "Calor y Café" (Pontevedra)
- Casa Caridad de Vigo-Comedor de la Esperanza (Vigo)
- Casa da Muller (Lugo)
- Casa de Acollida para Mulleres Maltratadas (Ferrol)
- Casa do Pescador CIIES (Vigo)
- Centro Cultural Social Xoán XXIII (Santiago de Compostela)
- Centro de Atención Social Continuada Rexurdir Provincial (Pontevedra)
- Centro de Emerxencia para Mulleres VVX (Vigo)
- Centro de Recuperación Integral para Mulleres VVX (Santiago de Compostela)
- Centro de Transición á Vida Autónoma "A Valenzá" (Ourense)
- Centro Integrado de Atención Social Padre Rubinos (A Coruña)
- Centro Vieiro. Cáritas Diocesana de Santiago (Santiago de Compostela)

- Cociña Económica de A Coruña (A Coruña)
- Cociña Económica de Ferrol (Ferrol)
- Cociña Económica de Santiago (Santiago de Compostela)
- Comedor Social Cáritas (Ourense)
- Comedor Social San Francisco Pan de los Pobres (Pontevedra)
- Comité Ciudadano Anti-Sida (A Coruña)
- Cottolengo del Padre Alegre (Santiago de Compostela)
- Fogar do Transeúnte de Ourense (Ourense)
- Fundación de la Santa Cruz (Vigo)
- Fundación Hogar Santa Lucía (A Coruña)
- Fundación Solidariedade Amaranta (Ourense)
- Patronato Concepción Arenal (Ferrol)
- Residencia San José (A Coruña)

### **Relación de persoas expertas entrevistadas**

- Juncal Blanco e Juan Francisco Martín, traballadora e traballador social de Emaús (Vigo)
- Patricia Castiñeira, educadora social e referente de proxecto, Cruz Roja en Galicia (Lugo)
- Consuelo Neira, directora do Centro de Recuperación Integral para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (Santiago de Compostela)
- Ana Pardo, responsable territorial de Provienda (Vigo)
- Irene Rivera, traballadora social, e Carmela Primo, educadora social, do Centro de Cáritas Diocesana Mondoñedo – Ferrol (Ferrol)



© da edición: Xunta de Galicia. 2020. Estudo sobre  
senfogarismo feminino e violencia de xénero en Galicia

EDITA:

Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social

ISBN de autor: 978-84-09-20400-7

MAQUETACIÓN:

Antonio Lameiro Ces

URL:

<https://libraria.xunta.gal/gl/estudo-senfogarismo-violencia-xenero>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguale 4.0  
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

[https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

# Índice

<b>Introdución .....</b>	<b>9</b>
<b>Metodoloxía .....</b>	<b>13</b>
<b>PARTE I: ANÁLISE DE FONTES SECUNDARIAS .....</b>	<b>22</b>
<b>Capítulo 1 Contexto socioeconómico dende unha perspectiva de xénero en Galicia .....</b>	<b>23</b>
1.1 Poboación activa e inactiva .....	23
1.2 Poboación ocupada .....	26
1.3 Poboación parada .....	30
1.4 Traballo non remunerado .....	32
1.5 Niveis de pobreza .....	32
<b>Capítulo 2 Información diagnóstica precedente sobre o senfogarismo feminino e a violencia de xénero .....</b>	<b>39</b>
2.1 Senfogarismo feminino en Europa e en España .....	39
2.2 Senfogarismo feminino en Galicia .....	44
2.3 Violencia de xénero en Galicia .....	50
<b>PARTE II: TRABALLO DE CAMPO .....</b>	<b>58</b>
<b>Capítulo 3 Resultados da enquisa ás persoas responsables dos centros .....</b>	<b>59</b>
<b>Capítulo 4 Resultados da enquisa ás mulleres usuarias.....</b>	<b>79</b>



<b>Capítulo 5 Resultados das entrevistas a persoas expertas .....</b>	<b>91</b>
5.1 Percepcións sobre a situación actual e a evolución do perfil do senfogarismo feminino.....	91
5.2 Necesidades específicas das mulleres sen fogar.....	93
5.3 Sobre a coordinación e a atención integral .....	96
5.4 Inclusión laboral.....	98
5.5 Relación entre senfogarismo e violencia de xénero .....	100
5.6 Acceso á vivenda .....	102
5.7 Solucións ao senfogarismo.....	103
5.8 Análise DAFO da atención ao senfogarismo feminino e a súa vinculación coa violencia de xénero .....	104
<b>Resumo da parte ii.....</b>	<b>109</b>
<b>Conclusións e recomendacións .....</b>	<b>121</b>
<b>Índice de táboas e cadros.....</b>	<b>135</b>
<b>Índice de gráficos.....</b>	<b>138</b>
<b>Referencias.....</b>	<b>140</b>
<b>Documentos publicados pola Xunta de Galicia relacionados co senfogarismo .....</b>	<b>141</b>
<b>Anexos .....</b>	<b>142</b>

## Introdución

E. Vázquez-Rozas

A atención á poboación en situación de vulnerabilidade ou exclusión social é unha das prioridades sectoriais da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020. Dentro deste ámbito, un claro obxectivo é a intervención especializada para a atención das necesidades das persoas sen fogar co fin de acadar a súa plena inclusión. A Xunta de Galicia vén de publicar o Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023 que incorpora a perspectiva de xénero. Á vista dos estudos previos obsérvase que tanto o coñecemento que hai sobre o senfogarismo, como a resposta que se dá ás persoas nesa situación están orientados a unha poboación maioritariamente masculina. Así, o novo Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023 pretende dar solución a esta cuestión, ao estar orientado cunha perspectiva de xénero “destinado a visibilizar a exclusión residencial que sofren as mulleres no ámbito privado, ofertar solucións ás situacións de precariedade habitacional ás que están expostas e adoptar medidas específicas orientadas a previr a violencia estrutural que sofren por ser mulleres” (px. 56).

No Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia. Trazos e propostas de intervención Galicia 2017, realizado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Cruz Vermella Española en Galicia, considérase que o senfogarismo vén afectado pola combinación de distintas causas que determinan a situación do senfogarismo feminino; e conclúe que a violencia de xénero é o segundo factor, despois da escaseza de recursos.

Tal como se sinala no Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023, “o fenómeno do senfogarismo é complexo e multicausal” (px. 15). Estas causas e factores de vulnerabilidade pódense clasificar en catro tipos: causas de carácter estrutural, institucional, relacional e persoal.

As causas estruturais son as determinadas pola situación económica e social, como poden ser as elevadas taxas de desemprego de longa duración e de desemprego en grupos especialmente vulnerables, a precariedade laboral que leva consigo a escaseza de ingresos, ou os elevados prezos da vivenda.

As causas relacionais fan referencia ao efecto que sobre o senfogarismo ten a carencia de relacións familiares e sociais, pois o apoio de persoas próximas pode paliar os problemas derivados da espera á atención institucional por parte das persoas sen fogar. Entre estas causas atópanse problemas de conflitos familiares, abandono do fogar e o problema da violencia de xénero.

As causas persoais teñen que ver coas circunstancias das persoas que lles dificultan o acceso a un emprego ou ás axudas institucionais. Entre elas encóntranse a discapacidade, os problemas de saúde, trastornos adictivos, un nivel educativo moi baixo, descoñecemento do idioma, a falta de arraigamento e outras características que poden afectar negativamente a inserción laboral, como a falta de habilidades persoais, a idade, o sexo ou a orixe.

Como se sinalou, a combinación destes factores é posible, e poden darse situacións de vida estresantes pola conxunción de distintas circunstancias que poden levar a situacións de senfogarismo.



O Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia. Trazos e propostas de intervención Galicia 2017, céntrase nas categorías A (sen teito) e B (sen vivenda) da clasificación ETHOS (véxase cadro 1). Neste documento considérase o senfogarismo entendido como as situacións comprendidas en todas as tipoloxías ETHOS polo que, ademais das categorías consideradas no traballo antes citado, inclúense as categorías C (vivenda insegura) e D (vivenda inadecuada).

A situación das persoas sen fogar en Galicia, segundo o citado estudo, conclúe que, aínda que representan aproximadamente o 15% das persoas sen fogar, as mulleres en situación de senfogarismo presentan unha situación de maior vulnerabilidade que os homes. Na mesma liña, os estudos desenvolvidos sobre o tema tanto en Europa como en España insisten en que as traxectorias de senfogarismo son diferentes entre mulleres e homes, polo que as necesidades de ambos os dous sexos non son completamente iguais. Entre as diferenzas destacan que unha das causas de senfogarismo específico das mulleres é a violencia de xénero; ademais son máis numerosos os casos de mulleres que de homes con fillos ou fillas dependentes. Por outro lado, moitas mulleres atópanse en situación de senfogarismo oculto, pois as mulleres apóianse máis que os homes nas familias e coñecidos para escapar da rúa. Constátase, a partir da análise de estudos previos, que as mulleres sen fogar foron invisibilizadas, o cal ten consecuencias nas políticas de intervención que se vaian aplicar.

Este traballo ten por principal obxectivo afondar no coñecemento do senfogarismo feminino en Galicia, poñendo o foco nas mulleres cuxa situación está incluída nas tipoloxías ETHOS (véxase cadro 1) e a súa vinculación coa violencia de xénero. Este traballo enmárcase no Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019- 2023, dentro do Eixe 6 (Coñecemento, innovación e colaboración), no obxectivo específico 19. Este prevé impulsar as accións dirixidas a aumentar o coñecemento sobre o senfogarismo en Galicia, e correspóndese coas medidas 19.1 e 19.2, nomeadamente o desenvolvemento dun estudo na Comunidade Autónoma de Galicia sobre o senfogarismo feminino, e a “Incorporación da perspectiva de xénero no coñecemento e estudo das formas de exclusión residencial e senfogarismo” (px. 82).

Preténdese, así mesmo, coñecer como se están a atender as necesidades deste grupo de mulleres en Galicia por parte dos centros de Atención Específica a Persoas Sen Fogar e os centros da Rede galega de acollemento a mulleres vítimas de violencia de xénero, e máis especificamente nas sete principais cidades galegas. Todo isto coa finalidade última de realizar unha análise e reflexión sobre as orientacións dos servizos e recursos para a mellora da atención ás persoas usuarias, e intentar paliar estas situacións de exclusión social.

A mellora no coñecemento das mulleres que son atendidas polos servizos sociais, do seu perfil sociodemográfico e sociolaboral, así como dos servizos dos centros dos que son usuarias, e das necesidades detectadas, ten por obxectivo último que as mulleres en situación de senfogarismo poidan saír da situación de exclusión social na que se atopan.

En relación con este obxectivo, é preciso coñecer a situación socioeconómica das mulleres en Galicia, pois a situación de pobreza e desigualdade supón unha causa determinante do senfogarismo. Ademais, é necesario realizar unha análise profunda das fontes secundarias existentes sobre a temática, tanto no que se refire á propia definición do senfogarismo como aos diversos precedentes de estudos nacionais e internacionais. Así mesmo, faise necesario coñecer a evolución e situación actual dos principais indicadores sobre violencia de xénero en Galicia. Finalmente, para levar a cabo unha análise que permita tomar as decisións oportunas para a mellora dos servizos prestados, é prioritario coñecer as valoracións das persoas responsables dos centros de atención social e das mulleres usuarias deses centros, así como as opinións e valoracións de persoas expertas no ámbito dos servizos sociais.

As conclusións extraídas do traballo poderán servir de guía no desenvolvemento de políticas públicas para a mellora da situación das persoas sen fogar, e especificamente das mulleres, e das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Este estudo comeza coa información sobre a metodoloxía aplicada ao longo da realización do proxecto. En primeiro lugar defínese o concepto de senfogarismo, para pasar posteriormente a facer referencia tanto á metodoloxía aplicada na análise das fontes secundarias como na realización das enquisas e entrevistas e análise de datos correspondentes. Posteriormente preséntanse os resultados do estudo.

Este estudo consta de dúas partes, unha baseada na análise de fontes secundarias e a outra no traballo de campo realizado.

A primeira parte céntrase na análise das fontes secundarias, e estrutúrase en dous capítulos. No primeiro capítulo analízase a situación laboral das mulleres galegas no contexto español, facendo fincapé nas principais diferenzas cos homes, tanto no ámbito do emprego remunerado como non remunerado, ademais de mostrar a situación de pobreza e desigualdade das mulleres en Galicia. No segundo capítulo faise un exhaustivo repaso polas fontes secundarias sobre o tema en estudo, e repásanse os traballos previos que adoptan a perspectiva de xénero levados a cabo por institucións europeas, españolas e galegas. Ademais preséntanse os principais indicadores dispoñibles sobre violencia de xénero en Galicia e en España.

A segunda parte deste estudo corresponde ao traballo de campo, e divídese en tres capítulos. No capítulo terceiro preséntanse os resultados obtidos a partir das enquisas realizadas ás persoas responsables dos centros seleccionados, que se encontran dentro das seguintes tipoloxías: albergues, comedores sociais, centros de acollida, centros de atención continuada e centros da Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero. O capítulo cuarto recolle os resultados das enquisas realizadas ás mulleres usuarias dos centros de atención social seleccionados. O último capítulo desta parte, e a partir dos principais resultados obtidos coa información precedente, expón os resultados das entrevistas en profundidade realizadas a persoas expertas no tema en estudo.

Finalmente preséntanse as conclusións e recomendacións obtidas da reflexión e análise dos resultados que, dende as distintas perspectivas, se obtiveron do traballo realizado.

Este documento complétase coa información das referencias bibliográficas, fontes estatísticas analizadas e enquisas elaboradas.

É de sinalar a importancia da colaboración das persoas responsables de todos os centros participantes, ás que lles agradecemos o seu esforzo para cubrir os cuestionarios e facer as enquisas ás mulleres usuarias. Tamén se agradece profundamente a participación das persoas expertas nas entrevistas levadas a cabo.

Este estudo é froito do encargo realizado pola Consellería de Política Social e a colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.



## Metodoloxía

E. Vázquez-Rozas, M. Cancelo & L. Benito

Para dar cumprimento aos obxectivos do estudo, consistentes en afondar no coñecemento sobre as necesidades das mulleres sen fogar en Galicia e a vinculación entre o senfogarismo feminino e a violencia de xénero, coñecemento que sirva de fundamento ás políticas públicas de mellora dos servizos, é preciso levar a cabo distintas fases que se desenvolven seguindo metodoloxías específicas. Pero, en primeiro lugar, é preciso definir o propio concepto do senfogarismo e a tipoloxía das persoas sen fogar e exclusión residencial.

### Definición e tipoloxía do senfogarismo

Son moitas as definicións do senfogarismo e, dependendo da que se adopte, terase unha percepción diferente do problema (Bundela, 2018). Non é unha cuestión sinxela dado que a definición pode estar incluso condicionada pola situación económica do país no que se establece. Sen entrar a fondo nas sempre delicadas cuestións conceptuais, pensamos que é suficiente, para os propósitos prácticos deste estudo, adoptar como referencia a clasificación de persoas sen fogar e exclusión residencial máis empregada en España e en Europa, é a ETHOS (European Typology on Homelessness and Housing Exclusion) introducida en 2005 por FEANTSA (Fédération européenne des Associations Travaillant avec les Sans-Abri). Esta tipoloxía é ampla, co obxecto de estender o concepto de persoa sen fogar máis aló da concepción estreita que o reducía aos “sen teito”.



**Cadro 1** Tipoloxía ETHOS de sen fogar e exclusión residencial

**SEN TEITO (ROOFLESS)**

- 1 Vivir nun espazo público (sen domicilio)
- 2 Facer noite nun albergue e/ou forzado a pasar o resto do día nun espazo público

**SEN VIVENDA (HOUSELESS)**

- 3 Estancia en centros de servizos ou refuxios (hostais para sen teito que permiten diferentes modelos de estandía)
- 4 Vivir en refuxios para mulleres
- 5 Vivir en aloxamentos temporais reservados aos inmigrantes e aos demandantes de asilo
- 6 Vivir en institucións: prisións, centros de atención sanitaria, hospitais sen ter onde ir, etc.
- 7 Vivir en aloxamentos de apoio (sen contrato de arrendamento)

**VIVENDA INSEGURA (INSECURE HOUSING)**

- 8 Vivir nunha vivenda sen título legal (vivir temporalmente con familiares ou amigos de xeito involuntario, vivir nunha vivenda sen contrato de arrendamento - exclúense os ocupas -, etc.)
- 9 Notificación legal de abandono da vivenda
- 10 Vivir baixo a ameaza de violencia por parte da familia ou da parella

**VIVENDA INADECUADA**

- 11 Vivir nunha estrutura temporal ou chabola
- 12 Vivir nunha vivenda non apropiada segundo a lexislación estatal
- 13 Vivir nunha vivenda masificada

Fonte:

FEANTSA [https://www.feantsa.org/download/ethos\\_spain-24518105836657575492.pdf](https://www.feantsa.org/download/ethos_spain-24518105836657575492.pdf)

## Estrutura do estudo e actividades desenvolvidas

Para levar a cabo o estudo sobre o senfogarismo feminino en Galicia, como paso previo á análise do estudo empírico, é preciso contextualizar a situación das mulleres no contexto laboral e social, como determinantes do risco do senfogarismo. Esta análise constitúe a primeira parte do traballo, que se divide en dous capítulos. No capítulo un preséntase unha análise específica da situación socioeconómica e os niveis de pobreza dende unha perspectiva de xénero en Galicia. No capítulo dous analízanse os dous distintos estudos previos na materia e achégase información sobre a violencia de xénero en Galicia.

No capítulo 1 estúdanse de modo pormenorizado as distintas fontes estatísticas relativas ao traballo e á pobreza, presentando a situación actual e a evolución da situación das mulleres en Galicia e a comparativa cos homes. A análise ofrécese en termos comparativos coa media española, para posteriormente centrarse nos datos da nosa Comunidade referidos ao traballo remunerado e ao traballo non remunerado, achegando tamén unha análise da evolución da situación galega en relación aos niveis de pobreza e desigualdade, facendo fincapé na situación da muller nestes eidos. A metodoloxía aplicada consistiu na busca de información das estatísticas oficiais e o seu tratamento da mesma mediante a utilización de follas de cálculo (Excel) para a súa presentación e análise. As fontes estatísticas consultadas constan nas referencias do traballo.

No capítulo 2 realízase a análise dos estudos previos a nivel europeo, nacional e galego relativos á problemática do senfogarismo, incidindo naqueles traballos que proporcionan unha perspectiva de xénero. Esta análise da información diagnóstica precedente repasa a definición do senfogarismo, e lévase a cabo ademais coa presentación dos diferentes traballos de investigación publicados sobre a temática en estudo. O último apartado deste capítulo recolle a información dispoñible sobre violencia de xénero en Galicia e a comparativa coa media española. Para o desenvolvemento desta análise realizouse unha profunda busca bibliográfica, tanto de estudos nacionais como internacionais, enquisas previas e traballos de investigación relativos ao senfogarismo feminino e á violencia de xénero, así como á análise de diferentes enquisas oficiais. Preséntanse neste apartado os principais resultados das distintas fontes analizadas.

A segunda parte do estudo, referido ao traballo de campo, levouse a cabo en dúas fases. A primeira, recollida nos capítulos 3 e 4, supuxo a elaboración e análise de resultados de cuestionarios dirixidos a centros de atención social das sete principais cidades de Galicia e a mulleres usuarias destes centros. A segunda fase consistiu na elaboración e análise de entrevistas a persoas expertas na temática de estudo, que se presenta no capítulo 5.

Para o desenvolvemento do traballo de campo realizáronse distintas actividades, que se presentan de seguido.

### **a) Tarefas levadas a cabo na primeira fase do traballo de campo: cuestionarios a responsables de centros e a mulleres usuarias.**

En primeiro lugar, e despois da revisión doutros traballos previos e enquisas realizadas por organismos oficiais, procedeuse ao deseño dos cuestionarios dirixidos ás persoas responsables de centros e ás mulleres usuarias. O deseño dos cuestionarios foi realizado polo equipo de traballo da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social.



No cuestionario dirixido ás persoas responsables de centros, ademais dos datos de identificación e as características do centro, inclúense preguntas relativas aos servizos ofrecidos e o seu uso, diferenciando entre mulleres e homes, engadindo unha serie de preguntas sobre as mulleres e mulleres vítimas de violencia de xénero (VVX) usuarias dos centros. Ademais, pregúntase a opinión relativa á incidencia que sobre as mulleres sen fogar teñen os factores de vulnerabilidade determinantes do senfogarismo (factores estruturais, institucionais, persoais e relacionais). Finalmente, pídesse a opinión das persoas responsables dos centros en relación ás posibles melloras a realizar en distintos ámbitos como a tipoloxía e cantidade de recursos, a metodoloxía de intervención e a innovación, a planificación, a coordinación e a normativa.

No cuestionario dirixido ás mulleres usuarias dos centros, pregúntáselles sobre algúns aspectos das súas características persoais e laborais, os ingresos dos que dispoñen, a situación residencial pasada e actual, os motivos do senfogarismo (no seu caso), os recursos ou servizos utilizados e a opinión que teñen deles. Ademais, fanse unha serie de preguntas sobre violencia de xénero. Estas enquisas a mulleres, en galego e castelán, foron feitas de xeito presencial dende os propios centros, que colaboraron moi activamente co desenvolvemento do traballo. Nos anexos I e II preséntanse os dous cuestionarios.

Recibida da Dirección Xeral de Inclusión Social a listaxe de centros seleccionados, e logo de que os centros recibisen un primeiro contacto desta, as persoas responsables destes centros foron entrevistadas polas persoas do equipo de traballo, en persoa e/ou por correo electrónico, para cubrir as enquisas. Este traballo desenvolveuse entre os meses de setembro e outubro do 2019.

Do total dos 74 centros de Galicia, 67 centros de atención específica a persoas sen fogar (en adiante centros PSF) e 7 da Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero (en adiante Rede VVX), foron seleccionados 27 que corresponden a distintas tipoloxías: Albergues (8)<sup>1</sup>, Comedores (7), Centros de acollida (5), Centros de atención continuada (3) e centros da Rede VVX (5)

Dada a distinta tipoloxía dos centros seleccionados, pódese obter un amplo abano de respostas ofrecidas segundo as diferentes perspectivas das persoas responsables dos centros, que teñen distintas experiencias coas persoas usuarias destes centros. As características dos centros son de diversa índole, como constan na Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social (DOG 15 febreiro), na que se especifican a definición e requisitos principais das distintas tipoloxías de centros. No Decreto 61/2016 polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión (DOG 8 de xuño), reclasifícanse os centros sociais segundo os servizos ofertados dentro da carteira de servizos, que se indican entre parénteses xunto coa definición dos distintos tipos de centro considerados neste traballo:

Os **albergues** (clasificados como servizos de atención nocturna) son establecementos para o aloxamento de carácter temporal destinados a acoller a persoas en situación de emerxencia social, a transeúntes e a persoas sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un período limitado de tempo.

Os **comedores sociais** (clasifícanse como servizos de cobertura da necesidade de alimento na sección de hostalaría) son establecementos nos que se ofrece o servizo de almorzo/comida e/ou cea a persoas en risco de exclusión social con necesidades de manutención. Poden contar con zoas de hixiene, lavandería e roupeiro.

<sup>1</sup> No caso dun albergue que tamén é comedor social a resposta foi única para os dous centros.

Os **centros de acollida** e inclusión son centros en réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, posibilitáanse oportunidades de axuste persoal e a incorporación sociolaboral ás persoas en situación ou risco de exclusión social. Poden orientarse a distintos programas de atención, que son: Programa básico de acollemento e inclusión social ás persoas por un período de tempo determinado mentres participan nun proxecto de inserción (clasifícase como servizo integral de inclusión sociolaboral, sección de inclusión básica); Programa de apoio social a procesos terapéuticos (clasifícase como servizo integral de inclusión en procesos terapéuticos, sección de atención a persoas con trastornos de adicción); Programa de transición á vida autónoma, que ofrece aloxamento provisional a persoas con capacidade e posibilidade de inserción (clasifícase como servizo integral de inclusión sociolaboral, sección de inclusión e transición ao emprego) ou outros programas.

Os **centros de atención social continuada** (clasifícanse como servizos de atención continuada) son centros abertos en horario continuado e permanente ou en horario complementario ao resto de recursos sociais de atención ás situacións de exclusión e de emerxencia, nos que se ofertan servizos de atención ás necesidades básicas e/ou urxentes das persoas usuarias.

A lexislación que regula os centros da Rede VVX é específica. Así, segundo se recolle no artigo 48 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7 agosto), os centros de acollida desta rede son recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren protección pola situación de indefensión e risco causada pola violencia de xénero. Créase tamén o Centro de Recuperación Integral como centro de coordinación da Rede galega de acollemento (artigo 49).

O equipo de traballo púxose en contacto cos centros seleccionados, por correo electrónico e vía telefónica, para concertar entrevistas presenciais ou no seu caso para que as enquisas fosen enviadas unha vez cubertas. No cadro 2 preséntase o listado dos 27 centros entrevistados.

## Cadro 2 Centros de atención social seleccionados

### ● Albergues

Entidade nome	CEN nome	CEN concello
Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos	Albergue Padre Rubinos	A Coruña
Fundación Santo Hospital de Caridad	Refuxio Pardo de Atin	Ferrol
Centro Cultural-Social Juan XXIII	Albergue Juan XXIII	Santiago de Compostela
Hermanos Misioneros de Enfermos Pobres	Albergue Nuestra Señora de La Salud	Vigo
Cáritas Interparroquial	Albergue de Transeúntes San Javier	Pontevedra
Sociedad de San Vicente de Paul	Albergue San Vicente de Paul	Pontevedra
Concello de Vigo	Albergue Casa do Pescador/ Comedor	Vigo (conxunta con Comedor)
Concello de Ourense	Albergue Hogar del Transeúnte	Ourense



## ● Comedores

Entidade nome	CEN nome	CEN concello
Cocina Económica de Santiago	Cocina Económica de Santiago	Santiago de Compostela
Cáritas Diocesana de Ourense	Comedor Social Cáritas Ourense	Ourense
Cocina Económica de la Ciudad de Ferrol	Cocina Económica Ferrol	Ferrol
Concello de Vigo	Comedor Social Casa do Pescador/ Albergue	Vigo(conxunta con albergue)
Fundación Casa de Caridad de Vigo-Hogar San José	Comedor de La Esperanza	Vigo
Cocina Económica da Coruña	Cocina Económica da Coruña	A Coruña
Convento San Francisco en Pontevedra Franciscanos Frailes Menores Prov. Santiago	Comedor Pan de los Pobres	Pontevedra

## ● Centros de acollida

Entidade nome	CEN nome	CEN concello
Cáritas	Centro de Transición a La Vida Autónoma "A Valenzá"	Ourense
Fundación Hogar Santa Lucía para Mujeres sin Techo	Casa de Acollida Básica de Mulleres sen teito Santa Lucía	A Coruña
Casa Cottolengo del Padre Alegre de la Congregación Hermanas Servidoras de Jesús del Cottolengo del Padre Alegre	Centro de Acollida Básica Cottolengo del Padre Alegre	Santiago de Compostela
Asociación Patronato Concepción Arenal	Centro de Acollida Básica Patrón. Concepción Arenal	Ferrol
Pía Unión La Obra de La Señora	Centro de Acollida Básica San José de la Obra de La Señora	A Coruña

## ● Centro atención continuada

Entidade nome	CEN nome	CEN concello
Cáritas Diocesana de Santiago	Centro de Atención Social Continuada Vieiro	Santiago de Compostela
Comité Ciudadán Antisida da Coruña	Centro de Atención Social Continuada Casco	A Coruña
Asociación Rexurdir-Provincial	Centro de Atención Social Continuada Rexurdir Provincial	Pontevedra

## ● Rede galega de acollemento

Entidade nome	CEN nome	CEN concello
Concello de Ferrol	Casa acollida	Ferrol
Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero	Centro de recuperación integral	Santiago de Compostela
Concello Lugo	Piso tutelado	Lugo
Fundación Amaranta	Casa acollida	Ourense
Concello de Vigo	Centro de emerxencia	Vigo

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do RUEPSS.

A participación dos centros colaboradores foi imprescindible para poder chegar a ter respostas das enquisas ás mulleres usuarias dos centros. As enquisas dirixidas ás mulleres enviáronse aos centros tanto en galego como en castelán, para a mellor comprensión daquelas mulleres de fóra de Galicia usuarias dos centros. En total acadáronse 72 enquisas ás mulleres.

A información recollida nos cuestionarios tanto os dirixidos ás persoas responsables dos centros como ás mulleres usuarias, foi trasladada a formato informático co programa SPSS versión 24. A informatización dos datos permite tabular a información e realizar o tratamento estatístico dos datos e presentación dos resultados.



## **b) Tarefas levadas a cabo na segunda fase do traballo de campo: entrevistas a persoas expertas.**

A partir dos principais resultados obtidos na primeira parte do proxecto, elaborouse unha batería de preguntas, en colaboración coa Dirección Xeral de Inclusión Social, para entrevistar a persoas expertas na temática de estudo. O cuestionario inclúe os aspectos máis salientables do traballo previo e céntrase en aspectos que tratan de recoller a visión das expertas en relación ás necesidades máis relevantes, a aspectos específicos das mulleres, á relación entre senfogarismo e violencia de xénero, e á mellora dos servizos prestados. Ademais, propónse unha análise DAFO que incorpora as reflexións de cada unha das persoas entrevistadas. O cuestionario destas entrevistas a expertas incorpórase no Anexo III.

Logo de que os contactos das persoas expertas fosen transmitidos ao equipo de traballo por parte da Dirección Xeral de Inclusión Social, procedeuse a concertar as citas, e envióuselles por correo electrónico un resumo dos resultados máis relevantes do traballo de campo derivado das enquisas ás persoas responsables dos centros e ás mulleres usuarias, así como o propio cuestionario coas preguntas sobre as que se pretendía que reflexionasen cara á entrevista persoal. En catro dos cinco casos, as entrevistas a expertas foron presenciais e leváronse a cabo nos centros de traballo de cada unha delas entre os días 19 de novembro e 2 de decembro de 2019. Un dos casos respondeu á entrevista por vía telemática, e posteriormente aclaráronse as dúbidas xurdidas.





# PARTE I

## ANÁLISE DE FONTES SECUNDARIAS

Esta primeira parte do traballo ten como finalidade presentar a situación de contexto precisa para coñecer a situación da poboación feminina galega en aspectos relevantes para o tema de estudo. Así, o capítulo 1 relata a situación laboral das mulleres, tanto no relativo ao traballo remunerado como non remunerado, e os niveis de pobreza, poñendo énfase nas diferenzas cos homes. No capítulo 2 faise unha análise dos distintos estudos que se teñen realizado sobre o senfogarismo en Europa, España e Galicia, aportando información sobre os principais indicadores. Ademais, analízanse os datos dispoñibles sobre violencia de xénero na nosa Comunidade.

# CAPÍTULO 1

## CONTEXTO SOCIOECONÓMICO DENDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO EN GALICIA

E. Aguayo.; P. Expósito. & M. P. Freire


Neste capítulo facemos un breve repaso do contexto socioeconómico en Galicia dende unha perspectiva de xénero, facendo fincapé nos principais indicadores do mercado de traballo e dos niveis de pobreza. En primeiro lugar amosamos os datos do mercado laboral analizando a poboación activa, ocupada e parada, así como a remuneración salarial, e o traballo non remunerado. Finalmente analizamos os niveis de pobreza na nosa Comunidade.

### 1.1 Poboación activa e inactiva

Enténdese por poboación activa a suma das persoas en idade de traballar e que de forma directa ou indirecta están incorporadas ao mercado de traballo. Son persoas de 16 ou máis anos que poden ser incluídas entre as persoas que teñen un traballo (ocupadas) ou que están á procura do mesmo (paradas).

A poboación activa en Galicia foi descendendo nos últimos anos, máis a dos homes que a das mulleres, sen embargo, a taxa de actividade feminina aínda está por debaixo da masculina. Destaca o maior peso das mulleres na poboación activa galega en comparación coa española, cun máximo no ano 2018 cunha participación do 48,8% en Galicia, fronte a o 46% de España no seu conxunto.

**Gráfico 1.1** Evolución da poboación activa en Galicia e España (miles de persoas)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA do INE.



A pesar de que a taxa de actividade nas mulleres é moito menor que nos homes tanto en España como en Galicia, a evolución é máis positiva que no caso dos varóns e fai que as diferenzas se foran recortando ao longo de todo o período.

En 2018, a poboación activa en Galicia é de 1.243,5 miles de persoas que representan un 53,5% do total de persoas con 16 ou máis anos (2.334 mil), e un 46% da poboación total (2.701,7 miles de persoas). Na actualidade a poboación activa repártese entre as 601 mil mulleres e 642 mil homes. En termos porcentuais, en 2010 o 46% da poboación activa eran mulleres e esta porcentaxe foise incrementando ata acadar o 48,4%, por un 51,6% de homes.


**Gráfico 1.2** Poboación activa por sexo. Galicia. 2010-2018. Miles de persoas



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

A taxa de actividade de Galicia (definida como o cociente entre o número total de persoas activas e a poboación de 16 anos ou máis) veuse lixeiramente reducida entre 2010 e 2018, pasando do 54,2% a 53,3%; un descenso de algo máis dun punto porcentual, que non reflicte a situación diferenciada de mulleres e homes. No ano 2010 a taxa de actividade das mulleres era do 47,7%, moi lonxe do 61,2% dos homes, pero a evolución foi dispar segundo sexo. Así, mentres que a taxa de actividade nos homes viuse reducida 3,8 puntos ata o 57,5% do ano 2018, a taxa para as mulleres subiu 1,7 puntos ata acadar o 49,4% en 2018. Neste ano seguen a ser importantes as diferenzas nas taxas de actividade, sendo de 8,1 puntos superior para os homes que para as mulleres.

**Gráfico 1.3** Taxa de actividade por sexo. Galicia. 2010-2018 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

As taxas de actividade das mulleres son inferiores ás dos homes en xeral, e por idades a diferenza increméntase a partir dos 35 anos, sendo de 4,3 puntos inferior no tramo de 35 a 44 anos. Constátase que as taxas de actividade aumentan co nivel de formación alcanzado, e as maiores diferenzas entre homes e mulleres atópanse entre as persoas con estudos primarios e secundarios de primeira etapa.

Por outro lado, os datos da EPA indican que, segundo o estado civil, as maiores taxas de actividade corresponden ao grupo das persoas separadas ou divorciadas, cunha taxa media do 68%, sendo este o único grupo no que as taxas de actividade das mulleres (70,5%) son superiores ás dos homes (64,9%). No caso dos grupos de persoas solteiras as mulleres teñen unha taxa 2,7 puntos por debaixo da dos homes, diferenza que se eleva entre o grupo de persoas casadas ata 3,1 puntos.

Por ramas de actividade, obsérvase a partir dos datos da EPA, que a presenza de mulleres está moi por riba da dos homes nas actividades sanitarias e de servizos sociais, e o resto de servizos, cuns pesos do 79% e do 74,3% respectivamente. Destaca tamén a rama de Educación, onde a poboación activa feminina supera o 66%. Por outra parte, nas ocupacións de maior responsabilidade a maior parte da poboación activa son homes. Así, as mulleres representan só un 31,5% de entre directores/as e xerentes, e un 38,8% dos técnicos/as, profesionais de apoio. Pola contra, o 58,2% da poboación activa de técnicos/as e profesionais científicos e intelectuais son mulleres.

O 58,4% das persoas paradas que buscan o seu primeiro emprego son mulleres, e que representan o 54,3% das persoas paradas por máis dun ano.

Enténdese por poboación inactiva o conxunto de persoas de 16 ou máis anos que non son nin persoas ocupadas nin paradas. Considéranse inactivas as persoas que, sen exercer unha actividade económica, ocúpanse dos seus fogares, ou están estudando, ou están retiradas ou xubiladas, ou son persoas que realizan actividades sen remuneración (como as actividades de voluntariado), ou son persoas incapacitadas para traballar, ou que perciben algunha pensión distinta da de xubilación (ou prexubilación) ou unha axuda pública ou privada.

En Galicia hai 29.600 persoas activas potenciais, un 2,7% do total de inactivas, sendo maior o número de mulleres (17 mil) que representan o 57,8% que de homes (case 13 mil). Das persoas potencialmente activas, clasifícanse como desanimadas ao 66,6%, porcentaxe que no caso das mulleres alcanza o 69,6%, 7,5 puntos máis que no caso dos homes (62,4%). É dicir, das 17 mil mulleres activas potencialmente, hai practicamente 12 mil desanimadas.

**Táboa 1.1** Poboación inactiva pola súa vinculación coa actividade e sexo. Galicia 2018. Miles de persoas e porcentaxes

Entidade nome	Total	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
Poboación inactiva	1.090,5	474,1	616,4	43,5	56,5
Activos/as potenciais: Total	29,6	12,5	17,1	42,2	57,8
Activos/as potenciais: Desanimados	19,7	7,8	11,9	39,6	60,4
Activos/as potenciais: Resto	9,9	4,7	5,2	47,5	52,5
Outros/as inactivos/as	1.061,0	461,7	599,3	43,5	56,5

Fonte: elaboración propia a partir de IGE – INE Enquisa de poboación.



En Galicia hai 1.090,5 mil persoas inactivas, o que representa o 46,5% da poboación de 16 ou máis anos e o 40,4% da poboación total galega en 2018. Os datos da EPA permiten extraer información máis polo miúdo, como a que se comenta de seguido.

As mulleres teñen un peso superior aos homes na poboación inactiva, e, por idades, esta distancia amplíase a partir dos 35 anos. Así, nos grupos de entre 35 e 44 anos e de entre 45 e 54 anos, as mulleres representan o 60,3% e o 62,3% respectivamente.

As mulleres representan máis da metade da poboación inactiva en todos os niveis de estudos, sendo as diferenzas máis acusadas nos baixos niveis educativos: se no caso das persoas inactivas sen estudos as mulleres supoñen o 71,1%, e para o caso das persoas con estudos primarios son un 60,1%, esta porcentaxe vai diminuindo ata o 52% no total de persoas inactivas con estudos superiores. Do total de mulleres inactivas, un 48,6% ten estudos primarios ou non ten estudos, fronte ao 41% dos homes. O peso dos homes con educación secundaria no total de homes inactivos é superior ao das mulleres; e o mesmo sucede coas persoas con estudos superiores, que supoñen un 12% dos homes inactivos e un 10% das mulleres inactivas.

Por clase de inactividade, destaca que as mulleres representan un 85,8% das persoas dedicadas ás labores da casa. Por outra parte, o 28% das mulleres inactivas o son por dedicarse a labores da casa, mentres que esta clase de inactividade só representa un 6,1% no caso dos homes. Resulta destacable que das 56.600 persoas que non buscan emprego por aducir que teñen outras responsabilidades familiares ou persoais, 51.400 delas sexan mulleres, o que supón o 90,8% do total. O mesmo sucede no caso das 34 mil persoas que non buscan emprego por coidado de nenos/as ou adultos enfermos, persoas con discapacidade ou maiores, das que 30 mil son mulleres, un 87,5% do total. En total, hai 81.400 mulleres que non están na procura de emprego pola súa dedicación á familia, fronte aos 9.500 homes que sinalan estas razóns para non buscar emprego.

## 1.2 Poboación ocupada


A poboación ocupada está configurada como as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:

Traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie.

Con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas.

Atendendo á evolución da poboación ocupada masculina, esta é maior no conxunto do Estado que en Galicia, amosando a tendencia galega unha evolución máis suave. En cambio, atendendo á evolución no que respecta á poboación ocupada feminina, esta comeza sendo bastante superior entre 2010 e 2013 cun pequeno descenso nos seguintes anos. E, dende 2017, parece que volve superar a media española, destacando así unha forte melloría no emprego feminino na súa evolución en Galicia ao longo dos últimos anos.

**Gráfico 1.4** Evolución da poboación ocupada en Galicia e España: 2010-18 (miles de persoas)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA do INE.

A taxa de ocupación feminina é inferior á masculina (42,3% fronte ao 50,4% en Galicia; 44,0% fronte ao 55,7% en España no ano 2018), aínda que no caso das mulleres esta taxa experimentou un lixeiro ascenso. En calquera caso, a diferenza entre as taxas de ocupación das mulleres e os homes en Galicia vaise reducindo entre 2010 e 2018, mentres que no caso español as diferenzas son maiores.

En relación á evolución da poboación ocupada por sexo en Galicia dende o ano 2010 obsérvanse diferenzas, pois no caso dos homes diminúe -a cifra pasa de 603 mil a 563 mil-, mentres que no caso das mulleres aumenta -é de 502 mil no ano 2010 a 515 mil no 2018-. Aínda así, a cifra das mulleres está sempre por debaixo da dos homes.

**Gráfico 1.5** Poboación ocupada por sexo. Galicia 2010-2018. Miles de persoas



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

As mulleres representan menos da metade da poboación ocupada para todos os niveis de estudos, excepto para os estudos superiores, aquí son as mulleres as que representan o 53,7%.



Por sectores, a construción (93,3%), as industrias extractivas (89,6%), a enerxía (87,9%) e o transporte (80,15), a pesca (77,75%) e a industria manufactureira (71,25%) son sectores altamente masculinizados. Mentres que as actividades sanitarias (79%), resto de servizos (74,7%) e a educación (66,2%) son protagonizadas polo sexo feminino.

De cada 100 mulleres empregadas, 18 están no comercio por xunto e ao retallo, 15 en actividades sanitarias e de servizos sociais, 14 en actividades profesionais e 11 no resto de servizos. De cada 100 homes empregados, 20 están na industria manufactureira, 15 no comercio por xunto e ao retallo, 13 en actividades profesionais e 11 na construción.

Case 32 mulleres de cada 100 están empregadas en servizos de restauración e persoais, seguido de técnicas e profesionais científicas e intelectuais. As mulleres están pouco presentes en ocupacións militares, e son a metade con relación aos homes se falamos de directoras e xerentes.

En canto á situación profesional, as mulleres superan en número aos homes entre as persoas asalariadas do sector público (57,7% fronte a 42,3%), mentres que están moi pouco representadas no grupo de empresario con asalariados, cun 62,2% homes fronte a un 37,8% de mulleres.

Por tipo de xornada, é moi superior o peso da xornada a tempo parcial entre as mulleres que entre os homes. Os varóns teñen xornada completa nun 94,1% mentres que no caso das mulleres é dun 78,1%, o que supón que un 21,9% das mulleres traballan a tempo parcial.

As mulleres ocupadas en xornada parcial representan un 38,9% na pesca, 27,6% na hostalaría, 25,5% en actividades profesionais ou un 24,7% en comercio por xunto e ao retallo.

A xornada a tempo parcial está presente nas ocupacións elementais (34,9%), seguida dos traballadores dos servizos de restauración e persoais (20,9%). Esta situación reproducese si falamos dos homes, pero no caso das mulleres as porcentaxes de ocupadas en xornadas laborais a tempo parcial incrementanse. Así, o tempo parcial en ocupacións elementais supón o 48,1%, que no caso de traballadoras dos servizos de restauración e persoais é o 26,3%, nas contables e administrativas ronda o 17%, nas técnicas e profesionais de apoio son o 16,4% e nas científicas e intelectuais o 11,9%.


A causa principal de ter unha xornada reducida é non poder atopar un traballo de xornada completa no 56,4% dos casos, seguida de coidados (13,2%). De cada 100 persoas que reducen a súa xornada laboral por coidado de nenos/as, persoas maiores enfermas ou con discapacidade, 97 son mulleres; e a cifra é de 90 se falamos doutras obrigas familiares.

A porcentaxe de asalariados homes é sempre superior a de asalariadas mulleres, as cifras son de 53,4% no ano 2010 a 50,5% no ano 2018 no caso dos homes. No caso das mulleres as cifras van do 46,6% no ano 2010 ao 49,5% no ano 2018.

Obsérvanse diferenzas entre o sector privado, onde o número de homes é superior, e o sector público, no que o peso das mulleres supera o 55%. Na maioría das ramas de actividade os asalariados homes son maioría, salvo na hostalaría, educación, actividades sanitarias e de servizos sociais, resto de servizos, comercio por xunto e ao retallo, e actividades financeiras e profesionais, onde predominan as mulleres. As mulleres asalariadas son maioría entre as persoas asalariadas técnicas e profesionais, científicas e intelectuais, e traballadoras dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras, así como empregadas contables, administrativas e de oficina. En canto á duración do contrato, as mulleres asalariadas son as que teñen contratos de menor duración. As mulleres representan o 72,4% dos contratos de duración indefinida descontinua, e o 76% dos contratos temporais por cobertura da ausencia de outro traballador ou traballadora, mentres que son ao redor do 45% nos contratos temporais por aprendizaxe ou por período de proba.

As taxas de ocupación total sitúanse no 46,2% no ano 2018. No caso dos homes as cifras son do 50,4% e das mulleres do 42,3%. Podemos apreciar no gráfico como a cifra masculina é sempre superior á feminina. As taxas de ocupación máis altas corresponden coas franxas de idade entre os 35 e 49 anos.


**Gráfico 1.6** Taxa de ocupación por sexo. Galicia (2010-2018). Porcentaxes



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

Ao analizar a brecha salarial conséntase que o salario dos homes é superior ao salario feminino. En Galicia, no ano 2017, os homes gañaron de media 24.322 euros mentres que as mulleres obteñen de media 18.834 euros. Así, o salario medio anual feminino representaba o 77,4% do masculino, sendo a industria o sector mellor pagado (26.948 euros para os homes e 20.668 para as mulleres).

**Gráfico 1.7** Evolución do salario medio en Galicia (2008-2017). Euros



Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Enquisa de poboación activa.




### 1.3 Poboación parada

Enténdese por paradas as persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, pero dispoñibles para traballar e buscando emprego.

Atendendo a evolución do número de persoas en paro, tanto en Galicia como en España, podemos destacar que a evolución foi decrecente, en ambos casos, a partir do ano 2014, tanto para os homes, como para as mulleres.

**Gráfico 1.8** Evolución do paro en Galicia e España (miles de persoas)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA do INE.

A taxa de paro (que se define como o cociente entre o número de persoas paradas e o total de persoas activas) masculina é inferior á feminina. Sen embargo, cabe destacar que o paro feminino galego é bastante inferior ao español, en todos os anos analizados, cunhas taxas, que no ano 2018, acadan uns valores do 14,4% e do 17% respectivamente. A diferenza entre as taxas de paro femininas e masculinas tamén son menores en Galicia, 2 puntos no ano 2018 fronte aos 3,3 de media española.

No ano 2018 en Galicia, segundo a Enquisa de poboación activa (EPA), había 165.900 persoas no paro das que 86.400 eran mulleres (52%) e 79.500 eran homes.

Dende 2010 a taxa de paro foi incrementándose dende o 15,3% ata o ano 2013, chegando a acadar o 22%. A partir dese ano, co inicio da recuperación, e ata o 2018 redúcese paulatinamente acadando neste ano o 13,3%. Por sexos tamén se observa una evolución similar, pois no ano 2010 a taxa feminina era do 16,2% e a masculina do 14,6%; e ambas acadaron os valores máis altos no ano 2013, 21,7% e 22,3% respectivamente. A partir dese ano redúcense as taxas, acadando o 14,4% no caso das mulleres e o 12,4% nos homes. A taxa feminina está, pois, dous puntos por encima da masculina no ano 2018, ao igual que sucedía no ano 2010. Só nos peores anos da crise pódese dicir que se igualaron as taxas, pois a perda de emprego neses anos foi superior para os homes.

**Gráfico 1.9** Taxa de paro por sexo. Galicia. 2010-2018. (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE – INE Enquisa de poboación activa.

Aínda que entre 2010 e 2018 descenderon as taxas de paro, no caso da taxa de paro de longa duración das mulleres (definida como o cociente entre o número de persoas que levan desempregadas un ano ou máis e a poboación activa) empeorou, aumentando en 0,6 puntos ao pasar do 5,9% ao 6,5%, mentres que mellorou a dos homes en 0,3 puntos (do 5,5% ao 5,2%). Do total de persoas paradas o 50,4% levan dous o máis anos á procura de emprego, e esta porcentaxe é superior para as mulleres (51,5%), sendo 30.900 as mulleres cun tempo de busca de dous ou máis anos. En relación aos datos das persoas paradas en busca do seu primeiro emprego os datos parecen indicar que a entrada ao mercado laboral é máis dificultosa para as mulleres que para os homes, xa que o 68% das mulleres tardan 6 meses ou máis en atopar emprego, fronte ao 60% dos homes.

Constátase que a taxa de paro diminúe a medida que se alcanzan maiores niveis educativos, tanto para mulleres como para homes, pero as taxas de paro das mulleres son ao redor de 3 puntos superiores á dos homes para todos os niveis educativos, a excepción daquelas persoas con estudos primarios. É destacable que as mulleres con estudos secundarios de segunda etapa e estudos superiores representan unha porcentaxe do 57,5% do total de mulleres en paro, mentres que no caso masculino supoñen o 43,6%, correspondendo as maiores diferenzas aos estudos universitarios (32,3% das mulleres e 21,5% dos homes).

En relación ao paro segundo o estado civil, para os solteiros a taxa é do 18,6% fronte o 18% para as mulleres solteiras e para os separados ou divorciados a taxa é do 14,4% fronte ao 15% das mulleres. Pola contra, as maiores diferenzas atópanse entre as mulleres casadas, para as que a taxa de paro está no 12% fronte aos homes, cunha taxa do 7,4%. Unicamente no caso das persoas viúvas a taxa de paro feminina (11,5%) é inferior á masculina (13,4%).

O sector de actividade con maior representatividade no paro feminino é o sector de Comercio e reparacións (16,6%), segundo datos do SEPE. Destaca a diferenza por sexo nas taxas de paro rexistrado na Hostalaría, dun 15,8% para as mulleres e dun 8,6% para os homes. Tamén é importante sinalar que o 10% das mulleres paradas non teñen emprego anterior, fronte ao 6,9% dos homes.

Por sección de actividade, o peso feminino é máis elevado nas actividades nos fogares onde as mulleres son o 96,5%; as sanitarias e de servizos sociais cun peso do 87,7%, e outros onde o paro rexistrado feminino alcanza o 70% do total como son o sector de hostalaría e a educación.



No comercio as mulleres representan o 66%, así como entre as persoas demandantes sen emprego anterior.

As mulleres representan máis do 91% entre as persoas demandantes de emprego do grupo de ocupación de traballadoras/es dos servizos de saúde e coidado das persoas, e o 88% do grupo de traballadoras/es non cualificadas/os en servizos (salvo transporte). Tamén se observan pesos elevados entre as ocupacións de empregados de oficina, tanto se atenden ao público (81,6%) como se non (76%), e nos servizos de restauración e comercio (80,4%).

Nos niveis máis elevados de ocupacións, hai dúas que son especialmente destacables: as mulleres son o 78,8% das demandantes entre as persoas técnicas e profesionais científicas e intelectuais da saúde e do ensino (e o 59,1% entre outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais), e pola contra son tan só o 30,6% das persoas directivas e xerentes.

As ocupacións masculinizadas son as correspondentes aos traballadores cualificados da Construción (98,6%), os condutores e operadores de maquinaria móbil (93,1%), seguida dos traballadores de servizos de protección e as ocupacións militares, con pesos por encima do 83%. Por outra parte, o peso dos homes entre as persoas demandantes de emprego alcanza o 70% entre os traballadores cualificados tanto das industrias manufactureiras como no sector primario e, tamén, entre os peóns de agricultura, pesca, construción, industria e transporte.

#### 1.4 Traballo non remunerado

A asignación asimétrica de traballo no fogar condiciona as desigualdades de xénero nos usos do tempo, en especial, na distribución do dedicado ao traballo remunerado e non remunerado. Constatase a situación de desvantaxe das mulleres asociada a unha maior dedicación a actividades non remuneradas, incidindo na conciliación da vida laboral e persoal, ou mesmo, na non disposición de ingresos propios, propiciando situacións de empobrecemento e vulnerabilidade.

Da Enquisa do emprego do tempo (INE, 2010) cabe destacar que máis dun 90% das mulleres realizan a actividade de “fogar e familia” fronte ao 70,6 % dos homes en Galicia, e a duración media diaria dedicada a esta actividade é case 2 horas maior no caso das mulleres. A análise detallada da duración media de dedicación a tarefas dentro da actividade “fogar e familia”, pon de manifesto que os homes dedican máis tempo que as mulleres a “xardinaría e coidado de animais” e a “construción e reparación”, mentres que o “coidado de nenos” presenta unha duración superior ás dúas horas para as mulleres.

#### 1.5 Niveis de pobreza

A incidencia da prolongada crise económica provocou incrementos nos indicadores de niveis de pobreza nos primeiros anos, que a partir de 2015 foron mellorando, e en xeral a situación no ano 2018 en Galicia é mellor que na media española. Así, no ano 2018 un 6,8% da poboación de Galicia presenta carencias materiais e un 1,6% sofre carencia material severa, moi por debaixo do total nacional, onde as cifras chegan ao 13,9% e ao 5,4% respectivamente. Os resultados a nivel provincial indican que A Coruña e Pontevedra son as máis afectadas pola carencia material nos fogares.

**Táboa 1.2** Evolución da poboación en situación de carencia material e carencia material severa. España e Galicia. 2010-2018. Porcentaxes sobre a poboación total

	Carencia material		Carencia material severa	
	España	Galicia	España	Galicia
2010	15,1	14,3	4,9	4,4
2011	13,2	9,8	4,5	2,5
2012	16,3	11,6	5,8	4,1
2013	16,9	14,4	6,2	4,6
2014	17,8	13,5	7,1	5,5
2015	16,5	11,6	6,4	4,2
2016	15,2	9,9	5,8	4,1
2017	12,8	8,4	5,1	2,4
2018	13,9	6,8	5,4	1,6

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de condiciones de vida. INE.

Con relación á porcentaxe de persoas incluídas no grupo de idade 0-59 anos e que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos do traballo no ano 2018 en Galicia alcanza o 11,1%, lixeiramente por encima da media de España, o 10,7%. Neste caso os datos provinciais (do ano 2017) indican que as máis afectadas son Pontevedra e Ourense.

**Táboa 1.3** Porcentaxe de persoas de 0 a 59 anos en fogares con baixa intensidade de ingresos do traballo. España e Galicia, 2008-2018

	España	Galicia
2008	6,6	7,6
2009	7,6	7,9
2010	10,8	12,2
2011	13,4	11,9
2012	14,3	14,7
2013	15,7	14,1
2014	17,1	14,9
2015	15,4	13,8
2016	14,9	13,6
2017	12,8	12
2018	10,7	11,1

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de condiciones de vida. INE.



Os datos máis recentes sobre a taxa de risco de pobreza, definida como a porcentaxe da poboación con ingresos inferiores ao do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo, permite observar que Galicia presenta no ano 2018 unha taxa de 18,8%, case tres puntos por debaixo da media nacional (21,5%). O último dato dispoñible, relativo ao ano 2018, mostra que, en Galicia, 506.633 persoas se atopan en risco de pobreza.


**Táboa 1.4** Taxa de risco de pobreza. España e Galicia. 2008-2018. Porcentaxes sobre a poboación total

	España	Galicia
2008	19,8	20,9
2009	20,4	20,6
2010	20,7	18,1
2011	20,6	16,1
2012	20,8	18,3
2013	20,4	17,2
2014	22,2	15,4
2015	22,1	19,4
2016	22,3	19
2017	21,6	18,7
2018	21,5	18,8

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta de condiciones de vida. INE.

A taxa de risco da pobreza presenta un comportamento bastante similar en homes e mulleres, coa excepción das datas situadas nos extremos do período analizado. Nesas momentos, as taxas de pobreza feminina son máis elevadas.


**Gráfico 1.10** Taxa de risco de pobreza por sexos. Galicia. 2000-2018



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa estrutural a fogares.

A análise da taxa de risco de pobreza ou exclusión social<sup>2</sup> mostra máis claramente a feminización da pobreza nas persoas maiores. Ademais, os fogares monoparentais, integrados por unha persoa adulta (maioritariamente mulleres) e con menores ao seu cargo, rexistran as porcentaxes máis elevadas de atoparse en risco de pobreza.

**Gráfico 1.11** Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) por sexo e idade, Galicia, 2011-2018




Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa estrutural a fogares.

<sup>2</sup> A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalguna das seguintes situacións: 1. En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo). 2. En carencia material severa. 3. Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.



O índice de Gini que mide a desigualdade na distribución da renda, e varía entre 0 (igualdade total) e 1, indica que a partir do ano 2015 a desigualdade en Galicia se reduce, alcanzando en 2018 un valor de 0,27. Tamén se observa unha maior desigualdade nas provincias da Coruña e Pontevedra, especialmente nas áreas que rodean as grandes cidades.


**Gráfico 1.12** Índice de Gini en Galicia e provincias, 2007-2018



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa estrutural a fogares.

Entre 2012 e 2018 obsérvase unha importante mellora na situación económica dos fogares galegos, ao verse reducida considerablemente a porcentaxe de fogares galegos con moita dificultade para chegar a fin de mes.


**Gráfico 1.13** Fogares con moita dificultade para chegar a fin de mes, Galicia, 2007-2018. Porcentaxes




Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa estrutural a fogares.

Por outra parte, os datos confirman a importancia das prestacións no conxunto de ingresos dos fogares e, dun xeito especial, na etapa de maiores dificultades económicas e laborais creadas pola crise económica.

**Gráfico 1.14** Porcentaxe de fogares segundo a tipoloxía de ingresos. Galicia. 2007-2018



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE-INE. Enquisa estrutural a fogares.



## CAPÍTULO 2

### INFORMACIÓN DIAGNÓSTICA PRECEDENTE SOBRE O SENFOGARISMO FEMININO E A VIOLENCIA DE XÉNERO

R. Díaz-Vázquez & M. Cancelo

Neste capítulo, comezamos realizando un breve repaso dos principais resultados sobre o senfogarismo feminino obtidos nos traballos de investigación desenvolvidos tanto no ámbito nacional como internacional. A continuación, enfócase a atención nos estudos e nos datos de Galicia, incluíndo tamén a análise dos datos relativos á violencia de xénero.

#### 2.1 Senfogarismo feminino en Europa e en España

Na revisión que realiza Bretherton (2017) dos estudos sobre o senfogarismo feminino, a maioría deles levados a cabo en Europa, apúntanse as seguintes liñas que amosarían que a experiencia do senfogarismo sería diferente para as mulleres:

- As mulleres experimentan algunhas formas de exclusión da vivenda en maior medida que os homes na maior parte de Europa.
- Obsérvanse importantes diferenzas entre o senfogarismo familiar (maioritariamente muller soa con fillos/as dependentes) e o senfogarismo das persoas solteiras ou similares. No primeiro caso é maioritario o caso da muller soa con fillos/as dependentes e a causa está moi ligada a situacións de violencia e maltrato, e inflúen pouco outros factores máis presentes no senfogarismo das persoas solteiras como a enfermidade mental ou as adiccións.
- Hai unha considerable diferenza nas causas do senfogarismo feminino sobre o masculino (por exemplo, a violencia doméstica). Isto implica que as súas traxectorias e necesidades non son exactamente as mesmas.
- As mulleres, a diferenza dos homes, tenden a confiar máis no apoio dos familiares ou coñecidos, e só recorren aos servizos sociais cando esas canles se esgotan. Moitas mulleres están en situación de senfogarismo “oculto”.
- Os tipos de senfogarismo nos que se centran a maioría dos estudos (sen teito) non recollen adecuadamente o senfogarismo feminino. Nalgúns países tampouco o reflicten as estatísticas, pois exclúen ás vítimas de violencia doméstica da definición de senfogar. Ademais, incluso nos recontos e estudos sobre senfogarismo na rúa non se recollen as cifras reais de mulleres nesa situación dado que estas tenden a ocultarse por medo.



Pola súa parte, os estudos desenvolvidos sobre o tema en España tamén insisten en que as traxectorias de senfogarismo difiren entre as mulleres e os homes. As desemeallanzas prodúcense tanto nas causas como na propia experiencia do senfogarismo, estando as mulleres nunha situación de maior vulnerabilidade (Cabrera, 2000; García, 2012). Para Díaz (2014), existen desigualdades na traxectoria entre as mulleres e os homes sen fogar, pero estas non serían homoxéneas para o conxunto das mulleres senón que interaccionan con outras variables (inmigrantes, orientación sexual...), aumentando a complexidade do termo “muller sen fogar”.

Sublíñase como feito relevante a presenza de malos tratos ao longo da traxectoria de vida das mulleres sen fogar, tanto antes como durante a súa estancia na rúa (Herrero, 2003; Luque, 2003; Vázquez et al., 2016). Unha violencia mantida no tempo e múltiple, na que se compaxinan o maltrato físico ou psicolóxico e o abuso sexual. Vázquez et al. (2016) observan unha elevada presenza de sucesos vitais estresantes nas mulleres sen fogar ao longo da súa vida, sendo especialmente rechamantes as porcentaxes de malos tratos e abuso sexual na infancia/adolescencia.

Fernández-Rasines y Gámez-Ramos (2013) conclúen que as mulleres sen fogar foron invisibilizadas e iso ten consecuencias nas políticas de intervención.

Debe terse en conta que moitos destes estudos levados a cabo en España realízanse sobre mostras pequenas, polo que cómpre avanzar na investigación neste eido.

Para dispoñer dalgúns datos que nos ofrezan unha visión panorámica sobre o senfogarismo feminino en España, temos que acudir á última Enquisa ás persoas sen fogar do INE que foi realizada no ano 2012. Recolle información sobre as condicións de vida das persoas sen fogar de 18 ou mais anos que foron usuarias dos centros asistenciais de aloxamento e/ou restauración sitos en concellos de máis de 20.000 habitantes.

No 2012, contabilizáronse 22.938 persoas sen fogar no conxunto de España, das que o 19,7% foron mulleres.


**Táboa 2.1** Persoas sen fogar en España por nacionalidade, sexo e grupos de idade. Ano 2012

	Total		Nacionalidade española		Nacionalidade estranxeira	
	nº	%	nº	%	nº	%
Total	22.938	100,0	12.425	100,0	10.513	100,0
<b>Sexo</b>						
Homes	18.425	80,3	9.855	79,3	8.570	81,5
Mulleres	4.513	19,7	2.570	20,7	1.943	18,5
<b>Grupos de idade</b>						
De 18 a 29 anos	4.434	19,3	1.026	8,2	3.408	32,4
De 30 a 44 anos	8.817	38,4	3.964	31,9	4.854	46,2
De 45 a 64 anos	8.808	38,4	6.790	54,7	2.018	19,2
Máis de 64 anos	879	3,9	645	5,2	233	2,2

Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar. 2012.


Como pode apreciarse nos seguintes gráficos, a meirande parte, máis do 75%, tanto dos homes como das mulleres sen fogar estaban desempregados, e a maioría tiñan a educación secundaria.

**Gráfico 2.1** Porcentaxe de persoas sen fogar por situación laboral na última semana e sexo. España. Ano 2012



Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar. 2012.

**Gráfico 2.2** Porcentaxe de persoas sen fogar por nivel de estudos e sexo. España. Ano 2012




Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar. 2012.



Nos datos que ofrece a enquisa do INE do 2012, e que se recollen no seguinte gráfico, obsérvase que o principal motivo polo que os homes quedan sen fogar é a perda do traballo, mentres que nas mulleres é maior a porcentaxe das que alegan “outras razóns”. Tamén chama a atención a diferenza no ítem “Ter sufrido violencia vostede ou os seus fillos/as”, onde a porcentaxe de mulleres é considerablemente maior que a dos homes.


**Gráfico 2.3** Porcentaxe de persoas sen fogar por razóns para abandonar o aloxamento que tiñan antes de verse sen fogar e sexo. España. Ano 2012



Nota: A suma de porcentaxes é maior que 100 debido a que é unha pregunta de resposta múltiple.  
 Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar.2012.

En canto ás cifras de persoas sen fogar con fillos/as, compróbase no seguinte gráfico que predominan os que non teñen fillos/as no caso dos homes pero, pola contra, a porcentaxe de mulleres con fillos/as é moi elevada, o 71,5%.

**Gráfico 2.4** Porcentaxe de homes e de mulleres sen fogar con fillos/as. España. Ano 2012



Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar. 2012

Son moitas as persoas sen fogar que son vítimas de delitos ou agresións. No 2012, as porcentaxes de homes e mulleres atendendo ao tipo de delito eran, en xeral, semellantes, excepto nos casos da agresión sexual, onde a porcentaxe para as mulleres era dun 24% fronte ao 1,5% dos homes, e no caso dos timos, onde a porcentaxe nas mulleres era dun 40%, sendo o 25,6% a dos homes.

**Táboa 2.2** Persoas sen fogar que foron vítimas dalgún delito ou agresión por tipo de delito ou agresión e sexo. España. Ano 2012

	Ambos sexos		Homes		Mulleres	
	persoas	% persoas	persoas	% persoas	persoas	% persoas
Total	11.692	100,0	9.560	100,0	2.132	100,0
Foi agredido/a	4.774	40,8	3.910	40,9	864	40,5
Roubaronlle cartos, pertenzas, documentación (pasaporte, DNI ..)	7.228	61,8	5.911	61,8	1.317	61,8
Sufriu algún tipo de agresión sexual	657	5,6	141	1,5	517	24,2
Timáronlle	3.312	28,3	2.450	25,6	862	40,5
Foi insultado/a ou ameazado/a	7.652	65,4	6.139	64,2	1.513	71,0
Outros	437	3,7	291	3,0	146	6,8

Nota: A suma das porcentaxes e maior que 100 debido a que é unha pregunta de resposta múltiple.

Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar. 2012.

Ademais da Enquisa sobre persoas sen fogar, o INE realiza cada dous anos unha enquisa sobre os centros e servizos de atención ás persoas sen fogar. A última foi no 2018. Comentaremos algúns dos datos da dita enquisa no seguinte punto relativo a Galicia.



## 2.2 Senfogarismo feminino en Galicia

As fontes de información e os informes máis destacados para aproximarnos á realidade do senfogarismo en Galicia son os seguintes:

- a) Informe sobre as persoas sen fogar en Galicia de 2010 realizado polo Valedor do Pobo.
- b) Enquisa a persoas sen fogar en España, realizada polo INE no 2012. Nela se ofrecen algúns datos para as Comunidades autónomas.
- c) Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar. Realízase o INE cada dous anos. A última corresponde ao 2018. Nela hai algúns datos por Comunidades autónomas.
- d) Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017. Trazos e propostas de intervención. Realizado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Cruz Vermella Española en Galicia. O documento foi publicado no 2018.

Publicouse tamén en 2018 a *Memoria da II Xornada sobre a situación das persoas sen fogar: recursos específicos*, celebrada en novembro de 2017 en Santiago de Compostela. Agora ben, ningún dos documentos e fontes sinaladas dedícase especificamente ao senfogarismo feminino.

Dado que no estudo realizado pola Xunta de Galicia no 2017 faise xa unha revisión dos datos para Galicia de persoas sen fogar, limitámonos a continuación a extraer dos anteditos documentos os datos que ofrecen información específica sobre o senfogarismo feminino. Deterémonos especialmente no mencionado estudo do 2017 dado que é o máis completo e recente dispoñible sobre o senfogarismo en Galicia.

### **a) Informe sobre as persoas sen fogar en Galicia de 2010 realizado polo Valedor do Pobo**

Nas conclusións e recomendacións do Informe sobre as persoas sen fogar en Galicia non se fan referencias expresas ao senfogarismo feminino.

### **b) Enquisa a persoas sen fogar en España realizada polo INE no 2012**

Segundo a enquisa a persoas sen fogar en España realizada polo INE, no 2012 habería en Galicia 1.903 persoas sen fogar, o que supón o 8,3% da poboación sen fogar do Estado. En Galicia, habería 133 persoas sen fogar por cada 100.000 habitantes (sendo 71,3 a media española). O 73% era de nacionalidade española.

**Táboa 2.3** Persoas sen fogar en Galicia por sexo e grupos de idade. Ano 2012

Persoas sen fogar		
	nº	%
Total	1.903	100,0
Sexo		
Homes	1.532	80,5
Mulleres	371	19,5
Grupos de idade		
De 18 a 29 anos	125	6,6
De 30 a 44 anos	758	39,8
De 45 a 64 anos	864	45,4
Máis de 64 anos	156	8,2

Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar. 2012.

Nesta enquisa só se obteñen os seguintes datos para Galicia nos que se diferencia polo sexo. Do total de persoas sen fogar en Galicia no 2012, o 80,5% eran homes (1.532) e o 19,5% eran mulleres (371). O 8,2% das mulleres sen fogar do Estado estaría sendo atendidas en Galicia. Segundo estes datos, a cifra de mulleres sen fogar teríase máis que triplicado entre 2005 e 2012, como se aprecia na seguinte táboa.

**Táboa 2.4** Variación no número de persoas sen fogar entre o 2005 e o 2012 por sexo

Persoas sen fogar			
	INE 2005	INE 2012	Variación
Homes	1.431	1.532	101
Mulleres	104	371	267
Total	1.535	1.903	368

Fonte: INE. Encuesta sobre las personas sin hogar. Anos 2005 e 2012.



### c) Enquisa sobre centros e servizos de atención a persoas sen fogar do INE do 2018.

Segundo esta enquisa, en Galicia habería 73 centros no 2018, o que supón un incremento sobre os 60 rexistrados na enquisa de 2016 e os 52 do 2014. No seguinte gráfico represéntase o número de centros no 2018, clasificados en función da súa actividade principal. A cifra máis alta, 20, correspondería ás Casas ou Centros de acollida, seguida dos 14 pisos ou apartamentos de acollida temporal.


**Gráfico 2.5** Número de centros de atención a persoas sen fogar en Galicia en función da súa actividade principal. Ano 2018

10	Albergue/Centro de acollida nocturno						
20	Casa de acollida/ Centro de acollida						
	Piso/apartamento de acollida inmediata						
14	Piso/apartamento de acollida temporal						
1	Piso/apartamento de inserción social						
2	Residencia						
12	Comedor social						
10	Centro de día/ Obradoiro ocupacional						
4	Outro						
<b>Total de centros</b>							<b>73</b>

Fonte: INE. Encuesta sobre centros y servicios de atención a personas sin hogar. 2018.

Como se reflicte no seguinte gráfico, en 39 dos 73 centros non se atende ningunha situación específica. Entre os restantes, hai 7 para mulleres vítimas de violencia de xénero e 1 para as mulleres vítimas de trata ou prostitución. Estas cifras son inferiores aos 8 e 4, respectivamente, que había en 2016.

**Gráfico 2.6** Número de centros nos que se atendem situacións específicas en Galicia. Ano 2018




Nota: cada centro pode atender máis dunha situación específica.

Fonte: INE. Encuesta sobre centros y servicios de atención a personas sin hogar. 2018.

Non son moitos os datos para as Comunidades autónomas que ofrezan información separada por sexo nesta enquisa. Como novidade, no 2018 incorpóranse os seguintes dous datos sobre as mulleres: o número de prazas de aloxamento ocupadas por mulleres e o número de mulleres atendidas na rúa. Ofrécese os datos para o 15 de xuño, para o 14 de decembro e os datos medios. Recollemos nos seguintes gráficos os datos medios.

Segundo estes datos, o 82% das 1.304 prazas de aloxamento existentes en Galicia estarían ocupadas, das cales o 26% as ocuparían mulleres. O 38,5% das 187 persoas atendidas na rúa serían mulleres.


**Gráfico 2.7** Número medio de prazas de aloxamento existentes e ocupadas en Galicia no 2018



Fonte: INE. Encuesta sobre centros y servicios de atención a personas sin hogar. 2018.



**Gráfico 2.8** Número medio de persoas atendidas e atendendo na rúa en Galicia no 2018



Fonte: INE. Encuesta sobre centros y servicios de atención a personas sin hogar. 2018.

#### **d) Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017. Trazos e propostas de intervención.**

Como xa sinalamos anteriormente, deterémonos algo máis neste estudo por ser o máis completo e recente sobre o senfogarismo en Galicia. É o resultado dun traballo conxunto entre a Xunta de Galicia e a Cruz Vermella Española en Galicia e enmárcase dentro da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020. Como nel se expón, céntrase nas categorías A (sen teito) e B (sen vivenda) da clasificación ETHOS.

No estudo lévanse a cabo as seguintes actividades para chegar á diagnose e ás propostas de mellora: enquisa a persoas sen teito en Galicia; estudo sobre as persoas sen fogar atendidas pola Cruz Vermella Española en Galicia; mesas temáticas; panel de persoas expertas; entrevistas a responsables dos programas de atención a persoas sen fogar en Galicia; e historias de caso.

Revisamos, a continuación, a documentación sobre as actividades enumeradas co obxecto de extraer toda a información relativa ás mulleres que poida ser relevante para a contextualización do senfogarismo feminino en Galicia.

##### **d.1 Enquisa a persoas sen teito en Galicia, 2017**

En marzo de 2017, realizouse un recuento das persoas sen teito nas sete grandes cidades de Galicia. Localizaron 340 persoas sen fogar, das que o 11,5% eran mulleres (39) e o 88,5% homes (297) (nos outros catro casos non se rexistrou o sexo). Como se indica no informe, a porcentaxe feminina era oito puntos máis baixa que a que se indicara na Enquisa a persoas sen fogar do 2012 polo INE. Agora ben, no mesmo informe puntualízase que a dita variación “non estaría indicando necesariamente unha redución no número de mulleres, dado que podería relacionarse cunha menor presenza de mulleres na categoría de senfogarismo que refire ás persoas sen teito –que son ás que accedeu principalmente o recuento-, pero non así noutras relativas a outras situacións” (Xunta de Galicia, 2018, p. 22). Das 340 persoas localizadas entrevistaron a 204, pero non se ofrecen resultados separados por sexo.

##### **d.2 Estudo sobre as persoas sen fogar atendidas por Cruz Vermella en Galicia**

Máis reveladores para o tema que nos ocupa, por ofrecer información desagregada por sexo, son os resultados da análise realizada por Graciela Malgesini e Carlos Martínez de Ibarreta (Xunta de Galicia, 2018) sobre a base de datos de Intervención Social da Cruz Vermella Española en Galicia. Nesta base de datos había 12.062 persoas rexistradas o 1 de xaneiro de 2017, das cales 1.263 eran persoas sen fogar. Dentro dese grupo predominan as persoas sen teito (38%) e as que viven en habitacións ou cambian con frecuencia de vivenda (44%).

En relación coas persoas sen teito atendidas por esta institución, obtivéronse os seguintes datos sobre as mulleres:

- As mulleres representan en torno ao 15% das persoas sen teito atendidas (61 mulleres).
- As mulleres sen teito son algo máis novas que os homes (40,9 anos fronte aos 46 dos homes).
- As mulleres están, con maior frecuencia, casadas ou viúvas e, en menor medida, solteiras (o 50,9% están solteiras mentres que o está o 61,7 % dos homes).
- Ao igual que no caso dos homes, a gran maioría están desempregadas, pero é maior a porcentaxe de mulleres xubiladas ou pensionistas (o 12,5 % fronte ao 5,5% dos homes).
- Destaca a maior porcentaxe de mulleres sen estudos (26%), con respecto aos homes (4,5%). Ningunha ten estudos universitarios (o 4,5 % dos homes os teñen).
- O mesmo que sucede cos homes, a meirande parte das mulleres sen teito é de nacionalidade española (63,8%). En segundo lugar, atópanse as de orixe portuguesa (9,4%), romanesa (5,9%) ou marroquí (2,3%). Con respecto á dos homes, é maior a porcentaxe das que proceden de América Latina e menor a que chega de Europa.
- En canto aos factores de risco, preséntanse as diferenzas por sexo en 39 deles. Hai maior porcentaxe de mulleres que sinalan entre os principais factores de risco non ter permiso de residencia e as responsabilidades familiares, ter fillos/as ao cargo. Un 6,9% teñen familias monoparentais, fronte a un 0,2% dos homes. Tamén hai algúns factores que afectan exclusivamente ás mulleres e outros exclusivamente aos homes. Entre os que afectan unicamente ás mulleres figuran acoso (2,8%), racismo e xenofobia (2,8%) e depresión (1,4%).

Do outro grupo, o das persoas que viven nun cuarto ou que cambian con frecuencia de vivenda, non se ofrecen datos separados por sexo. Unicamente indícase que é máis alta a presenza de mulleres, ao superar o 40%.

### **d.3 Achegas do panel de persoas expertas para a diagnose**

Considérase o senfogarismo como un “proceso xerado como consecuencia da interacción dinámica entre catro grandes grupos de causas –estruturais, institucionais, relacionais e persoais–, que normalmente aparecen de forma simultánea ou combinada” (Xunta de Galicia, 2018, p. 45).

Nas achegas das persoas expertas, non figura no informe ningún comentario específico sobre a perspectiva de xénero ou sobre as mulleres nas causas estruturais nin nas institucionais, pero si nas relacionais e persoais.

Nas relacionais indícase que:

*“Sendo importante a incorporación da perspectiva de xénero en calquera das causas determinantes que se agrupan neste documento, aínda é máis necesaria na abordaxe das causas relacionais, para tratar de explicar porque hai máis homes que mulleres na rúa, que carecen dun teito. Os homes e as mulleres teñen distintas estratexias de supervivencia ante as adversidades deste calibre. As mulleres acoden en maior medida aos Servizos Sociais e ás entidades. Presentan, con carácter xeral, máis habilidades de xestión emocional.” (Xunta de Galicia, 2018, p. 50)*



En canto ás persoais, destacou que:

*“É difícil atopar recursos para o aloxamento das mulleres e programas especificamente dirixidos a elas. As mulleres en situación de rúa experimentan moitos máis perigos. Os programas existentes parecen estar dirixidos a reproducir o tema de xénero, polo tipo de formación e empregos que se lles propoñen nos procesos de inclusión. Considérase necesario traballar para mellorar a atención e as respostas previstas a determinados grupos de persoas en situación de senfogarismo: mulleres, persoas transexuais, persoas con parella, as que teñen mascota, entre outros. É probable que esta conveniente adaptación dos recursos, a través da formación do persoal e do acondicionamento de espazos, requira dun investimento económico.” (Xunta de Galicia, 2018, p. 51-2)*

#### **d.4 Achegas das mesas temáticas do seminario sobre o senfogarismo en Galicia para a diagnose**

Ás persoas participantes nas mesas temáticas preguntóuselles se existían problemas específicos na atención ás mulleres. Os comentarios que se incluíron ao respecto foron os seguintes:

*“Polo xeral os estudos reflicten que está a aumentar o número de mulleres en situacións extremas e vulnerables, especialmente entre as que están en situación administrativa irregular. As mulleres están máis presentes na terceira e cuarta tipoloxía Ethos (relativas ás persoas que residen en vivendas inseguras e vivendas inadecuadas).” (Xunta de Galicia, 2018, p. 63-4)*

*“As mulleres sen fogar na rúa son especialmente vulnerables polas situacións de abuso ás que teñen que facer fronte, e cando chegan á rúa están máis desestruturadas e necesitan máis axuda. Ademais, moitos recursos están masculinizados (...)” (Xunta de Galicia, 2018, p. 64)*

#### **d.5 Entrevistas ás persoas responsables dos programas de atención**

Tamén preguntóuselles ás persoas responsables dos programas de atención polos problemas que se observan nas mulleres sen fogar ás que atenden. Os que recibiron unha maior frecuencia de resposta foron o “carecer de ingresos suficientes” e a “violencia de xénero”. Figuran a continuación “carecer de redes de apoio”, “dedicarse á prostitución”, “adiccións” e “enfermidade mental”. O resto dos problemas son menos frecuentes. (Xunta de Galicia, 2018, p.67).

## **2.3 Violencia de xénero en Galicia.**

*“Todo acto de violencia que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na vida privada”. Así é definida pola ONU a violencia contra as mulleres, que ademais considera a violencia contra mulleres e nenas como unha das “violacións dos dereitos humanos máis estendidas, persistentes e devastadoras do mundo actual”.*

En Galicia, coa finalidade de combater este grave problema, aprobouse a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que garante ás mulleres unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica que debe ser integral, e prevé tamén a habilitación á Xunta de Galicia para lles establecer unha prestación económica ás mulleres que sofren violencia de xénero. Esta lei foi modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, co obxectivo de incluír como forma de violencia de xénero a definición de trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual coherente coa do Código penal e as

definición internacionais, e para garantir a incorporación desta forma de violencia de xénero como beneficiaria da axuda periódica.


A lexislación tamén incorpora a obrigatoriedade do Goberno da Xunta de Galicia de emitir un informe anual sobre a situación da violencia de xénero de Galicia, que debe ser remitido ao Parlamento de Galicia. Sendo este o informe de síntese máis completo que se pode atopar para a nosa Comunidade autónoma, "Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 2018", será a referencia tida en conta para a elaboración desta sección, ademais doutras fontes estatísticas do IGE, INE ou o Ministerio.

A través das fontes manexadas, analízanse os principais indicadores usados habitualmente para dar visibilidade á magnitude da violencia de xénero en Galicia: o número de chamadas ao 016, o número de usuarias do servizo telefónico de Atención e protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO), o número de denuncias e o número de vítimas mortais.

### Número de chamadas ao 016

O servizo 016 de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero forma parte do Catálogo de medidas urxentes na loita contra a violencia de xénero aprobado en Consello de Ministros o 15 de decembro de 2006 e que foi posto en funcionamento o 3 de setembro de 2007. Nesta variable contabilízanse o número total de chamadas, non dispoñendo de datos (por razóns de confidencialidade) das persoas que chamaron máis dunha vez. O servizo púxose en marcha co obxectivo de facilitar información e asesoramento xurídico ás vítimas de violencia de xénero en todo o territorio español, con independencia do seu lugar de residencia.

**Gráfico 2.9** Evolución do número de chamadas ao servizo telefónico 016



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de violencia de xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España.

O número de chamadas ao 016 en Galicia no ano 2018 acadou un total de 3.057, representando o 4,2% das que se produciron no conxunto do Estado. A súa evolución foi, tanto en Galicia como no conxunto español, dunha redución importante no ano 2012, pasando a aumentar as mesmas entre os anos 2013 e o 2016, e cunha tendencia á diminución nos últimos dous anos analizados. No conxunto do período, en Galicia redúcese en 43 as chamadas a este servizo (cunha variación media anual do -0,2%) mentres que en España aumentaron en 5.758, polo que a variación media anual foi do 1%.

**Táboa 2.5** Número de chamadas ao 016 en Galicia e España. 2010-2018

	Número		Taxas de variación anual		% Galicia/ España
	España	Galicia	España	Galicia	
2010	67.696	3.100			4,6
2011	70.679	3.319	4,4	7,1	4,7
2012	55.810	2.556	-21,0	-23,0	4,6
2013	58.274	2.714	4,4	6,2	4,7
2014	68.651	2.901	17,8	6,9	4,2
2015	81.992	3.715	19,4	28,1	4,5
2016	85.318	4.033	4,1	8,6	4,7
2017	77.796	3.473	-8,8	-13,9	4,5
2018	73.454	3.057	-5,6	-12,0	4,2
2018-10	5.758	-43			
tva 2018/10	1,0	-0,2			


Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de violencia de xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España.

## Datos do servizo ATENPRO

O Servizo telefónico de Atención e protección para vítimas de violencia de xénero creouse para cubrir unha das medidas contempladas no Plan de medidas urxentes para a prevención da violencia de xénero, aprobado polo Consello de Ministros de 7 de maio de 2004, que establece a cobertura dun servizo de teleasistencia móbil para as vítimas de violencia de xénero que comeza a funcionar en decembro de 2005 e foi substituído polo actual ATENPRO dende o ano 2010.

O servizo consiste en proporcionar ás vítimas de violencia de xénero, mediante a tecnoloxía axeitada, unha atención inmediata, ante as eventualidades que lles poidan sobrevir, durante as 24 horas do día, os 365 días do ano, sexa cal sexa o lugar no que se atopen. Este servizo pódono solicitar as vítimas que cumpran unha serie de requisitos, como non convivir coa persoa ou persoas que lles someteron a malos tratos e participar nos programas de atención especializada para vítimas da violencia de xénero ofertados no seu territorio autonómico.

**Gráfico 2.10** Evolución do número de usuarias do servizo telefónico de Atención e protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO) en Galicia e España.



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de violencia de xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España.

O número de usuarias do servizo ATENPRO en Galicia acadou as 534 no ano 2018, representando o 4% do conxunto do Estado. A evolución, no conxunto do período analizado, foi similar en Galicia e na media española, medrando o número de usuarias cunha variación media anual do 5,7% (190 usuarias máis) en Galicia e un 5,4% en España (4.559 usuarias máis).

No gráfico anterior pódese observar como as traxectorias galega e española non coinciden, como no caso das chamadas ao 016. Nos dous primeiros anos da mostra, 2011 e 2012, prodúcese os maiores aumentos deste indicador en Galicia, 15 e 14%, mentres que en España no ano 2012 prodúcese unha diminución do mesmo. Nos anos 2013 e 2015 o crecemento do número de usuarias en Galicia é sensiblemente menor que na media estatal (1,5 fronte ao 11% e 0% fronte ao 3,7%) e no ano 2014 en Galicia decrece o número de usuarias (-5%) mentres que no conxunto español medra un 3,7%. No ano 2018, en Galicia decaen o número de usuarios nun -1,7% (despois da subida que tivo no ano anterior, 10%), a pesar de que no Estado o aumento é do 7%.


**Táboa 2.6** Número de usuarias do servizo telefónico de Atención e protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO) en Galicia e España. 2010-2018

	Número de usuarias		Taxas de variación anual		% Galicia/España
	España	Galicia	España	Galicia	
2010	8.801	344			3,9
2011	9.912	396	12,6	15,1	4,0
2012	9.382	452	-5,3	14,1	4,8
2013	10.410	459	11,0	1,5	4,4
2014	10.473	436	0,6	-5,0	4,2
2015	10.861	436	3,7	0,0	4,0
2016	11.457	493	5,5	13,1	4,3
2017	12.452	543	8,7	10,1	4,4
2018	13.360	534	7,3	-1,7	4,0
2018-10	4.559	190			
tva 2018/10	5,4	5,7			

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de violencia de xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España.

### Número de denuncias por violencia de xénero

Nesta sección, recóllense as denuncias por violencia presentada pola vítima, ou familia, en xulgados ou policía, atestados policiais con denuncia da vítima ou familiares, atestados policiais con intervención directa, parte de lesións ou servizo de asistencia e terceiros, en xeral. Pode recoller, para unha vítima, máis dunha denuncia interposta independentemente da súa orixe.

**Gráfico 2.11** Evolución do número de denuncias, por millón de mulleres, por violencia de xénero en Galicia e España

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Datos das fontes dos Ministerios de Interior e Seguridade Social.

Atendendo o número de denuncias por violencia de xénero por cada millón de mulleres, en Galicia no ano 2018 producíronse 4.683, un 66,8% da media española (7.010). A evolución ao longo do período analizado é similar en ambos os casos con lixeiras diferenzas. Así, nos dous primeiros anos, descende o número de denuncias en ambos casos, sendo maiores as caídas no caso galego (-2,2% e -6,9% fronte ao -0,5% e -4,3%). Con todo, a partir do ano 2012 en Galicia o número de denuncias vai aumentando ano a ano, producíndose o maior aumento no ano 2017 (13,6%). En España tamén se produce o maior aumento nas denuncias nese ano, 15,5%, pero no ano 2018 as denuncias diminúen lixeiramente (-0,1%). No conxunto do período as denuncias en Galicia aumentan en 1.003, cunha variación media anual do 3,1%, sendo menor o aumento no conxunto do Estado (1.316 e un crecemento medio anual do 2,6%).

**Táboa 2.7** Número de denuncias, por millón de mulleres, por violencia de xénero en Galicia e España. 2010-2018

	Por millón de mulleres		Taxas de variación anual		% Galicia/ España
	España	Galicia	España	Galicia	
2010	5.694	3.680			64,6
2011	5.663	3.600	-0,5	-2,2	63,6
2012	5.419	3.353	-4,3	-6,9	61,9
2013	5.279	3.639	-2,6	8,5	68,9
2014	5.367	3.681	1,7	1,2	68,6
2015	5.472	3.701	2,0	0,5	67,6
2016	6.071	4.054	10,9	9,5	66,8
2017	7.014	4.606	15,5	13,6	65,7
2018	7.010	4.683	-0,1	1,7	66,8
2018-10	1.316	1.003			
tva 2018/10	2,6	3,1			


Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Datos das fontes dos ministerios de Interior e Seguridade Social.



### Número de vítimas mortais por violencia de xénero.

Para rematar, analízanse as vítimas mortais por violencia de xénero nos termos da Ley orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de medidas de protección integral contra la violencia de género. A información refírese, polo tanto, a casos de mulleres mortas a mans das súas parellas ou ex-parellas, e os datos baséanse nos correspondentes informes individualizados.

**Gráfico 2.12** Evolución no número de vítimas mortais por violencia de xénero, por millón de mulleres. Galicia e España



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Datos das fontes dos Ministerios de Interior e Seguridade Social.

Os datos da evolución do número de vítimas mortais por violencia de xénero, por cada millón de mulleres, en Galicia foron desiguais ao longo do período, medrando dende o ano 2010 (1,4 vítimas por millón de mulleres) ata o ano 2015, ano negro (xunto co 2014) ao producirse na Comunidade autónoma 5,6 vítimas por cada millón de mulleres. Nos anos 2016 e 2017 o número de vítimas mortais vanse reducindo ata chegar ás 2,1 vítimas mortais por cada millón de mulleres, sendo o número de mortes en Galicia similar ao que aconteceu no conxunto de España.

**Táboa 2.8** Número de vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia e España. 2010-2018

	Número		Taxas de variación anual		% Galicia/ España
	España	Galicia	España	Galicia	
2010	73	2			2,7
2011	62	3	-15,1	50,0	4,8
2012	52	4	-16,1	33,3	7,7
2013	54	3	3,8	-25,0	5,6
2014	55	6	1,9	100,0	10,9
2015	60	8	9,1	33,3	13,3
2016	49	4	-18,3	-50,0	8,2
2017	51	2	4,1	-50,0	3,9
2018	47	3	-7,8	50,0	6,4
Suma 2010-18	503	35			7,0

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE. Datos das fontes dos Ministerios de Interior e Seguridade Social.

En termos absolutos, no ano 2018 producíronse 3 mortes por violencia de xénero en Galicia e 47 en España, polo que o 6,4% do total de falecementos se produciron na nosa Comunidade autónoma. Os peores anos da serie, como xa se sinalou, corresponderon aos anos 2015 e 2014, ao morrer 6 e 8 mulleres en Galicia, representando o 10,9% e o 13,3% do total de mortes que se produciron no conxunto do Estado.

Entre os anos 2010 e 2018 en España morreron 503 mulleres vítimas de violencia de xénero das cales o 7%, 35, fixérono en Galicia.

Os esforzos para conseguir eliminar esta lacra da sociedade teñen, polo tanto, que continuar na axenda política dos gobernos nos distintos ámbitos da administración (estatal, autonómico e local). En Galicia, ademais, os datos apuntan a que é necesario incrementar os esforzos e recursos destinados a motivar a denuncia dos casos de violencia de xénero, ao producirse un menor número de denuncias e uso dos servizos de apoio que na media española, pero un maior número de vítimas mortais.

A decorative graphic on the left side of the page. It features a large green triangle pointing right, which contains a black icon of a spiral-bound notebook. Below the notebook icon is a black arrow pointing upwards. The background consists of several overlapping geometric shapes in shades of green and grey, separated by white lines.

## PARTE II

### TRABALLO DE CAMPO

Nesta parte preséntanse os principais resultados das enquisas realizadas ás persoas responsables dos centros entrevistados (ver táboa 1.1.) e das enquisas ás mulleres usuarias dos ditos centros, así como os resultados das entrevistas a expertas.

O obxectivo deste traballo de campo é coñecer a visión que dende os centros se ten dos servizos prestados e da atención ás persoas sen fogar, especialmente ás mulleres, así como a valoración das propias mulleres usuarias dos centros e, a partir deses resultados, contar coa perspectiva de persoas expertas na temática.

## CAPÍTULO 3

### RESULTADOS DA ENQUISA ÁS PERSOAS RESPONSABLES DOS CENTROS

E. Vázquez-Rozas, L. Benito & R. Díaz-Vázquez

Neste capítulo preséntanse os resultados obtidos a partir das respostas da enquisa ás persoas responsables dos centros. Entre os meses de setembro e outubro de 2019 foron entrevistadas as persoas responsables de centros da Rede de atención ás persoas sen fogar (en adiante Centros PSF) e de centros da Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero (en adiante Rede VVX) nas sete principais cidades de Galicia. En total participaron 27 centros nesta primeira fase do proxecto, que contestaron ao cuestionario que se engade no anexo I, cuxos resultados máis relevantes preséntanse neste capítulo. A ficha técnica da enquisa se presenta na táboa seguinte:

**Táboa 3.1** Ficha técnica da enquisa a centros

Plan de mostraxe	
Ámbito	Galicia
Poboación	Centros da rede de atención a persoas sen fogar de Galicia (N=73, fonte: Dirección Xeral de Inclusión Social. Consellería de Política social da Xunta de Galicia)
Tamaño da mostra	27 enquisas válidas
Tipo de entrevista	Técnica mixta: entrevista persoal telefónica combinada con correo web
Método de mostraxe	Mostraxe por cotas buscando representación mínima das sete cidades galegas
Erro de mostraxe	+ 15,2% Nivel de confianza 95% (p=q=0,5)
Traballo de campo	Setembro e outubro de 2019

Fonte: Elaboración propia.

Eses 27 centros se distribúen do seguinte xeito: 8 Albergues<sup>1</sup>, 7 Comedores sociais, 5 Centros de acollida e inclusión, 3 centros de atención continuada; ademais de varios centros da Rede: 3 casas de acollida e 1 piso tutelado, e 1 centro de recuperación integral para mulleres VVX. De entre todos eles hai 9 centros especificamente dirixidos ás mulleres, o que representa un 33%

<sup>1</sup> Un centro catalogado como Albergue fai constar que é tamén Centro de Acollida e Inclusión, Comedor social e Centro de Atención Continuada.



do total da mostra. Os centros sitúanse nas sete principais cidades de Galicia (ver táboa 1.1.), e distribúense xeograficamente como segue: 5 centros en Santiago de Compostela e A Coruña, 4 en Ferrol, Ourense, Vigo e Pontevedra, e 1 en Lugo.

Nos centros que ofrecen atención nocturna a media por centro de habitacións para mulleres é de 7,5 (7,7 nos centros PSF e 6 nos centros da Rede VVX), mentres que nos centros de acollida básica a media é de 4,0 cuartos para mulleres (3,7 se consideramos só os centros PSF). De entre os centros da Rede VVX responderon dous que indican que teñen de media 6 cuartos para mulleres.

Os centros consultados con atención nocturna teñen por termo medio un módulo para familias, e un de cada 10 dispón de habitacións para parellas. Nun de cada 10 Centros PSF consultados teñen un módulo para familias e un módulo para parellas. Dentro da Rede VVX as dúas respostas neste apartado indican que a media é de 8 módulos para familias .

## Persoal

O número de persoas que traballan no total dos 27 centros consultados é dispar, sendo 9 a media de traballadores e traballadoras por centro: 9,6 nos centros PSF e 7 nos da Rede VVX.

Todos os centros consultados contan con persoal especializado en atención social, e un 26% contan con persoal para o mantemento da seguridade.

O 76,2% dos centros non específicos para a atención a mulleres VVX contan con persoal específico para atención das mulleres sen fogar (e un 20% dos centros da Rede), e o 58% contan con persoal específico para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero (un 100% da Rede).

Ademais do total de centros consultados, un 33% conta con persoal especializado en atención sanitaria (un 32% dos centros PSF e un 40% dos centros da Rede VVX).

## Mulleres atendidas

En relación á poboación atendida nos centros, nos centros PSF atendéronse por termo medio a 317 mulleres no ano 2018. Considerando todos os centros consultados, atendéronse por termo medio a 137 mulleres sen fogar, e á pregunta "Dentro delas, cantas lle consta que poderían ter sufrido ou sofren violencia de xénero?", a resposta media foi de 31 (no caso dos centros PSF, a resposta media foi de 32,2 mulleres).

## Perfil das mulleres sen fogar atendidas nos centros

A información ofrecida polas persoas responsables dos 27 centros respecto ao perfil das mulleres usuarias se presenta na táboa seguinte, diferenciando os casos das mulleres VVX. Máis da metade das mulleres sen fogar atendidas nos centros son españolas, cunha idade media de 41 anos. Unha cuarta parte son nais de menores ao seu cargo (no caso das mulleres atendidas pola Rede esta porcentaxe elévase considerablemente, aínda que este resultado debe ser tomado con cautela pola limitada submostra), e tamén unha de cada catro acoden ao centro coa súa parella. Encóntranse diferenzas co perfil das mulleres VVX, pois neste caso son de menor idade (38 anos); ademais neste caso moi poucas acoden coa súa parella ao centro, ningunha se é a un centro da Rede. Destaca a diferenza no peso das persoas inmigrantes en situación irregular, maior entre as mulleres en conxunto que entre aquelas que son vítimas de violencia de xénero.

**Táboa 3.2** Información ofrecida dende os centros: perfil das mulleres usuarias

	Mulleres	Mulleres VVX		
		Total	Non Rede	Rede
Idade	40,8	38,2	38,7	38,6
% con fillos/as menores a cargo	24,9	28,7	12,6	61,0
% acuden con parella	23,6	3,4	4,6	0,0
% españolas	55,1	55,0	57,1	48,7
% inmigrante irregular	27,1	20,6	20,5	20,6

Fonte: Elaboración propia.

### Coñecemento do centro por parte das persoas usuarias

Preguntóuselles ás persoas responsables sobre a súa percepción sobre a forma máis habitual en que as persoas usuarias tiveron coñecemento do centro, obténdose os resultados da táboa seguinte para a media da mostra; datos que se representan no gráfico que acompaña a táboa. Obsérvanse diferenzas claras entre homes e mulleres. Mentres que para os homes a principal vía de coñecemento (valoración 3.8 sobre 5) é a de ser transeúntes, é dicir, a imposibilidade de permanecer noutros centros anteriores, seguida da información doutras persoas que se atoparon ou se atopan en situacións similares; para o caso das mulleres é por información en asociacións, parroquia, ONGs, etc., ademais do coñecemento obtido a partir da atención dos servizos sociais. Destaca que o coñecemento do centro por recomendación ou derivación dos servizos policiais, tras denunciar á persoa agresora, é pouco común, aínda que é máis habitual entre as mulleres (1,6) que entre os homes (1,2).


**Táboa 3.3** Coñecemento do centro por parte das persoas usuarias. Valoración media dos centros entrevistados (1 nada habitual a 5 moi habitual)

	Homes	Mulleres
1. Servizos sociais	2,9	3,4
2. Policía na rúa	1,6	1,8
3. Similares	3,7	3,1
4. Veciños	1,4	1,4
5. Asociacións	3,5	3,6
6. Servizos VX	1,4	2,1
7. Policía-denuncia	1,2	1,6
8. Transeúntes	3,8	3,3

Fonte: Elaboración propia.



**Gráfico 3.1** Coñecemento do centro por parte das persoas usuarias. Valoración media dos centros entrevistados (1 nada habitual a 5 moi habitual)



Fonte: Elaboración propia.

Para as mulleres vítimas de violencia de xénero, o coñecemento do centro preséntase na táboa e gráfico seguintes, diferenciando entre as valoracións achegadas polas persoas responsables dos centros PSF e os centros da Rede CXX.

**Táboa 3.4** Coñecemento do centro por parte das mulleres VVX. Valoración media dos centros entrevistados (1 nada habitual a 5 moi habitual)


	Centros PSF	Rede VVX
1. Servizos sociais	2,6	3,7
2. Policía na rúa	2,1	1,0
3. Similares	2,4	1,5
4. Veciños	1,2	1,0
5. Asociacións	3,3	1,7
6. Servizos VX	2,5	4,5
7. Policía-denuncia	2,0	3,3
8. Transeúntes	2,3	1,0

Fonte: Elaboración propia.

Para as mulleres VVX usuarias de centros PSF a principal vía de coñecemento é por información de asociacións, parroquias ou ONG, cunha valoración de 3,3 sobre 5, seguida da recibida dos servizos sociais. As diferenzas deste grupo coas mulleres VVX atendidas pola Rede VVX son claras: neste caso é a atención dos servizos específicos para vítimas de violencia de xénero da que máis habitualmente obteñen información, cunha valoración de 4,5 sobre 5, seguida da obtida dos servizos sociais (3,7) e da recomendación dos servizos policiais tras denunciar unha agresión (3,3). O coñecemento dos centros de atención moi raramente provén da información recibida das persoas que viven na mesma área (1,2 e 1,0 son as valoracións para as usuarias dos centros

PSF e centros da Rede VVX respectivamente). Por outra parte non é nada habitual que as mulleres atendidas na Rede VVX acudan ao centro por imposibilidade de permanecer noutros centros (transeúntes), sendo algo máis común entre as mulleres atendidas en centros PSF.

**Gráfico 3.2** Coñecemento do centro por parte das mulleres VVX. Valoración media dos centros entrevistados (1 nada habitual a 5 moi habitual)




Fonte: Elaboración propia.

### Situación residencial anterior e actual

Na táboa seguinte preséntanse os resultados medios relativos á valoración que dende os 27 centros se fai sobre a situación residencial das persoas usuarias dos centros, tanto a situación inmediatamente anterior, como a situación residencial actual, a cal se presenta tamén no gráfico seguinte.

**Gráfico 3.3** Situación residencial anterior. Valoración media dos centros (1 nada habitual a 5 moi habitual)



Fonte: Elaboración propia.



Non se encontran diferenzas moi elevadas na apreciación sobre a situación residencial pasada e actual, tanto para os homes como para as mulleres e as mulleres vítimas de violencia de xénero, aínda que esas diferenzas son maiores no caso das mulleres. Así, no caso das mulleres que antes de ser usuarias do centro residían coa familia ou con amizades, o que se valorou cunha puntuación media de 2,9, pasa a unha valoración de 2,1 na situación residencial actual (e de 2,0 para as mulleres VVX), o que pode indicar que nos primeiros momentos as mulleres recorren aos seus vínculos de familia o amizade que cobren as súas necesidades de vivenda, pero por un tempo limitado.

Porén, obsérvanse diferenzas claras entre homes e mulleres. Así, no caso dos homes, é habitual que vivisen na rúa, a valoración media é de 4,1 e de 3,8 para a residencia pasada e actual respectivamente. Séguelle cunha valoración de 3,8 e 3,9 a situación residencial de paso a outras cidades ou itinerante, e vivir nunha pensión ou hostel cun 3,3 e 3,1 de valoración media. No caso das mulleres as valoracións medias máis altas corresponden á residencia anterior en itinerancia e en pensión cun valor de 3,1, seguida de familia e amizade con 2,9, neste caso a valoración baixa a 2,0 para a residencia actual como xa se sinalou. No caso das mulleres VVX no seu conxunto, sen diferenciar se son usuarias dos centros da Rede VVX ou non, o máis habitual é que antes da chegada aos centros, vivisen con familiares ou amizades (2,9), pero tamén en pensións (2,4) ou na propia vivenda (2,4). Destaca que é máis habitual que as mulleres VVX residan en vivenda propia (2,2) que o conxunto das mulleres (1,6) e dos homes (1,6).

**Táboa 3.5** Situación residencial anterior e actual. Valoración media dos centros (1 nada habitual a 5 moi habitual)

	Homes		Mulleres		Mulleres VVX	
	antes	hoxe	antes	hoxe	antes	hoxe
1. Rúa	4,1	3,8	2,8	2,9	2,0	1,6
2. Institución réxime aberto	2,1	2,1	2,1	2,0	1,5	1,9
3. Itinerante	3,8	3,9	3,1	2,7	2,1	2,2
4. Familia/amizades	2,4	1,9	2,9	2,0	2,9	2,2
5. Pensión	3,3	3,1	3,1	2,7	2,4	2,3
6. Vivenda ocupada	2,6	2,7	2,1	2,1	1,6	1,4
7. Vivenda propia	1,6	1,6	1,7	1,6	2,4	2,2

Fonte: Elaboración propia.

Na táboa seguinte preséntanse de forma diferenciada os casos das mulleres VVX segundo sexan usuarias ou non da Rede VVX. As diferenzas máis significativas corresponden á residencia en vivenda propia, o cal é moito máis habitual nas mulleres usuarias da Rede VVX (valoración 4 sobre 5) que no caso das mulleres usuarias de centros PSF (valoración 1,4 na situación actual). A residencia actual con familiares ou amizade é tamén máis habitual entre as mulleres atendidas nos centros da Rede VVX, que ademais se mantén ao longo do tempo pois as valoracións da situación anterior e actual son de 3,0 e 2,8, mentres que para o grupo de mulleres que non son da Rede VVX baixa a puntuación de 2,9 a 2,0. Pódese observar tamén que a situación itinerante é pouco habitual para as mulleres VVX atendidas en centros PSF (e nada habitual para as que son da Rede VVX), sendo máis común que residan en pensións ou hostais.

**Táboa 3.6** Situación residencial anterior e actual das mulleres VVX. Valoración media dos centros (1 nada habitual a 5 moi habitual)

	Non Rede		Rede	
	antes	hoxe	antes	hoxe
1. Rúa	2,1	1,7	1,7	1,3
2. Institución réxime aberto	1,6	2,0	1,5	1,7
3. Itinerante	2,3	2,4	1,8	1,0
4. Familia/amizades	2,9	2,0	3,0	2,8
5. Pensión	2,5	2,7	1,5	1,0
6. Vivenda ocupada	1,5	1,4	2,0	1,0
7. Vivenda propia	1,9	1,4	4,0	4,0

Fonte: Elaboración propia.

### Servizos ofrecidos polos centros

O 85% dos centros consultados (86,4% Centros PSF, 80% Centros da Rede VVX) traballan en rede con outros recursos de atención social tanto cos servizos sociais do concello coma co resto de axentes e entidades sociais, unidades de saúde, CIM, as forzas de seguridade do Estado, Administración e ONG, etc. (en cada caso indican as organizacións coas que se coordinan), e sinalan que manteñen contacto continuado coas entidades e levando un seguimento das persoas derivadas a outras entidades, especialmente en situacións de vulnerabilidade das mulleres.

Na táboa seguinte preséntase a porcentaxe de centros polos servizos que ofertan, así como o peso dos centros segundo os servizos aos que derivan as persoas usuarias en caso de que non os oferten. Todos os centros consultados ofrecen servizos de valoración, orientación e información, pero non en todos os ámbitos polo que na metade dos casos derivan a outros servizos. Os resultados ofrécese para o total dos 27 centros consultados e tamén para o grupo de centros PSF. Non se incorporan á táboa todos os resultados para a Rede VVX debido ao escaso número de respostas, pero en todo caso é preciso sinalar que todos os centros da Rede VVX ofrecen servizos de asesoramento técnico especializado, atención social continuada, atención urxente, apoio á inclusión residencial e servizos específicos de atención ás mulleres.

**Táboa 3.7** Servizos ofrecidos polos centros e aos que derivan (%)

	Total centros		Centros PSF	
	Oferta	Deriva	Oferta	Deriva
Valoración, orientación e información	100,0	53,8	100,0	63,6
Asesoramento técnico especializado	87,0	68,8	83,3	71,4
Promoción da participación social	72,7	76,9	70,6	72,7
Cobertura da necesidade de alimento	88,9	50,0	90,9	50,0
Provisión de recursos básicos	84,6	64,3	85,7	66,7
Atención social continuada	84,0	80,0	80,0	84,6
Atención nocturna	48,1	66,7	40,9	69,2
Acollida básica	39,1	58,3	33,3	54,5
Atención na rúa	16,0	71,4	14,3	76,9
Atención urxente	64,0	87,5	55,0	86,7
Apoio á inclusión sociolaboral	81,5	82,4	81,8	80,0
Apoio integral (con residencia) á inclusión sociolaboral	44,4	86,7	40,9	84,9
Formación adaptada	28,0	83,3	35,0	85,7
Apoio á inclusión residencial	63,0	75,0	54,5	81,8
Servizos do ámbito sanitario	20,8	95,0	26,3	93,8
Servizos de policía	0,0	85,0	0,0	87,5
Servizos específicos de atención ás mulleres	36,0	84,2	20,0	88,2

Fonte: Elaboración propia.

En relación aos centros de atención social que non son da Rede VVX, o 91% deles ofrecen servizos de cobertura da necesidade de alimento, e máis dun 80% ofrecen asesoramento técnico especializado, provisión de recursos básicos, atención social continuada e apoio á inclusión sociolaboral. Estes servizos tamén son derivados a outros recursos en moitas ocasións. Os servizos de acollida básica son ofrecidos polo 33% dos centros PSF e un 54% derivan a outros recursos de acollida básica. Entre estes centros PSF, destaca tamén que ao redor da metade ofrecen servizos de atención urxente. Os servizos do ámbito sanitario son aos que máis son derivados polos centros consultados (un 94% dos centros non da Rede derivan este servizo), aínda que un 26% ofrecen servizos desta área. Por outro lado é destacable que o 20% destes centros ofrecen Servizos específicos de atención ás mulleres, e derivan este tipo de servizo un 88%.

Obsérvase, a partir dos resultados da táboa precedente, que as opcións de derivar ou ofrecer un servizo non son excluíntes, pois pode darse o caso de que os centros ofrezan un servizo e, en caso de saturación, deriven as persoas demandantes a outros centros. Do mesmo xeito, hai centros que non ofertan certos servizos e carecen de información para podelos derivar a outros centros.

Preguntouse tamén aos centros sobre os servizos aos que se derivan as mulleres, especificando o caso das mulleres sen fogar. As porcentaxes preséntanse na táboa seguinte, onde non se observan grandes diferenzas, sendo a máis sinalada que ás mulleres sen fogar deriváselles máis frecuentemente aos recursos de apoio á inclusión sociolaboral e aos de formación.

**Táboa 3.8** Recursos aos que se derivan as usuarias (%)

	Mulleres	Mulleres sen fogar
Recursos de apoio á inclusión sociolaboral	77,8	81,5
Recursos de apoio integral (con residencia) á inclusión sociolaboral	88,9	90,9
Formación adaptada/ formación para o emprego	81,5	84,7
Servizos de apoio á inclusión residencial ou recursos de acceso a vivenda	94,1	90,9
Servizos do ámbito sanitario	95,5	95,5
Servizos de policía	87,5	84,2

Fonte: Elaboración propia.

Preguntouse ás persoas responsables dos centros sobre os servizos que ofrecen ás mulleres. Os centros consultados indican que os servizos se ofrecen igualmente para homes e mulleres, e achegan información específica.

Nalgúns albergues indican que ademais ofrecen outros servizos como de atención continuada, asesoramento e orientación, hixiene e manutención, roupeiro, salón de peiteado, enfermaría, obradoiro prelaboral, grupo de inserción, centro de día, asistencia xurídica ou apoio psicolóxico.

Os comedores sociais sinalan que tamén reparten comida a domicilio e ofrecen servizos de hixiene, nalgún caso roupeiro e dispoñen dunha traballadora social. Tamén nalgún caso ofrecen servizo de lavandaría, e actúan como centro de día. En ocasións desenvolven asesoramento, orientación e información sociolaboral sobre os recursos da cidade.

Nos centros de acollida entrevistados quíxose sinalar que se ofrecen servizos de acollida e diagnóstico psicosocial, aloxamento e manutención, roupeiro e lavandaría, deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou laboral e a permanencia no mercado laboral, acompañamento social, adquisición e fortalecemento de capacidades persoais e sociais, e seguro de decesos. No caso particular dun centro de acollida sinaláronse moi polo miúdo os servizos que ofrecen:

“Accións enfocadas ao acceso/exercicio de dereitos fundamentais. Actividades da vida diaria: organización da casa, control económico, seguridade no fogar, hixiene, coidados de saúde física e mental, alimentación.... Actividades de lecer na comunidade, favorecendo a inclusión social. Aloxamento e xestión e cobertura de necesidades básicas. Apoio psico-afectivo: cunha figura de apoio de referencia 24h presencial e/ou telefonicamente (e *whatsapp*). Derivación e coordinación con outros servizos e recursos internos e externos. Entrevistas de seguimento e valoración do seu itinerario personalizado de inclusión. Orientación laboral e formativa, de cara á súa inserción laboral. Participación social: coñecemento da comunidade e dos seus recursos. Servizo de acompañamento ás persoas na súa transición cara unha vida autónoma. Traballo socioeducativo: comportamento prosocial e convivencia, asertividade, relacións sociais, habilidades sociais... Así, faise por un lado unha satisfacción de necesidades básicas (comida, hixiene, sentirse acompañado/a...), co propósito de traballar os ámbitos individuais e relacionais, estruturais e institucionais, na procura dunha inserción social e de continuidade co apoio posterior, favorecendo estratexias preventivas.”



E sinalan:

“A primeira parte que hai que realizar é un diagnóstico social, para afrontar unha estratexia que se materializa nos itinerarios personalizados de inclusión (IPI), contando sempre como eixe e parte activa coa participante. As actividades, accións e actuacións para a consecución dos obxectivos en cada itinerario de inclusión, viran ao redor de cinco eixos ou áreas: persoal, saúde, social, ocupacional e desvinculación e seguimento. A acción non só é interna (psicolóxica, sanitaria, social, laboral, educativa...) senón tamén externa, sendo o traballo en rede con outras institucións absolutamente necesario. En todo o proceso están implicadas as participantes (a persoa como centro), e o resto dos axentes sociais e entidades ou administracións”.

Nalgún centro da rede galega de acollemento sinalouse que ofrecen un servizo de inclusión integral con aloxamento e manutención, roupa, medicamentos, e dispoñen de educadoras e psicólogas. Ademais sinalan que ofrecen unha atención social integral, asesoría xurídica e psicolóxica.

### Perspectiva de xénero na oferta de servizos

Os centros consultados responden que incorporan a perspectiva de xénero na formulación ou desenvolvemento dos servizos que ofertan nun 58% dos centros PSF e no 100% no caso dos centros da Rede VVX. Así mesmo, como sinalan dende un centro “temos a política de igualdade moi instaurada no noso ideario persoal e asociativo”. Queren deixar constancia, nos albergues, de que dispoñen de habitacións illadas das zonas dos homes; cuartos individuais e cuartos de baño específicos, kits de hixiene diferenciados e obradoiros específicos para as mulleres. Nos comedores sinálase que se dá prioridade ao acceso das mulleres a todos os servizos da entidade, especialmente daquelas mulleres en situación de rúa, e que se ofrece información específica a mulleres embarazadas ou nais de menores de idade sobre os recursos específicos para este colectivo.

Un centro de acollida da rede PSF quixo facer especial fincapé na aplicación da perspectiva de xénero, así apuntan que:

“Si, contéplase a perspectiva de xénero. Comezando por integrar dentro da súa programación accións encamiñadas a romper con mitos e estereotipos de xénero. Parte importante do traballo radica no uso dunha linguaxe inclusiva, non sexista, nin machista, no que se fomenta a igualdade de oportunidades no mundo laboral, afastándose dunha visión clásica da muller, que marcaba o xeito de relacionarse. Unha perspectiva que ten en conta os roles de xénero que intenta impor á sociedade e no que a cultura xoga un papel fundamental. Favorécense actividades nas que a muller é a protagonista, como partidos de fútbol sala feminino, achegando a temática deporte/muller. O reparto de tarefas do centro é equitativo e participan todos/as. O cine e os mass media son outra ferramenta que se emprega mediante a análise desta información”.

Da mesma forma, no caso da atención especial a mulleres vítimas de violencia de xénero, entre as persoas responsables dos centros da Rede VVX sinálase que:

“Se ten en conta a situación de especial vulnerabilidade vivida polo feito de ser mulleres, engadida á situación de violencia vivida. Poténciase unha intervención que rache cos estereotipos de xénero, actuacións transversais educativas cos e coas menores para a eliminación das discriminacións por razón de sexo. Promoción da participación en actividades de loita contra a violencia de xénero. Uso non sexista da linguaxe”.

Ademais dos servizos que ofertan a todas as persoas usuarias, un 75% dos centros PSF levan a cabo actuacións particulares cando se trata de mulleres sen fogar que ademais sofren ou sufriron violencia de xénero. Como se sinala por parte das persoas entrevistadas, a principal intervención educativa é darlles seguridade física e psicolóxica, traballando estratexias que lles permita recuperarse do impacto provocado pola violencia e dotalas de mecanismos persoais para que leven unha vida autónoma. Dáselles atención psicolóxica e orientación sobre servizos médicos, educativos e legais. Infórmaselles e derívaselles a recursos específicos sobre violencia de xénero ou recursos específicos para a procura de emprego e aloxamento. Tamén se aplica o protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero.

### Xestión das necesidades das mulleres sen fogar

Preguntóuselles ás persoas responsables dos centros como se xestiona o apoio ás mulleres usuarias que non teñen aloxamento alternativo á súa saída. En cada caso son orientadas a outros centros específicos ou servizos de inclusión, habitualmente en colaboración coas traballadoras sociais e os servizos sociais. En caso de mulleres vítimas de violencia de xénero derívase aos centros de información ás mulleres e/ou a casas de acollida. Ademais hai centros que ofrecen servizos como os de comedor, roupeiro, etc., así como seguimento das usuarias que finalizan a estancia sen alternativa. E se a muller é autónoma realízase nalgún caso un acompañamento na procura de vivenda, apoian economicamente ao aluguer dunha habitación nun piso compartido e apóiaselles no acceso a todo tipo de axudas ás que poidan ter dereito.

### Demanda dos servizos

Preguntouse ás persoas responsables dos centros sobre os servizos ofrecidos e a súa percepción sobre o uso, valorando nunha escala de 1 a 5 o grao en que eses servizos son demandados por parte das mulleres VVX, as mulleres no seu conxunto e os homes. Os valores medios ofrécese na táboa seguinte, na que se pode ver que os servizos que teñen máis demanda para os tres grupos son os de valoración, orientación e información; cobertura da necesidade de alimento e provisión de recursos básicos e asesoramento técnico especializado, por encima do de atención nocturna.

Teñen moita demanda a cobertura de necesidade de alimento e a provisión de recursos básicos, con valores por encima de 4 sobre 5. É destacable que o servizo de valoración, orientación e información é o mais demandado tanto por homes como por mulleres, e polas mulleres VVX, especialmente nos centros da Rede nos que tamén demandan moito a atención social continuada e en xeral os servizos específicos de atención ás mulleres. Os servizos específicos de atención a mulleres son moito máis demandados polas mulleres VVX (con valores de 3,6 nos centros PSF e 5 nos centros da Rede VVX) que polo conxunto das mulleres (valoración



2,7). Hai outras diferenzas claras no uso dos servizos: as mulleres VVX atendidas na Rede VVX demandan apoio integral (con residencia) á inclusión sociolaboral (valoración 4,4) máis que as mulleres vítimas de violencia de xénero que non son da Rede VVX (3.1) e as mulleres no seu conxunto (3,0). Pola contra, o servizo de atención nocturna é máis demandado polos homes, as mulleres e as mulleres VVX que non son da Rede VVX. Ademais, as mulleres VVX son as que menos demandan os servizos de atención na rúa, que son máis demandados polos homes. Aínda que non se valora cunha puntuación elevada, o Servizo de policía é máis demandado polas mulleres, e especificamente polas mulleres VVX atendidas na Rede VVX.

**Táboa 3.9** Grao de uso dos servizos prestados (1 sen demanda a 5 demanda moi elevada)

	Mulleres VVX			
	Homes	Mulleres	Centros PSF	Rede VVX
Valoración, orientación e información	4,7	4,6	4,4	5,0
Asesoramento técnico especializado	4,1	3,9	4,0	4,8
Promoción da participación social	2,8	2,8	2,9	3,2
Cobertura da necesidade de alimento	4,8	4,5	4,2	4,4
Provisión de recursos básicos	4,4	4,5	4,6	4,4
Atención social continuada	3,8	3,8	3,8	5,0
Atención nocturna	4,0	3,8	3,9	3,6
Atención na rúa	2,9	2,3	1,5	1,3
Atención urxente	3,3	3,3	2,6	3,0
Apoio á inclusión sociolaboral	3,7	3,6	3,0	4,2
Apoio integral (con residencia) á inclusión sociolaboral	3,3	3,0	3,1	4,4
Formación adaptada	2,9	2,8	2,7	1,7
Apoio á inclusión residencial	3,6	3,5	3,3	3,2
Servizos do ámbito sanitario	3,0	2,9	3,0	3,4
Servizos de policía	2,0	2,1	2,3	2,8
Servizos específicos de atención ás mulleres		2,7	3,6	5,0

Fonte: Elaboración propia.

Preguntouse aos centros se observan algún tipo de demanda específica por parte das mulleres sen fogar. A esta pregunta a resposta maioritaria é o acceso a un aloxamento estable e seguridade. Tamén produtos específicos de hixiene e coidado feminino (xampú e máscara de cabelo, secador e prancha de pelo, pinzas para depilar...), así como recursos específicos na área reprodutiva e sexual. Nalgún caso indícase que o primeiro que preguntan as mulleres ao chegar ao centro é se hai máis mulleres alí e se hai atención as 24 horas, pois buscan a seguridade e fuxir do medo. As respostas por parte dalgún responsable de comedor social indican que as mulleres prefiren levar a comida á súa habitación ou residencia que utilizar o servizo no propio comedor.

## Factores de vulnerabilidade

No panel de persoas expertas realizado para o Estudo sobre persoas sen fogar en Galicia do ano 2017, sinalouse que existen factores estruturais, institucionais, persoais e relacionais que poden determinar o senfogarismo. Nesta enquisa, preguntouse ás persoas responsables dos centros a súa valoración sobre a medida en que eses factores poden causar o senfogarismo feminino, e especificamente o senfogarismo entre as mulleres vítimas de violencia de xénero. Preséntanse a continuación as táboas que recollen as valoracións medias relativas a eses factores, dando unha puntuación de 1 se opinan que o factor non afecta nada e 5 se afecta moito. Os resultados ofrécese para o total dos centros, sexan ou non específicos para a atención a mulleres VVX, debido ao escaso número de respostas no caso dos centros da Rede VVX, aínda que se sinalan algunhas diferenzas significativas.

En xeral, das respostas recibidas dos 27 centros consultados non se obteñen resultados moi dispares entre os dous grupos de mulleres, pero destacan as diferenzas seguintes:

- Nos factores estruturais, é menor a incidencia da escaseza de recursos económicos para as mulleres VVX (4,6) que para o conxunto das mulleres sen fogar (5).
- Os factores institucionais determinan de forma semellante o senfogarismo entre os dous grupos de mulleres. Destaca que os problemas de cobertura de servizos teñen unha incidencia superior para o conxunto das mulleres que para as vítimas de violencia de xénero, e dentro destas, máis relevantes para as que non son usuarias da Rede.
- O feito de ter unha discapacidade ou enfermidade de longa duración, é un factor persoal que ten un efecto superior para as mulleres no seu conxunto (3,8) que para as mulleres VVX. De forma similar, a situación itinerante, sen ter unha valoración alta, é un factor de carácter persoal que afecta máis ao senfogarismo das mulleres sen fogar (3,1) que ás vítimas de violencia de xénero (2,6).
- Entre os factores relacionais, o illamento e a falta de apoios familiares son factores cruciais; este último é máis relevante para as mulleres que sofren violencia de xénero, para as que ademais as rupturas traumáticas e o feito de estar nunha contorna familiar con violencia de xénero afectan fortemente ao senfogarismo. A monoparentalidade ten un efecto máis forte para o conxunto das mulleres que para as vítimas de violencia de xénero.

Respecto dos factores estruturais, presentados na táboa seguinte, todos eles son puntuados por encima de 3,5 sobre 5, o que indica que son bastante ou moi importantes como causas do senfogarismo. Destaca como principal variable a escaseza ou falta de recursos económicos, seguida do feito de estar desempregada, sendo algo máis baixas as puntuacións para o caso das mulleres vítimas de violencia de xénero.

A falta de recursos habitacionais que para o conxunto de mulleres VVX ten unha valoración de 3,8, ten unha relevancia maior para as mulleres que non son atendidas pola Rede VVX (4,2) que para as usuarias da Rede VVX (2,6). A dificultade de acceso á vivenda e os problemas derivados do mercado inmobiliario é o factor estrutural que toma un valor máis elevado para as mulleres VVX, e neste ítem observouse que é un factor máis destacado para as mulleres que non son usuarias da Rede VVX (3,9) que para as usuarias da Rede VVX (3,2). Por outra parte, destaca que a problemática de falta de recursos adecuados a cada persoa ten unha relevancia maior (3,9) para as mulleres que non son usuarias da Rede VVX que para as da Rede VVX (3,0). De forma similar, os recortes nos servizos de atención sanitaria e de vivenda teñen unha repercusión maior para as mulleres que non son usuarias da Rede VVX (3,8) que para as usuarias da Rede VVX (2,6), e o mesmo sucede cos problemas derivados da inmigración (valoracións 3,9 e 3,2 respectivamente).

**Táboa 3.10** Factores estruturais. Valoración media

	Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
Desemprego ou desemprego prolongado	4,7	4,4
Escaseza ou falta de recursos económicos	5,0	4,6
Falta de oferta de recursos habitacionais	4,1	3,8
Falta de recursos adecuados a cada persoa	3,7	3,7
Procesos vinculados ao mercado inmobiliario, que dificultan o acceso á vivenda	3,6	3,7
Recortes nos servizos de atención, sanitario e de vivenda	3,6	3,6
Inmigración (con procesos e dificultades asociadas)	3,9	3,8

Fonte: Elaboración propia.

Nos factores de carácter institucional, as puntuacións medias son similares, e un pouco máis baixas para o grupo de mulleres VVX. Os problemas de cobertura dos servizos supoñen o factor de maior relevancia, en opinión das persoas responsables dos centros, con valores de 3,8 para as mulleres sen fogar, e de 3,5 para o conxunto de mulleres sen fogar VVX (3,5), pero detéctanse diferenzas entre as mulleres VVX atendidas pola Rede VVX (2,8) e as que non o son (3,7).

**Táboa 3.11** Factores institucionais. Valoración media

	Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
Saída dunha institución sen un fogar ao que voltar (centros de protección de menores, penais...)	3,1	3,1
Problemas de cobertura dos servizos	3,8	3,5
Déficits de coordinación entre os servizos dos diferentes sistemas	3,0	3,0
Mecanismos inadecuados de asignación de determinados servizos ou prestacións	3,4	3,3

Fonte: Elaboración propia.

A valoración sobre a relevancia no senfogarismo dos factores persoais preséntanse na táboa seguinte. De entre os factores persoais, destaca o feito de ter unha enfermidade mental, con valoracións por encima de 4, seguido dos trastornos adictivos e ter baixa cualificación. A discapacidade ou enfermidade de longa duración é unha causa claramente menos relevante para as mulleres vítimas de violencia de xénero, e menor se son usuarias da Rede VVX (2,6) que se non o son (3,3). O mesmo sucede coas situacións de itinerancia, minoría étnica ou transexualidade.

**Táboa 3.12** Factores persoais. Valoración media

	Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
Discapacidade ou enfermidade de longa duración	3,9	3,1
Enfermidade mental, patoloxía dual	4,4	4,1
Trastornos adictivos	3,9	3,8
Situación de itinerancia	3,2	2,7
Baixa cualificación	3,8	3,5
Minoría étnica	3,1	2,6
Transexualidade	2,3	1,9

Fonte: Elaboración propia.

Os factores relacionais resultan determinantes para o senfogarismo, sobre todo a falta de apoios familiares ou redes, con valoracións de 4,3 para as mulleres e 4,6 para as mulleres VVX, seguido do problema do illamento social da muller. Neste ítem obsérvase maior relevancia para as mulleres atendidas na Rede VVX (4,4) que para as que non son usuarias da Rede VVX (3,8). No caso das mulleres VVX son tamén moi relevantes tanto vivir nunha contorna con violencia de xénero como ter sufrido rupturas traumáticas de parella, ambos factores valorados con 3,9 e 4 puntos sobre 5, por encima dos casos das mulleres no seu conxunto, onde as puntuacións son de 3,3 e 3,6 respectivamente.

**Táboa 3.13** Factores relacionais. Valoración media

	Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
Monoparentalidade	3,7	3,1
Falta ou debilidade dos apoios familiares e/ou de redes	4,3	4,6
Rupturas traumáticas de parella	3,6	3,9
Soidade, illamento social da persoa	4,1	3,9
Entorno familiar con violencia de xénero	3,3	4,0

Fonte: Elaboración propia.

Preguntadas as persoas responsables dos centros, case un 57% opina que habería que considerar algún outro factor entre os determinantes que preceden ou inciden nas situacións das mulleres sen fogar.

Entre os factores sinalados, ademais de recalcar os problemas de índole económica e os factores familiares, como ter pouca rede familiar e de apoio ou proceder de familias desestruturadas,



están a escaseza de recursos específicos para mulleres, os problemas de conduta derivados do policonsumo ou a incapacidade adquirida. Recalcan que é preciso poder traballar coas mulleres todo o sistema de crenzas limitantes que as manteñen en relacións baseadas na violencia.

### Violencia de xénero como determinante do senfogarismo

Ás persoas consultadas pedíuselles que nunha escala de 1 (nada) a 5 (moito) valorasen se, segundo a súa experiencia, a violencia de xénero pode ser considerada como un factor previo ao senfogarismo. A resposta media é unha valoración de 3,2.

En opinión das responsables dos centros, ao falar de violencia de xénero como causa do senfogarismo, soen concorrer diversos factores, como o desemprego, a falta de recursos económicos propios, a falta de apoio familiar, recursos de acollida insuficientes e inadecuados, e destruturación persoal severa. Opinan que as mulleres sofren procesos máis complexos, e que:

“Os roles que lle outorga a sociedade fai que non se poidan permitir o “luxo” de ser persoas sen fogar. Así cando sofren violencia de xénero é difícil acceder a recursos e pensar nos seus plans vitais persoais, antepoñendo os intereses de outros aos delas”.

Do mesmo xeito, opinan que:

“A falla de oportunidades sociais e económicas, sumado ao rol arrastrado polas mulleres de amas de casa e coidadoras principais de persoas menores e dependentes, fai que, dada a situación de violencia de xénero, os recursos para a saída de xeito autónoma se presenten máis limitados”.

### Senfogarismo como determinante da violencia de xénero

As persoas entrevistadas valoran cunha puntuación de 3,9 o feito de que o senfogarismo poida ser considerado como un determinante de sufrir violencia de xénero.

A opinión xeral é que é unha realidade que as mulleres sen fogar están expostas a un risco maior de sufrir violencia de xénero, sobre todo cando están en situación de rúa, onde están soas e son máis vulnerables, e se incrementan as condutas aditivas. A baixa autoestima e a falta de relacións sociais fan que se xunten con homes que lles dan un mínimo de estabilidade ou protección, tendo moitas veces unha relación de parella forzosa que pode derivar na prostitución e moi frecuentemente na violencia de xénero. As mulleres séntense desprotexidas na rúa ou durmindo en albergues, e para evitalos manteñen esta situación incluso cando sofren violencia de xénero e non denuncian esas agresións para evitar quedarse na rúa. Incluso como nun centro sinalan:

“Nos casos atendidos de mulleres que non sufriron violencia de xénero, si hai unha alta probabilidade de que formen parte de procesos relacionais nos que sexan anuladas, cando mínimo, ou teñen unha historia vital de risco”.

## Cambios no perfil das persoas sen fogar

Na enquisa pregúntase ás responsables dos centros se cren que se produciron cambios no perfil “típico”.

Responden claramente que se hai anos recibían persoas con adiccións que procedían de familias desestruturadas e de baixo nivel económico e con baixa cualificación, e que aínda é significativa a problemática dos enfermos mentais e consumidores/as de substancias psicoactivas, pero tamén se presentan familias completas, na súa maioría produto dos movementos migratorios ou porque os seus recursos económicos non chegan a cubrir as necesidades básicas.

Obsérvase tamén un aumento do senfogarismo feminino encuberto, como o traballo de internas ou a prostitución encuberta (por exemplo mulleres que viven nos pisos ou nos propios clubs pagando un aluguer aos seus xefes). Detectan que hoxe é máis curto o período de tempo previo entre ter unha situación normalizada (emprego, vivenda, familia...) e chegar a unha situación de sen fogar.

Detéctase que aumentou o abandono temperá do domicilio familiar e polo tanto hai máis mulleres novas sen fogar, e en xeral máis persoas de menos de 30 anos. Tamén indican o aumento de persoas inmigrantes indocumentadas africanas e de Latinoamérica. Entre as respostas indícase tamén que aumentou o número de persoas maiores de 65 anos sen fogar, así como as persoas con enfermidades mentais e transeúntes.

## Valoración sobre a evolución do senfogarismo feminino

Preguntouse, tendo en conta que entre o 15% e o 20% das persoas sen fogar son mulleres, cal é a percepción na evolución do senfogarismo nos últimos dez anos. Os resultados da enquisa indican que as persoas responsables dos centros perciben que houbo unha evolución crecente do senfogarismo feminino e valoran nunha escala dende 1 (diminuíu moito) ata 5 (aumentou moito). A valoración das persoas responsables dos centros PSF é de 3,7, o que indica que aumentou bastante, mentres que a percepción dende os centros da Rede VVX é que diminuíu lixeiramente (valoración 2,8)

En xeral nos centros consultados obsérvase un incremento de mulleres sen fogar. Nalgún dos casos sinalan que nos últimos dez anos pasaron do 10% ao 20%, aínda que noutros observan que se mantén. Constatan un incremento das mulleres inmigrantes nos albergues, e tamén de mulleres españolas nos servizos de manutención.

Os motivos que indican como explicativos dese incremento son a escaseza económica por desemprego de longa duración, empregos precarios e de baixa cualificación, e tamén a dependencia económica, que dificultan o mantemento dunha vivenda; e sinalan a imposibilidade de aluguer para as persoas que viven das prestacións sociais. Aínda que existe unha axuda da Xunta de Galicia para o pagamento de aluguer, moitas persoas arrendadoras esixen requirimentos adicionais como dispoñer dun contrato de traballo, antigüidade no contrato laboral, soldo que triplique o prezo do aluguer, etc.; cuestións que dificultan aínda máis o acceso a unha vivenda estable.

Tamén destacan o incremento de problemas de saúde mental sen diagnóstico ou tratamento, así como o aumento de adiccións nas mulleres. As mulleres que finalizan unha situación de tutela, sen un proxecto vital para a maioría de idade tamén corren o risco de sufrir senfogarismo. A violencia de xénero e o incremento dos abusos no ámbito familiar e social indícanse como determinantes do aumento do senfogarismo feminino.



Nun dos casos reflexionan sobre se realmente aumentou o número de mulleres en situación de sen fogar ou se están a facer máis visibles, e se é así prevén que siga crescendo.

### Necesidades percibidas

Preguntouse a opinión dos centros sobre as necesidades que, singularmente, presentan as mulleres sen fogar.

As respostas indican que precisan aloxamento a longo prazo e cobertura das necesidades básicas para elas e os seus fillos ou fillas, se é o caso. Unha vez garantido o aloxamento, é preciso iniciar un proceso de inclusión social baseado na independencia económica da muller. Tamén detectan que precisan apoio psicolóxico e atención á saúde mental personalizada, así como apoio terapéutico, axuda na procura de emprego -coa cobertura das necesidades educativas para o acceso ao mundo laboral- e axuda para a procura de vivenda e subsidios, de ser o caso. Incluso observan que as mulleres precisan recursos económicos para o transporte aos puntos de encontro cos seus fillos ou fillas ou para poder mercarles algún xoguete.


Tamén precisan cubrir as necesidades relacionais para saír das situacións de illamento. Ademais, como sinalan dende un centro:

“Logo podemos falar de necesidades estratéxicas máis relacionadas coa súa persoa: anhelos, desexos, historias de vida, e aquí as necesidades son moi variadas: necesidade de reconstrución persoal, necesidade de fixar metas e obxectivos na vida, necesidade de autonomía, autoestima, autocoñecemento, para deixar de desexar ser en base a unha relación, a calquera prezo”.

### Ámbitos de mellora

No gráfico seguinte represéntase a valoración que dende os centros se fai sobre a necesidade de traballar para mellorar a resposta en relación a distintos factores, valorándose entre 1 (nada) e 5 (moito). As persoas responsables dos centros consideran que onde hai que traballar máis é na tipoloxía e na cantidade de recursos (valoracións 4,3) e na necesidade de innovación (4,0). A planificación e a coordinación tamén destacan, pero en menor medida. O elemento onde menos se percibe a necesidade de mellora é na normativa.

**Gráfico 3.4** Valoración media sobre os ámbitos de mellora (1 nada a 5 moito)



Fonte: Elaboración propia.

Na seguinte táboa preséntanse os resultados para o total de centros, así como os obtidos diferenciando entre centros PSF e centros da Rede VVX.

**Táboa 3.14** Valoración media dos centros sobre os ámbitos de mellora (1 nada a 5 moito)

	Total	Centros PSF	Rede VVX
Tipoloxía de recursos	4,3	4,4	3,8
Cantidade de recursos	4,3	4,3	4,2
Metodoloxía de intervención	3,8	4,0	3,0
Planificación (plans de actuación globais)	4,0	3,9	4,2
Normativa	3,6	3,5	4,0
Coordinación	4,0	4,0	3,8
Innovación	4,0	4,1	3,6

Fonte: Elaboración propia.


Pódese ver que existen diferenzas nas valoracións dende os centros que non son da Rede VVX e os centros da Rede VVX. Así, os ámbitos nos que as necesidades de mellora son superiores segundo a opinión dos centros non específicos son na tipoloxía de recursos, na metodoloxía de intervención, na necesidade de innovación e na coordinación. Pola contra, os centros da Rede VVX valoran por enriba a necesidade de mellora na planificación e na normativa.

As persoas entrevistadas proporcionaron outras achegas sobre aspectos que se deberían mellorar.

Sínálase a debilidade do sistema de axuda, e indícase que moitas situacións de sen fogar serían evitables de existir un sistema de axuda que tivese un carácter preventivo e atendese a criterios de eficiencia, posto que se cree que é moito máis custoso atender e asistir a unha persoa en situación de rúa, que facer unha intervención social preventiva e previa ao senfogarismo. Nalgúns albergues insisten en que os casos de violencia de xénero deberían ser atendidos por outros servizos, pois os albergues non presentan as condicións adecuadas para a cobertura das súas necesidades, e a permanencia no albergue pode aumentar a súa vulnerabilidade. Sínálase que nalgúns cidades sería preciso contar con máis prazas para a asistencia exclusiva das mulleres vítimas de violencia de xénero, evitando así as situacións de ter que pasar a noite na rúa ou en albergues, pois hai cidades nas que non se dispón dun centro de aloxamento específico.

Os centros consultados opinan que sería necesario aumentar a financiación pública dos recursos de atención social, incrementando as campañas específicas de sensibilización social, así como a formación na perspectiva de xénero de todos os axentes sociais de intervención e supervisión.

Ademais pensan que debería haber recursos e servizos específicos para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción (alcohol, drogas...) e problemas de saúde mental. Debería haber un protocolo que fixese o proceso de diagnose e intervención máis sinxelo e eficaz. En fin, a necesidade de personalizar o proceso de intervención social. É preciso unha intervención integral que faga un seguimento da persoa sen fogar, cunha maior coordinación entre os profesionais dos distintos servizos. Sería interesante que as persoas responsables dos centros sociais puidesen dispoñer dunha guía que lles permitise indicar ás persoas usuarias os recursos dispoñibles.



## CAPÍTULO 4

### RESULTADOS DA ENQUISA ÁS MULLERES USUARIAS

L. Benito, E. Vázquez-Rozas & R. Díaz-Vázquez

Nesta sección recóllense os resultados acadados tras analizar a información recollida a través de enquisas dirixidas a mulleres sen fogar en Galicia. O obxectivo é profundar no coñecemento sobre o senfogarismo feminino, nas necesidades que presentan as mulleres sen fogar e no modo en que se están a atender.

A enquisa, recollida no anexo II, consta de 28 preguntas, e foi cuberta por un total de 72 mulleres usuarias tanto de centros da Rede de atención ás persoas sen fogar (centros PSF) como de centros específicos da Rede galega de acollemento a mulleres vítimas de violencia de xénero (centros da Rede VVX) presentes nas sete cidades galegas. Na mostra final, o peso do grupo de mulleres usuarias de centros da Rede VVX acadou o 20,8%. O método de contacto coa mostra foi a través das persoas responsables dos ditos centros.

Na seguinte táboa recóllese a ficha técnica do estudo.

**Táboa 4.1** Ficha técnica da enquisa ás mulleres

Plan de mostraxe	
Ámbito	Galicia
Poboación	Mulleres sen fogar e mulleres vítimas de violencia de xénero (N=688), fonte: INE
Tamaño mostra	72 enquisas válidas
Tipo de entrevista	Entrevista persoal asistida e persoal auto-administrada
Método de mostraxe	Mostraxe de conveniencia con presenza das sete cidades galegas
Erro de mostraxe	+ 10,95%. Nivel de confianza: 95% (p=q=0,5)
Traballo de campo	Setembro e outubro de 2019

Fonte: Elaboración propia.



## Perfil das mulleres sen fogar atendidas nos centros

O perfil das mulleres que forman parte da mostra consultada é o dunha muller de 43,7 anos que, nunha porcentaxe elevada, é vítima de violencia de xénero, concretamente o 79,7% (51 das 64 mulleres) que accede a contestar a esa batería de preguntas (ver táboa seguinte). Destas 51 mulleres, 39 son usuarias de centros PSF.

**Táboa 4.2** Presencia da condición de vítima de violencia de xénero

Vítima Violencia de Xénero (VVX)	Frecuencias absolutas	Frecuencias relativas
si	51	79,7%
non	13	20,3%
Respostas válidas	64	100 %
Negáronse a contestar	8	-

Fonte: Elaboración propia.

O 23,5% das mulleres que afirmou que nalgún momento da súa vida sufriu violencia de xénero está sendo atendida nun centro da Rede VVX. Na seguinte táboa preséntanse os datos da media de idade e número de fillos e fillas menores de idade para toda a mostra e as submostras “mulleres sen fogar” e “mulleres VVX”, onde se aprecian diferenzas na media de fillos e fillas menores entre os dous grupos, superior entre o grupo de mulleres VVX.

**Táboa 4.3** Información de idade e fillos das mulleres consultadas (%)

	Total mulleres sen fogar	Mulleres non VVX	Mulleres VVX
Idade	43,7	42,9	43,0
Nº fillos/as <18anos	1,2	0,7	1,2
Mulleres con fillos/as (%)	75,0	53,8	82,4
%mulleres con fillos/as <18anos (%)	66,6	69,8	50,0

Fonte: Elaboración propia.

Así mesmo, na táboa anterior recóllese a seguinte información de interese: o 75% das mulleres consultadas son nais, se ben esta cifra sobe ata o 82,4% cando se trata de mulleres vítimas de violencia de xénero, e se sitúa nun 53,8% a porcentaxe de mulleres con fillos ou fillas no grupo de mulleres sen fogar non vítimas.

A porcentaxe de mulleres con fillos ou fillas menores de idade ascende ao 66,6%. Se diferenciamos segundo a condición “ser vítima ou non de violencia de xénero”, atopamos que o 69,8% das mulleres VVX son nais de menores de idade fronte ao 50% do grupo de mulleres non VVX.

Na seguinte táboa recóllese, para o conxunto da mostra, a orixe xeográfica das mulleres consultadas: máis da metade das mulleres naceu en territorio español (59,7%) e unha de cada

catro provén dalgún país latinoamericano. O 73,5% das mulleres dispón da nacionalidade española ou dalgún país da UE.

**Táboa 4.4** Porcentaxe de mulleres sen fogar por orixe xeográfico (%)

ORIXE	España	Resto de Europa	América	Outros
	59,7	12,5	0,3	1,4

Fonte: Elaboración propia.

Ao dividir a mostra segundo o criterio “usuarias ou non da Rede VVX”, as diferenzas de perfil entre os dous grupos nas variables idade e número de fillos ou fillas menores non son especialmente relevantes, se ben se observa que mentres que o 40,4% das usuarias de PSF afirma estar separada/divorciada, esta porcentaxe baixa á metade (20%) entre mulleres usuarias de centros da Rede VVX. Tamén se detecta unha maior presenza de mulleres con nacionalidade española ou da UE nos centros da Rede VVX. Por último, é de destacar a diferenza na porcentaxe de mulleres sen estudos ou con estudos básicos nun e noutro grupo (85,7 % no caso das mulleres usuarias de centros da Rede VVX fronte ao 60,7% de usuarias de centros PSF).

**Táboa 4.5** Perfil de mulleres usuarias segundo tipo de centro

	Mulleres usuarias de Centros PSF	Mulleres usuarias da Rede VVX
Idade	44,0	42,8
Nº fillos/as < 18 anos	1,1	1,5
Estado civil: separada/divorciada	40,4%	20,0%
Nivel de estudos: sen estudos ou básicos	60,7%	85,7%
Nacionalidade española ou da UE	70,2%	86,7%

Fonte: Elaboración propia.

Sen embargo, cando se analiza o nivel de estudos segundo as mulleres sufriran ou non violencia de xénero independentemente do tipo de centro do que son usuarias, as diferenzas non parecen tan relevantes. Así, na seguinte táboa obsérvase que o 65,7% das mulleres consultadas, ou non ten estudos ou ten estudos básicos. Porcentaxes próximas presentan tanto as mulleres VVX (68%) como as non VVX (61,6%). Polo tanto, non se aprecian diferenzas significativas segundo sexan ou non VVX.

**Táboa 4.6** Información sobre o nivel de estudos acadados (%)

	Total mulleres sen fogar	sen fogar non VVX	Mulleres VVX
Sen estudos	14,3	15,4	16,0
Estudios básicos	51,4	46,2	52,0
Estudios medios	21,4	15,4	22,2
Estudios superiores	12,9	23,1	11,1

Fonte: Elaboración propia.



Centrándose na súa situación económico-laboral, cabe destacar que o 85,5% das mulleres consultadas afirma estar sen traballo e o 58% é demandante de emprego. Na seguinte táboa recóllense as porcentaxes segundo a condición de vítima ou non de violencia de xénero, observándose poucas diferenzas entre os dous grupos de mulleres.

**Táboa 4.7** Información sobre a situación laboral actual (%)

	Total mulleres sen fogar	sen fogar non VVX	Mulleres VVX
Sen traballo e demanda emprego	58,0	61,5	58,3
Sen traballo e non demanda emprego	27,5	23,1	27,1
Traballo a tempo completo	1,4	0,0	2,1
Traballo a tempo parcial	11,6	15,4	10,4
Outros: excedencia	1,4	0,0	2,1

Fonte: Elaboración propia.

Se ben hai poucas diferenzas segundo sexan ou non vítimas de violencia de xénero, estas fanse máis patentes cando comparamos a situación laboral segundo sexan ou non usuarias de centros da Rede VVX. Como se observa na seguinte táboa, destacan as maiores porcentaxes de mulleres usuarias de centros específicos que están traballando, ben sexa a tempo parcial ou a tempo completo. Pola contra, é maior a porcentaxe de mulleres sen traballo e demandante de emprego entre as mulleres usuarias de centros PSF (63% fronte ao 40%).

A maioría dos postos de traballo que ocupan ou ocuparon as mulleres consultadas vincúlase a algún dos seguintes perfís: traballadoras domésticas, coidado de maiores e postos non especializados en hostalaría e restauración. No caso de mulleres usuarias de centros da Rede VVX, predominan os postos de traballos no sector da restauración.

**Táboa 4.8** Información sobre a situación laboral actual segundo tipo de centro (%)

	Mulleres usuarias de Centros PSF	Mulleres usuarias da Rede VVX
Sen traballo e demanda emprego	63,0	40,0
Sen traballo e non demanda emprego	27,8	26,7
Traballo a tempo completo	0,0	6,7
Traballo a tempo parcial	9,3	20,0
Outros: excedencia	0,0	6,7

Fonte: Elaboración propia.

A situación económica que debuxan os datos reflíctese nas dúas táboas seguintes: algo máis do 40% non ten ningún tipo de ingresos, e case a metade (49,3%) dispón de ingresos inferiores a 500 euros ao mes e proveñen, principalmente, de prestacións, pensións (non de xubilación) ou axudas familiares. De feito, estas son as únicas fontes de ingresos para o 100% da submostra de mulleres sen fogar non VVX e de case o 90% das que sufriron violencia de xénero nalgún momento da súa vida.

**Táboa 4.9** Información sobre o nivel de ingresos (%)

	Total mulleres sen fogar	sen fogar non VVX	Mulleres VVX
Sen ingresos	43,3	50,0	43,8
Menos de 500 euros/mes	49,3	50,0	45,8
Máis de 500 euros/mes	6,9	0,0	10,4

Fonte: Elaboración propia.

**Táboa 4.10** Información sobre a fonte principal de ingresos (%)

	Total mulleres sen fogar	sen fogar non VVX	Mulleres VVX
Rendas de traballo	17,8	28,6	18,2
Rendas propias	0,0	0,0	0,0
Aportacións de xente na rúa	4,4	0,0	6,1
Prestacións, pensións, axudas familia	71,1	71,4	69,7
Pensións de xubilación	2,2	0,0	3,0
Outros: prostitución	4,4	0,0	3,0

Fonte: Elaboración propia.

De novo, as diferenzas son máis evidentes cando comparamos usuarias e non usuarias de centros da Rede VVX. Tal e como se recolle na seguinte táboa, case a metade (47,2%) das mulleres usuarias de centros PSF non dispón de ingresos mentres que esta porcentaxe se sitúa no 28,6% entre as mulleres usuarias de centros da Rede VVX. Na categoría superior de ingresos (máis de 500 euros) situouse o 21,4% das mulleres usuarias de centros da Rede VVX, e só un 3,8% de mulleres usuarias de centros PSF.

**Táboa 4.11** Información sobre o nivel de ingresos por tipo de centro (%)

	Mulleres usuarias de Centros PSF	Mulleres usuarias da Rede VVX
Sen ingresos	47,2	28,6
Menos de 500 euros/mes	49,1	50,0
Máis de 500 euros/mes	3,8	21,4

Fonte: Elaboración propia.



## Senfogarismo e violencia de xénero

Como xa se sinalou, das 72 mulleres enquisadas, 64 contestaron á pregunta “algunha vez sufriu violencia de xénero?” e, destas, o 70,8% respondeu afirmativamente. A través dun conxunto de ítems recollidos na pregunta 23 do cuestionario (ver anexo II) foi posible cuantificar a intensidade na que as mulleres sufrían esta situación. A tal fin, calculouse, en primeiro lugar, o alfa de Cronbach, cuxo valor de 0,829 indica que a medida presenta unha alta fiabilidade interna. Procedeuse, en consecuencia, a calcular unha medida única para recoller o grao en que estaba presente a condición “víctima de violencia de xénero” (VVX). A interpretación da dita variable é a dunha escala de 5 puntos, onde o valor 1 indica ausencia de violencia de xénero e o 5 indica que a violencia de xénero exercida sobre a muller é moi alta.

Segundo se pode observar na seguinte táboa, do conxunto de mulleres VVX, o 93,8% afirmou que esta violencia fora exercida pola súa parella. Un 31,3%, a maiores, sufriu violencia de xénero no seo da súa familia.

**Táboa 4.12** Fonte da violencia de xénero (%)

	Mulleres VVX
Parella	62,5
Familia de orixe	2,1
Ambas (parella e familia de orixe)	31,3
Outros	4,2

Fonte: Elaboración propia.

As dúas seguintes táboas conteñen información sobre a porcentaxe de mulleres que afirmou ter pedido axuda ante a dita situación, que acadou o 64,4%. Cifra similar resultou a porcentaxe de mulleres que chegou a denuncialo (67,3%).

**Táboa 4.13** Petición de axuda ante situación de VX (%)

Nalgunha ocasión pediu axuda?	Mulleres VVX
Non	35,6
Si	64,4

Fonte: Elaboración propia.

**Táboa 4.14** Denuncia da situación de VX (%)

Denunciou?	Mulleres VVX
Non	32,7
Si	67,3

Fonte: Elaboración propia.

A relación entre a medida calculada “VVX” e as variables indicadoras da condición de ser vítima de violencia económica preséntase a continuación.

A seguinte táboa recolle a relación entre “VVX” e o feito de que a muller fose obrigada ou non pola parella a deixar o traballo. As medias que presenta un e outro grupo son significativamente distintas ( $p < 0,01$ ), podéndose observar que as mulleres forzadas a deixar o traballo presentan un valor medio na variable “VVX” de 3,6 sobre 5, fronte ao 2,4 sobre 5 das mulleres que non se viron obrigadas a deixar o seu traballo.

**Táboa 4.15** Relación violencia económica (obrigar a non traballar) e grao VVX

Obrigouna a non traballar?	Media VVX
Non	2,4
Si	3,6

$P < 0,01$

Fonte: Elaboración propia.

Cando se analiza a relación entre o grao en que a muller é vítima de violencia de xénero (VVX) e a persoa que achega os ingresos na unidade familiar, atópase que a violencia de xénero está asociada ao feito de que sexa unha soa a persoa que achega ingresos, ben sexa a muller (3,0) ou a parella (3,5). Cando son ambos os que colaboran na economía doméstica, o nivel de violencia de xénero é significativamente inferior (1,9).

**Táboa 4.16** Relación violencia económica (quen ingresa) e grao VVX

Quen ingresaba os cartos na casa?	Media VVX
Parella	3,0
Muller VVX	3,5
Ambos	1,9
Varios	2,7

$P < 0,01$  global ( $p < 0,01$  para os pares parella-ambos, mullerVVX-ambos)

Fonte: Elaboración propia.

De xeito similar, ao analizar conxuntamente o grao en que a muller é vítima de violencia de xénero (VVX) e en quen recae a responsabilidade de organización económica do fogar, obsérvase que a violencia de xénero está asociada ao feito de que sexa unha soa a persoa que realice as ditas tarefas do fogar; se ben cando é a muller a media de VVX é lixeiramente inferior a cando é a parella (2,9 fronte a 3,4), a dita diferenza non é estatisticamente significativa. Cando son ambos membros da parella os que participan na organización económica do fogar o nivel de violencia de xénero é significativamente inferior (1,9;  $p < 0,05$ ).

**Táboa 4.17** Relación violencia económica (quen organiza) e grao VVX

Quen se encarga da organización económica do fogar?	Media VVX
Parella	2,9
Muller VVX	3,4
Ambos	1,9
Varios	2,5

$P < 0,05$  global ( $p < 0,05$  para os pares parella-ambos, muller VVX-ambos)

Fonte: Elaboración propia.

### Situación residencial

Do total de mulleres sen fogar, máis da metade (53%) afirma estar vivindo en institucións de réxime aberto ou centros de acollida; un 25% atópase en situación de rúa e un 16% reside en vivendas ocupadas ilegalmente. Os datos relativos á situación residencial das mulleres, tanto no pasado como hoxe en día, segundo sexan ou non VVX, preséntanse na seguinte táboa. Faise evidente que nos dous grupos de mulleres as situacións residencias evolucionaron cara un maior uso das institucións en réxime aberto ou centros de acollida; tamén medrou a situación de mulleres na rúa e de mulleres que residen en vivendas ocupadas ilegalmente.

**Táboa 4.18** Información sobre a residencia das mulleres (%)

	ANTES		AGORA	
	Mulleres sen fogar	Mulleres VVX	Mulleres sen fogar	Mulleres VVX
En situación de rúa	15,4	13,7	30,0	21,6
Institucións réxime aberto/ centros acollida	7,7	17,6	15,4	50,0
Itinerantes, de paso (ciudades, centros)	7,7	3,9	7,7	0,0
En vivendas de familiares, amizades (temporalmente)	30,8	17,6	0,0	3,9
Sen vivenda: pensións, hostais	7,7	9,8	7,7	3,9
En vivendas ocupadas ilegalmente	15,4	2,0	30,8	5,9
Na súa propia vivenda (propiedade ou aluguer)	23,1	21,4	15,4	15,7

Fonte: Elaboración propia.

As mulleres consultadas apuntan a que non foi un só, senón varios, os motivos que as levou á súa actual situación residencial. Por orde de importancia cabe sinalar os seguintes: desemprego e escaseza de recursos económicos (37,5%), ser vítima de violencia de xénero (29,2%), adiccións (19,4%), ruptura afectiva (16,7%), enfermidade (13,9%) e situación administrativa irregular (9,7%). Tan só 2 mulleres expresaron que chegaran a esta situación de forma voluntaria.

Cando se fai a análise diferenciando entre mulleres vítimas ou non de violencia de xénero, as maiores diferenzas atópanse, como era de esperar, no motivo “ser vítima de violencia de xénero”; se ben o desemprego e a escaseza de recursos destacan como causas do senfogarismo en maior medida nas mulleres sen fogar non vítimas de violencia de xénero, tal e como se pode apreciar na seguinte táboa:

**Táboa 4.19** Información sobre os motivos de senfogarismo (%)

	Mulleres sen fogar	Mulleres VVX
Desemprego	61,5	36,0
Escaseza recursos económicos	53,8	33,3
Ruptura afectiva	7,7	21,6
Ser vítima de violencia no fogar	7,7	39,2
Adicións (drogas/alcohol)	15,4	19,6
Enfermidade	15,4	13,7
Situación administrativa irregular	7,7	5,9
Por decisión voluntaria	0,0	3,9

Fonte: Elaboración propia.

### Uso e opinión dos servizos

Se se afonda no uso que fan as mulleres dos recursos que se lles ofrece nos distintos centros da rede de atención a persoas sen fogar, cabe destacar o uso dos servizos sociais dos concellos, xa que a metade das mulleres consultadas recorreu a estes no último ano e o 31,9% utilizou estes servizos na última semana. Tamén presentan un uso elevado e frecuente o servizo de comedor, a rede de albergues e o servizo de roupeiro: todos eles están ao redor do 40% de uso, tanto no último ano como na última semana.

Ao incorporar a esta análise a condición de ser ou non vítimas de violencia de xénero, atopamos que a frecuencia de uso destes servizos, se ben é bastante similar entre ambos os dous grupos (ver táboa seguinte), presenta lixeiras diferenzas na intensidade do uso dos servizos sociais do concello (traballador/a social), que é maior entre mulleres vítimas de violencia de xénero, pois o 56,9% destas recorreu a este servizo no último ano fronte ao 38,5% das mulleres non vítimas de violencia de xénero. Pola contra, mentres que case a metade das mulleres (46,2%) que non son vítimas de violencia de xénero utilizou o roupeiro no último ano, a demanda deste recurso por parte do grupo de mulleres vítimas de violencia de xénero situouse no 37,3%.

**Táboa 4.20** Información sobre uso de recursos (%)

	ÚLTIMA SEMANA		ÚLTIMO ANO	
	Mulleres sen fogar	Mulleres VVX	Mulleres sen fogar	Mulleres VVX
Albergue/centro de acollida	46,2	47,1	23,1	45,1
Comedores	61,5	49,0	38,5	47,1
Roupeiros	61,5	49,0	46,2	37,3
Centros de día	38,5	23,5	7,7	15,7
Baños públicos	38,5	23,5	30,8	25,5
Taller de inserción laboral	7,7	7,8	7,7	15,7
Pisos protexidos	0,0	3,9	0,0	5,9
Centros de noite	7,2	2,0	0,0	5,9
Servicios sociais do concello	61,5	27,5	38,5	56,9

Fonte: Elaboración propia.

Na seguinte táboa preséntanse as porcentaxes de uso dos servizos agrupadas pola condición de ser ou non usuaria de centros da Rede VVX. Destaca o feito de que as mulleres usuarias de centros da Rede VVX presentan niveis de uso nulos ou moi residuais para os seguintes servizos: centros de día, baños públicos, obradoiros de inserción laboral e centros de noite. Sen embargo, ao analizar conxuntamente as dúas táboas anteriores obsérvase que todas as mulleres que usaron no último ano pisos protexidos e centros de noite eran mulleres vítimas de violencia de xénero.

**Táboa 4.21** Información sobre uso de recursos segundo tipo de centro (%)

	ÚLTIMA SEMANA		ÚLTIMO ANO	
	Mulleres usuarias de Centros PSF	Mulleres usuarias da Rede VVX	Mulleres usuarias de Centros PSF	Mulleres usuarias da Rede VVX
Albergue/centro de acollida	47,4	33,3	43,9	13,3
Comedores	59,6	6,7	49,1	13,3
Roupeiros	52,6	6,7	38,6	26,7
Centros de día	33,3	0,0	15,5	0,0
Baños públicos	31,6	0,0	29,8	0,0
Taller de inserción laboral	8,8	0,0	15,8	0,0
Pisos protexidos	1,8	13,3	5,3	0,0
Centros de noite	3,5	0,0	5,3	0,0
Servicios sociais do concello	35,1	20,0	49,1	53,3

Fonte: Elaboración propia.

En canto á opinión que as usuarias teñen destes servizos, obsérvase unha valoración bastante positiva (4,2 sobre 5). De igual xeito, as mulleres consultadas consideran que, a través dos recursos que se lles ofrecen, as súas necesidades están bastante ben atendidas (4,1 sobre 5).

As valoracións medias para as submostras segundo a condición “víctima de violencia de xénero”, presenta lixeiras diferenzas, tal e como se aprecia na seguinte táboa:

**Táboa 4.22** Opinión sobre os recursos/servizos ofrecidos segundo VVX

	sen fogar non VVX	Mulleres VVX
Media valoración servizos/recursos	4,3	4,1
Media valoración atención necesidades	3,9	4,0

Fonte: Elaboración propia.

Se se divide a mostra segundo a condición “española ou non española”, póñense en evidencia diferenzas significativas na valoración dos servizos, tanto na opinión sobre estes como no grao en que consideran que atenden as súas necesidades, de tal xeito que as mulleres españolas usuarias destes servizos presentan puntuacións máis baixas que as non españolas.

**Táboa 4.23** Opinión sobre os recursos/servizos ofrecidos segundo nacionalidade

	Non española	Española
Media valoración servizos/recursos	4,6	4,0
Media valoración atención necesidades	4,5	3,9

Fonte: Elaboración propia.


A valoración que fan as mulleres usuarias de centros da Rede VVX dos servizos que reciben así como da atención das súas necesidades é moi alta. Tal e como se mostra na seguinte táboa, ambos os dous aspectos, nunha escala de 1 a 5 reciben, respectivamente, unha puntuación media de 4,4 e 4,7, superiores á valoración ofrecida polas mulleres usuarias de centros PSF.

**Táboa 4.24** Opinión sobre os recursos/servizos ofrecidos segundo tipo de centro

	Mulleres usuarias de Centros PSF	Mulleres usuarias da Rede VVX
Media valoración servizos/recursos	4,2	4,4
Media valoración atención necesidades	3,9	4,7

Fonte: Elaboración propia.

Entre os comentarios que acompañan a estas valoracións cuantitativas dos servizos ofrecidos e da atención ás necesidades, as palabras que máis se repiten son “boa atención” e “apoio e cariño”. Se ben a maioría das opinións vertidas faise en positivo, tamén afloran comentarios nos que se demanda maior privacidade no uso dos servizos e recursos. No caso de mulleres usuarias de centros non específicos, o que máis botan en falta é recursos específicos para mulleres e espazos propios, separados dos homes. Argumentan motivos de seguridade e incluso sinalan que compartir espazos pode chegar a xerar situacións intimidatorias para as mulleres.



## CAPÍTULO 5

### RESULTADOS DAS ENTREVISTAS A PERSOAS EXPERTAS

E. Vázquez-Rozas, R. Díaz-Vázquez & L. Benito

Neste capítulo recolleemos os resultados das entrevistas realizadas a persoas expertas. No deseño destas entrevistas tivéronse en conta os resultados e as valoracións que se obtiveran nas enquisas ás persoas responsables dos centros.

Presentamos a continuación as preguntas formuladas seguidas das respostas correspondentes que recollen unha síntese das reflexións realizadas polas persoas expertas entrevistadas.

#### 5.1 Percepcións sobre a situación actual e a evolución do perfil do senfogarismo feminino

##### Perfil actual das mulleres sen fogar (idade, descendencia, nacionalidade, estudos...)

**A porcentaxe de mulleres sobre o total de persoas sen fogar está entre 15-25%. Entre un 30-35% son estranxeiras**

A porcentaxe de mulleres sobre o total de persoas sen fogar está entre 15-25%. Entre un 30-35% son estranxeiras.

En liñas xerais, son mulleres con formación básica, escasa experiencia laboral e a que teñen está relacionada con empregos de baixa cualificación; persoas soas, con ingresos económicos derivados de prestacións ou pensións mínimas (RISGA ou PNC). Na súa maioría foron vítimas de violencia de xénero nalgún momento da súa vida, aínda que poucas presentaron denuncia. En relación ao acceso á vivenda, son mulleres que residen en habitacións con dereito a cociña e, máis ocasionalmente, en casas ocupadas, e utilizan pouco os albergues. Con escasa rede social e relacións familiares inexistentes ou deterioradas. Nos casos nos que os fillos e fillas son menores de idade, pasaron a ser tutelados polo Servizo de Protección de Menores. Xeralmente con adiccións e/ou enfermidades/trastornos mentais con ou sen diagnosticar e escasas habilidades sociais. Habitualmente establecen relacións sentimentais con homes para non ser maltratadas por outros homes.



## Cambios no número e no perfil das mulleres sen fogar nos últimos anos

Obsérvase un incremento de mulleres sen fogar nos últimos 4-5 anos. Unha das explicacións a este feito pode ser o “senfogarismo encuberto ou invisible”. Trátase de estratexias desenvolvidas polas propias mulleres para evitar chegar á rúa, e estas mesmas estratexias teñen dificultado o acercamento e coñecemento de moitas situacións. Non é que antes non houbera mulleres sen fogar e con necesidade de axuda, senón que non eramos tan conscientes de que existían polo que, agora que esgotaron todas as posibilidades de apoio da súa propia rede, vense obrigadas a buscar solucións desde a propia rúa. Entre os factores determinantes para que unha muller chegue á rúa atópanse os relacionais, vinculados á existencia de problemas familiares e/ou de ruptura coa parella, entre os que se encontran, como non, as situacións específicas de violencia machista.

**Nos últimos anos tamén se perciben algúns cambios no perfil.** Hai máis mulleres mozas e mulleres con perfís non tan desestruturados que atópanse sen fogar pola precariedade do emprego e, aínda que teñan redes de apoio, estas tamén padecen problemas económicos ou persoais. Detéctanse tamén casos de monoparentalidade que non poden acceder ás axudas porque non constan como tales, xa que as parellas aparecen no libro de familia pero están ausentes e non supoñen ningunha axuda.

**Obsérvase un incremento de máis mulleres e máis xente nova nos últimos 4-5 anos**

## Percibiu cambios do perfil das persoas sen fogar nos últimos anos? Cales?

**Si. As persoas na rúa ou infravivenda eran xente con problemas varios e agora, a raíz da crise pasada, se constata que hai moita xente que non foi capaz de remontar a perda do traballo** e isto, sen redes persoais, lévalos á baixa autoestima e problemas de adicción.

**Tamén agora hai máis xente nova** que está na rúa, en casas ocupadas. En moitos casos veñen do sistema de protección de menores e que se atopan en situación de desamparo total, polo que se achegan aos recursos de atención. En xeral, ás persoas que están institucionalizadas (cárcere, centros de menores...) non se lles está dando saída. Igualmente, incrementouse a cifra de mozos e mozas que non proceden necesariamente de contornas desestruturadas pero teñen outros problemas (adiccións, trastornos de personalidade...)

**Baixa autoestima e problemas de adicción**

Como xa se indicou, **tamén aumentou o número de mulleres.**

## 5.2 Necesidades específicas das mulleres sen fogar

### Que necesidades concretas percibe vostede neste grupo? Cales destas son diferenciadas respecto dos homes?

- **Seguridade e intimidade**
- **Vivenda e apoio xurídico**
- **Rede de apoio**
- **Produtos de hixiene e sanitarios**

**Seguridade e intimidade.** Unha muller en situación de senfogarismo corre dobre risco, xa que pode ter engadidos problemas de abusos ou agresións. A percepción de medo e inseguridade é moitísimo máis elevada que no caso dos homes, e increméntase no caso de ter menores ao cargo. Como consecuencia, as mulleres necesitan maior seguridade e intimidade que os homes, necesitan dispoñer dun espazo seguro. Ás mulleres preocúpalles ter que pernoitar nun albergue e, cando chegan á situación de rúa, é porque xa esgotaron todos os seus recursos (redes). Ademais, se hai menores, os recursos para persoas sen fogar non sempre están adaptados. Deberíanse xestionar respostas máis rápidas para as mulleres, para garantirles un aloxamento alternativo e seguro.

**Vivenda e apoio xurídico.** Tanto os homes como as mulleres precisan dunha residencia estable. Non obstante, ás mulleres resúltalles máis difícil atopar unha vivenda. Teñen máis dificultades para acceder ao aluguer e teñen tamén menos oferta de vivenda compartida, ao que se engade o xa mencionado problema da seguridade. Por outra parte, tanto os homes como as mulleres demandan apoio xurídico, axuda para tramitar prestacións e axuda co pago ou busca de vivenda.

**Rede de apoio.** Tanto homes como mulleres precisan apoio psicolóxico, pero as mulleres solicítano máis. No caso das mulleres, é especialmente importante axudalas na construción e/ou no reforzo dunha rede de apoio alternativa ao mantemento de relacións dependentes e tóxicas. Debería garantirse desde o principio o acompañamento por persoal formado que atenda de xeito individualizado. Tamén sería importante a creación de grupos de autoapoio.

**Produtos de hixiene e sanitarios.** Outras diferenzas están relacionadas co ámbito da hixiene e co sanitario. Elas precisan produtos específicos femininos (como os produtos de hixiene feminina e os anticonceptivos) que non sempre resultan sinxelos de conseguir desde calquera servizo.

### Hai mulleres que chegan con fillos ou fillas aos servizos de intervención. Pensa que se atenden adecuadamente estas situacións? Que medidas poderían desenvolverse para abordalas axeitadamente?

**Nos recursos orientados a VVX, considérase VVX a todo o grupo e trátanse de igual forma,** a excepción do tratamento psicolóxico, que ten as súas limitacións. Ás veces as medidas que se adoptan con respecto aos e ás menores deixan pouco campo para poder traballar con eles e elas desde o punto de vista psicolóxico.

**No resto dos recursos non sempre poden atenderse axeitadamente.** Non sempre se conta con recursos de emerxencia para estas situacións. Ás veces se separa a nais dos fillos ou fillas, ou quedan divididas as familias porque se atende por separado a homes e a mulleres. Hai poucos recursos dispoñibles para familias; por exemplo, poucas pensións que cumpran os requisitos



de habitabilidade para elas. A isto cabe engadir as necesidades de materiais específicos para os nenos e nenas (carriños, cueiros...)

**Accións necesarias.** Debería actualizarse a rede de recursos tendo en conta estes novos perfís, con centros de aloxamento de media/longa estadía para familias, cun nivel de seguridade adecuado e horarios e normas flexibles. Ao mesmo tempo, é necesario que eses recursos sexan xestionados por profesionais con formación que realicen unha atención individualizada en cada situación.

### Como se atende ás familias completas que se atopan sen fogar?

**Como xa se indicou, non hai moitos recursos axeitados para as familias completas** e adoitan derivarse a recursos fóra da rede de persoas sen fogar. Cando hai menores a cargo, actívanse outras ferramentas de protección, para tratar de evitar que cheguen aos albergues ou aos comedores sociais. Un ou unha menor non debería estar nunca nese escenario. Aínda así, ás veces, se atende en comedores a familias con menores, pero son situacións puntuais e de emerxencia.

**Non hai moitos recursos axeitados para as familias completas**

**O número de familias sen fogar podería incrementarse no futuro.** Hai un problema grave estrutural de acceso á vivenda que afecta en gran medida ás familias.

**Accións necesarias.** Hai que tomar medidas desde as Administracións para que as familias poidan acceder a unha vivenda; que existan parques de vivendas sociais xestionadas polas Administracións locais. O acceso á vivenda ten que ir da man do acompañamento social, para que as familias non recaian no problema pasado (para que, por exemplo, non teñan que sufrir varios desafiuzamentos).

**O medo, a percepción da súa vulnerabilidade, aparece nas entrevistas como un dos factores que dificulta que as mulleres soliciten os servizos de atención.**

**Parece que o feito de que haxa outras mulleres e de contar con persoal atendendo as 24 horas lles proporciona máis seguridade. Pensa que se está tendo en conta o factor medo nos servizos que se prestan ás mulleres sen fogar? Que medidas poderían desenvolverse para solucionar este problema?**

**Os recursos deberían contar sempre con profesionais do ámbito do social de ambos xéneros**

**Nos dispositivos orientados a VVX se ten máis en conta. Nos outros recursos non sempre se lle pode prestar a atención requirida.** A maioría dos recursos contan cunha atención as 24 horas pero, en moitas ocasións, trátase de persoal de seguridade, varóns, que non está adecuadamente formado e que non presta a especial atención que precisan certas situacións ou espazos.

**Accións necesarias.** Os recursos deberían contar sempre con profesionais do ámbito do social de ambos xéneros, formados neste área de intervención, capaces de detectar situacións de risco. Fan falta protocolos para resolver situacións de violencia ou de falta de seguridade. Sería convinte ter espazos diferenciados entre mulleres e homes.

**O temor a perder a custodia dos fillos e fillas (por adicións ou problemas de saúde mental) aparece como outra das causas que pode influír en que as mulleres non acudan aos servizos. Hai un tratamento consciente deste problema? Que habería que facer para que isto non sucedera?**

**Aínda que as entidades son sensibles co problema, ás veces non se ten en conta todo o que se debe**

**Estas situacións danse. As mulleres esgotan as súas redes antes de acudir a un recurso polo medo a perder os fillos ou fillas.** E, cando chegan, ás veces ocultan esta situación nun primeiro momento porque séntense xulgadas. Se na intervención estase a insistir sobre a situación dos fillos e das fillas cando están a seguimento en Menores, as nais (como mecanismo de defensa) afástanse dos recursos sociais e só acoden ao estritamente necesario.

**Aínda que as entidades son sensibles co problema, ás veces non se ten en conta todo o que se debe.**

**Para que isto non suceda, deben atenderse non desde o control e o castigo, senón desde o acompañamento e o respecto ás decisións que toman esas persoas,** sempre que non sexan prexudiciais para os e as menores. Trátase de crear un clima de confianza e sinceridade, que non nos vexan como unha institución que pode tomar medidas punitivas senón como apoio e axuda, xerando reflexións conxuntas respecto ao coidado dos fillos e fillas desde a empatía e a comprensión, sen xulgar.

**Ademais é necesario “desmontar os mitos”, cambiar a visión xeral que se ten do Servizo de Menores.** Ofrecer unha información clara e axeitada do dito servizo, que a muller saiba que pode recibir apoio para pasar por situacións difíciles na crianza das súas fillas e os seus fillos ata que se establece e melloren as súas circunstancias.



### 5.3 Sobre a coordinación e a atención integral

**Nun comedor social indicáronnos que non reciben información (pola protección de datos) sobre a situación das mulleres que chegan alí (se, por exemplo, son VVX ou se teñen adiccións), polo que non poden prestarlles unha atención algo máis personalizada.**

**Pensa que os diferentes servizos funcionan coa suficiente coordinación? De non ser así, como mellorar o seu funcionamento?**

**Debe mellorarse a coordinación**

**Non sempre hai coordinación e, aínda que a haxa, pode mellorarse.**

A coordinación acaba dependendo, con frecuencia, do propio estilo da entidade ou do persoal técnico. Ademais, pode verse dificultada pola protección de datos. E, ás veces, dúplícanse os recursos.

**Accións necesarias.** Un dos instrumentos importantes para mellorar a coordinación é a Historia social única ou a xanela única. Tamén se menciona a solicitude de autorización á persoa afectada para o tratamento dos datos, o que permitiría que persoal técnico puidese intercambiarse información, sempre desde o ámbito profesional e coa confidencialidade precisa. Igualmente axudaría contar cun diagnóstico previo por parte da Administración, de xeito que non teñan que ser as propias entidades as que decidan que tempo ou que tipo de atención debe darse ás persoas.

Desde unha perspectiva máis ampla, propónse deixar de pensar no termo de coordinación para pensar na intervención en rede e na creación de espazos de análise de casos, coa participación de, como mínimo, un o unha profesional responsable de cada entidade. Habería que ter en conta que traballar en rede é traballar de forma colaborativa, construír co outro, non só prácticas senón significados e sentido da intervención. Vai moito máis alá da coordinación. Isto tamén implica pensar en rede e realizar protocolos de derivación adecuados ás novas necesidades, canles de comunicación e información seguros. Ningún problema ou situación de sufrimento pode ser abordable desde unha única organización, ou desde un sistema (saúde, educación, servizos sociais, protección á infancia...).

Por outra banda, deberían evitarse duplicidades e solapamentos, os servizos non deberían competir polos recursos públicos senón complementarse. Ademais, debería proporcionarse unha formación básica en materia de igualdade e de violencia de xénero a todo o colectivo de profesionais que traballan en servizos sociais.

**Pensa que se está a dar unha atención integral que permita ás mulleres recuperar a súa autonomía?**

**Depende de cada recurso. Non todos os recursos traballan desde unha óptica integral.** Os comedores e os albergues deben ser só para casos de emerxencia. Estes recursos teñen tempos breves, horarios... que non permiten recuperar a autonomía. Nos casos de VVX tamén teñen unha temporalidade de 3 a 6 meses, o que engade estrés á situación na que xa están. Non é que teñan que ser servizos permanentes pero si adaptados ás persoas e ao tempo que lles custa recuperarse.

**Aínda temos moito que facer e que mellorar**

A recuperación das mulleres VVX supón non só a desaparición da violencia da súa vida, senón a reconstrución da súa vida persoal e social con liberdade, independencia e calidade. Estas mulleres deben emprender numerosas accións, como axentes activos do seu proceso de recuperación; accións que supoñan o seu empoderamento, encamiñadas a que decidan por elas mesmas, a que aumenten a súa autoestima e benestar psicolóxico, a que se autoafirmen e recompoñan as súas redes sociais, a que se coiden e volvan a querearse.

**Aínda temos moito que facer e que mellorar.** Para poder dar unha atención totalmente integral, precísanse recursos de aloxamento específicos para mulleres e poder adaptar o resto de recursos coa perspectiva de xénero.

### É a protección de datos un problema que dificulta a atención integral?

**Nalgúns casos, si.** As persoas que acoden a diferentes recursos teñen que repetir a súa historia. Ademais, se un recurso detecta un caso de violencia de xénero e se comunica, pasa un tempo, ata que entra na rede, no que non están atendidas.

**Non obstante, a protección de datos non debería ser unha dificultade se houboese unha coordinación efectiva.**

### Facilitaría a asistencia dispoñer de protocolos?

**Si, son necesarios.** Os que existen semella que funcionan ben. Os protocolos axudarían a que en cada recurso se estivese pendente de interpretar os sinais de alerta e se tivesen claras as accións máis urxentes que se deberían realizar nesas situacións; por exemplo, saber como actuar ante a chegada de mulleres con menores. Axudarían á coordinación constante entre todo persoal técnico, os servizos sociais e os sanitarios. Facilitarían a xestión se simplificarían as condicións documentais de acceso aos recursos. As persoas están cansas de entregar documentación en todos os recursos aos que acceden.

**Agora ben, os protocolos non poden ser excesivamente ríxidos,** xa que coas persoas hai que ser flexibles. Non se pode tratar igual a todas as persoas e uniformar. Os protocolos deben tender a facilitar o acceso e non a poñer trabas porque non se dispón dun papel ou non se presenta a tempo.

### Aténdese adecuadamente ás mulleres sen fogar con múltiples problemas (saúde mental, adiccións, discapacidade, enfermidade de longa duración, VVX...)? Que medidas habería que adoptar para mellorar a súa atención?

**é preciso profesionalizar os servizos e recursos**

**Intenta dárselles unha atención integral pero é difícil porque non hai unha coordinación axeitada.** Tende a estandarizarse. Os prazos, os horarios... dos recursos ás veces imposibilitan ou demoran as intervencións. En ocasións, falta tanto información como formación sobre eses problemas específicos. A isto engádese que,



no ámbito da saúde, hai moitas veces un descoñecemento dos recursos. Ademais, o acceso ao sistema de saúde vese dificultado polos requisitos burocráticos, xa que é preciso empadroarse, e, mentres tanto, as persoas quedan sen atender. Tamén é complicado o seguimento das enfermidades e dos tratamentos, sobre todo en persoas en situación de rúa.

**Accións necesarias.** É indispensable unha axeitada coordinación. Debería haber un técnico ou técnica de referencia para cada caso, que coordinase os servizos e liderase a atención prestada, que escoitase a persoa usuaria e lle fixese un seguimento. Son tamén necesarios protocolos. Ademais, debería contarse con prazas de longo recorrido, para que poidan solucionarse os distintos procesos das persoas. Así mesmo, é preciso profesionalizar os servizos e recursos, que non dependan tanto do voluntariado.

### Sería útil que todos os centros dispuxesen dunha guía con todos os servizos dispoñibles para a atención, polo menos os da mesma provincia?

Os recursos deberían dispoñer dunha guía realista

**Por suposto. Deberían ter todos os recursos unha guía** coa listaxe dos servizos, teléfono e persoa de contacto, e estar esta guía totalmente accesible e fácil de consultar no mesmo momento da chegada dunha persoa usuaria.

**Agora ben, a guía debería ser realista.** Ás veces sinálanse ofrecementos de servizos pero non como se presta o servizo, a súa calidade e cantidade, é dicir, non se explica como se cobre a demanda.

## 5.4 Inclusión laboral

### Como se traballa a empregabilidade das persoas sen fogar?

Mellorar a autoestima das persoas

**Desde os recursos de atención a persoas sen fogar non podemos pretender traballar na empregabilidade cando hai carencias persoais e materiais básicas.**

As persoas sen fogar, en xeral, presentan falta de habilidades, de rutinas... que teñen que recuperar ou adquirir. Hai que traballar habilidades prelaborais. Non se debe poñer como obxectivo inicial o acceso ao emprego, xa que este non é o "solucionador" de todas as dificultades e, en ocasións, se lles presiona con acceder a un emprego cando, no caso de que o consigan, posiblemente non o poderán manter polos déficits competenciais que presentan (limitadas habilidades sociais, escasos hábitos de cumprimento, dificultades para organizar a hixiene persoal se están na rúa, etc.). Tamén estar nun albergue estigmatiza moito de cara a obter un emprego, ao que cabe engadir o problema dos horarios, ao ter que volver ao albergue a unha hora anterior á de finalización do horario laboral.

**Propostas.** O proceso sería o seguinte: 1) Cubrir as necesidades básicas. A vivenda é fundamental, é o primeiro factor; 2) Acompañamento no proceso de reinserción; 3) Formación prelaboral; 4) Alternativas residenciais (pisos de tránsito, vivenda social...); 5) A inclusión laboral debe ser o último punto deste proceso.

Habería tamén que fomentar os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral.

En todo ese proceso é moi importante un enfoque motivacional, mellorar a autoestima das persoas. Son persoas con maior desmotivación, descoñecedoras, en moitos casos, do mercado laboral, e que precisan cubrir a súa sensación de sentirse válidos de cara á sociedade. É imprescindible realizar unha valoración das súas capacidades reais para coñecer o que se pode esperar delas á hora de traballar a inclusión no mundo laboral; moitas persoas teñen habilidades non conscientes para elas que descubren durante este primeiro momento e que lles facilita o camiño de cara á inclusión laboral. Consiste nun traballo extenso de motivación mediante obradoiros de empoderamento e mellora da súa empregabilidade.

### **Xunto ás medidas de carácter xeral, deberían existir algunhas específicas para as mulleres? Cales?**

**É importante contar con medidas específicas para mulleres**

**É importante contar con medidas específicas para mulleres.** As mulleres téñeno dobremente difícil: traballos de baixa cualificación, en negro... As persoas empregadoras sábeno e explotan a situación das mulleres ofrecendo peores condicións. Un factor adicional que dificulta o acceso destas mulleres ao traballo é o desgaste emocional que traen consigo cando están superando, ou pasaron, por procesos de violencia de xénero.

No programa de Emprego da Cruz Vermella incorpórase un programa específico para mulleres. Moitas acoden directamente antes de chegar a ningún recurso específico como persoa sen fogar, é dicir, a súa demanda principal é a busca de emprego, e nalgún caso son derivadas cando expresan a súa realidade. Trátase de mulleres con familias monoparentais, unha gran parte delas demandantes de primeiro traballo e con experiencia en traballos non regulados (coidadoras familiares, empregadas do fogar, internas...). As persoas responsables deste programa de Emprego tamén destacan un cambio de perfil profesional, mulleres inmigrantes con formación e experiencia no país de orixe pero sen títulos homologados para exercer en España. Pensemos que é necesario este programa de mulleres porque hai ocupacións específicas para elas que lles poden facilitar a entrada no mundo laboral e sinalan que requiren menos formación, xa que son actividades que requiren capacidades que son máis sinxelas de adquirir para elas.

**Accións necesarias.** Hai que empoderar as mulleres, traballar na creación de emprego desde as súas necesidades, facilitar a conciliación laboral se hai menores a cargo, facilitar o acceso a cualificacións non tradicionalmente femininas e apoiar/subvencionar o acceso das mulleres a empregos non feminizados.



## En que porcentaxe (aproximado) cree que é posible acadar a inclusión laboral das mulleres sen fogar?

**Moi baixo, case nulo, se son mulleres en situación de rúa. Para mulleres que teñen estabilidade (persoal, económica, residencial...) e unhas habilidades sociais máis desenvolvidas, as posibilidades de lograr un traballo son algo maiores.**

Como xa se comentou, son moitos os problemas que dificultan o acceso das mulleres a un posto de traballo. Agora ben, independentemente de todos estes factores que obstaculizan a inclusión laboral das mulleres, os datos facilitados polos responsables do programa de Emprego de Cruz Vermella con respecto a este ano 2019 din que, do total das inclusións laborais conseguidas, un 61% é de mulleres; evidentemente non todas parten dunha situación de exclusión social tan difícil como a que se está a tratar neste estudo, pero un número relevante delas entra dentro do perfil. Isto pode traer consigo unha posible conclusión, xa que, pese ás dificultades iniciais que estas mulleres poidan presentar, quizá son máis capaces, en comparación cos homes con situacións parecidas, en saír e superar certas circunstancias.

### 5.5 Relación entre senfogarismo e violencia de xénero

#### O senfogarismo causa violencia de xénero?

**Por suposto que si, pode incrementarse a violencia de xénero pola situación de vulnerabilidade.** As mulleres son obxecto de agresións sexuais e vítimas de intercambio de favores. Mulleres que están co home para realizar as tarefas do fogar e ser obxecto sexual. As mulleres con adicións tamén se expoñen a intercambiar droga por sexo. Hai agresións sexuais e doutro tipo que non se coñecen (nin nos servizos sociais). Hai un mundo oculto que non coñecemos.

**Pode incrementarse a violencia de xénero pola situación de vulnerabilidade**

As mulleres atendidas sofren abusos, manteñen relacións tóxicas e, con moita frecuencia, afianzan a relación de dependencia co seu agresor. Debido á falta de recursos para a muller e a pouca seguridade dos existentes, as mulleres están desprotexidas e vulnerables; a miúdo é este o motivo polo que abandonan a intervención nos recursos e acaban na rúa. Isto non fai máis que expoñelas a unha situación de maior desprotección.

En moitas ocasións, as mulleres buscan a parella masculina como figura de amparo ante outros posibles agresores. O medo fai que se arrimen a un compañeiro, a un home, para sentirse protexidas. Este adoita ser o inicio dunha situación de baixa autoestima, culpabilidade, falta de medios económicos, xa que, frecuentemente, a persoa que nun principio a protexía acaba sendo o seu principal perigo.

## A violencia de xénero causa senfogarismo?

**As mulleres VVX poden perder as súas redes de seguridade e chegar a verse sen fogar**

**Por suposto. As mulleres VVX poden perder as súas redes de seguridade e chegar a verse sen fogar.** Poden quedar sen fogar por distintos motivos: ou ben o medo lles impide continuar no seu fogar, ou a situación económica non lles permite quedar nel. A posición de inferioridade con respecto ao home na que se pode encontrar a muller VVX provoca que a súa situación persoal desemboque na perda da propia vivenda e das rendas do seu proxecto vital.

Ademais, cando á violencia de xénero súmanse outros problemas como senfogarismo, inestabilidade residencial, adiccións ou problemas de saúde mental, a situación destas mulleres agrávase. Os recursos da rede de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero non están preparados para dar resposta a aquelas que arrastran múltiples problemas, tendo estas, grandes dificultades de adaptación ao sistema. Isto leva a que se acabe situando o problema da inadaptación na muller, contribuíndo a unha vitimización múltiple da súa situación. Ante este tipo de circunstancias, o propio sistema de protección deriva o asunto aos servizos sociais ao considerar erroneamente que é competencia deles, favorecendo así a expulsión das mulleres da rede de apoio ás vítimas de violencia. Non debería ser así porque, cando unha muller é vítima de violencia de xénero, debería priorizarse por enriba de todo a protección e a atención a esta situación tan extrema e vulnerable.

## Nas entrevistas se indica que as mulleres VVX teñen que acudir nalgúns casos a albergues, o que incrementa a súa vulnerabilidade. Son suficientes e adecuados os servizos para atender ás mulleres VVX?

**Os recursos específicos non son suficientes**

**Os recursos específicos non son suficientes polo que, en ocasións, vense esgotados e hai que recorrer a recursos máis de emerxencia.** As mulleres VVX deberían ser sempre atendidas directamente polos recursos específicos sen pasar por outros, como os albergues, onde os problemas poden agravarse.

Ademais, moitos dos recursos dispoñibles non están adaptados aos novos perfís e non están preparados para atender a VVX que teñen outros problemas asociados. É o sistema o que tería que adaptarse á situación das persoas de xeito individualizado.

Hai, así mesmo, un problema de tempos, xa que á saída do recurso tería que contarse con máis tempo de acompañamento, labor que debería ser levado a cabo polos servizos especializados para as mulleres VVX (casa de acollida, atención psicolóxica, atención xurídica, atención social e sociolaboral). Ou que haxa unha coordinación máis estreita.

Por outra banda, tamén debería haber pisos aos que puidesen acceder mulleres vítimas aínda que non denunciaren. Cando as mulleres non presentan denuncia poden verse fóra da rede de protección.



## 5.6 Acceso á vivenda

**Nas entrevistas se recolle que cada vez son máis as dificultades para acceder a unha vivenda, especialmente no caso das mulleres VVX nais.**

**Aínda que existan axudas, son cada vez máis esixentes os requisitos que imponen os arrendadores (ter antigüidade no traballo, ou nómina que triplique o prezo do aluguer...). Que solucións poden darse a este problema?**

Accións necesarias:

- É necesaria unha acción urxente en vivenda social; crear unha tipoloxía de vivenda social específica para persoas sen fogar e, neste caso, para mulleres VVX, con requisitos flexibles e adaptados ás súas necesidades.
- Acompañamento ás mulleres para mitigar os receos dos propietarios ao aluguer. Formación específica de mediadores/as con capacidade de intervir nestes casos.
- Manter as axudas ao aluguer, poder garantir ao arrendador ou arrendadora que vai cobrar porque a muller conta con axudas a longo prazo.
- Unha política para controlar os prezos do aluguer; estamos agora a replicar o problema pasado cos prezos da vivenda (compra-criese) nos prezos do aluguer.
- Deseño de políticas de vivenda a longo prazo que dean estabilidade ao mercado. Unha política que diferencie a vivenda libre, a asequible e a social. Contar coa opinión dos axentes sociais para legislar.

**Que modalidade de acceso á vivenda ou recurso residencial (housing first, vivenda de inserción, centro de acollida básica...) considera máis adecuado?**

**Todos son axeitados sempre que estean adaptados á situación de cada persoa. Canto maior sexa o abano de posibilidades, mellor poderemos afrontar o problema do senfogarismo.** Os albergues e centros de emerxencia deben ser para casos puntuais e logo debe pasarse a recursos intermedios que permitan o acceso á vivenda, traballando desde o enfoque de que todas as persoas teñen dereito a unha.

**O importante é valorar e deseñar un proxecto personalizado coa persoa, sempre contando coa súa opinión,** posto que ela será a que mellor poderá ir marcando o ritmo nos seus avances. Cada persoa só por ser diferente ten dereito a dispoñer dos recursos máis adaptados a cada situación e ao momento no que se atopa. Temos que intentar evitar as intervencións estandarizadas e promover un enfoque baseado nas necesidades, expectativas, capacidades e preferencias de cada persoa atendida; resulta esencial desde o punto de vista das desigualdades de xénero e permite ter en conta as circunstancias específicas das mulleres atendidas. Tamén temos que ter en conta a importancia de intervir e realizar accións para integrar a persoa na propia comunidade da maneira máis axeitada.

## 5.7 Solucións ao senfogarismo

### **Cara onde debería enfocarse a solución ao senfogarismo? Propoña, ademais, 3 medidas que considere prioritarias**

#### Entrevistada 1

- 1) O senfogarismo é a consecuencia de moitos problemas. Ás veces conseguimos que as persoas teñan uns mínimos ingresos e unha vivenda e sucede que botan todo atrás. É aí onde hai que traballar, que as persoas recuperen as redes de apoio, paliar a soidade.
- 2) No rural hai moita xente maior necesitada de axuda e podería haber programas de acompañamento que xeren vínculos de unión que dean resposta ás necesidades das dúas partes. Nas cidades tamén ocorre o mesmo, aínda que hai máis recursos de apoio ás persoas maiores.
- 3) Xerar un parque de vivenda social e recursos que se adapten ás necesidades que se van detectando.

#### Entrevistada 2

- 1) Incidir na prevención, anticiparse á situación do senfogarismo. Se finalmente se chega a esa situación, que se estea nela o menor tempo posible para que non se faga crónica.
- 2) Medidas que dean acceso á vivenda.
- 3) Acompañamento social: máis recursos para o acompañamento.

#### Entrevistada 3

O senfogarismo no punto no que se encontra ten que enfocarse principalmente na prevención, de maneira que sexa posible anticiparse á perda do fogar e ás situacións de rúa; prestar especial énfase nas estratexias selectivas orientadas aos colectivos que están en maior risco. Temos que ser capaces de detectar nas súas fases iniciais os procesos graves de exclusión susceptibles de derivar en situacións de senfogarismo, e intervir de forma proactiva en tales situacións. O que temos que ter en conta é que erradicar o senfogarismo non pode significar criminalizar as persoas sen fogar ou realizar xuízos sobre a súa situación. É necesario avanzar cara políticas estratéxicas deseñadas a longo prazo. Significa investir tempo e recursos en solucións duradeiras, alternativas reais e personalizadas. Non só hai que evitar entradas no senfogarismo, tamén hai que garantir saídas sostibles desa situación.

As tres medidas que penso poden ser prioritarias desde a miña visión son:

- 1) A creación e mellora dos servizos dirixidos a persoas sen fogar.
- 2) A intervención en rede.
- 3) O acceso a vivendas asequibles.



#### Entrevistada 4

- 1) Vivenda.
- 2) Acompañamento ás persoas, atención centrada na persoa. É importante nas persoas con necesidades severas, persoas con moito deterioro persoal.
- 3) É fundamental a formación dos e das profesionais e realizar unha revisión autocrítica do modelo de atención. O tema da xanela única é fundamental. Ser capaces de dar respostas rápidas e inmediatas que axuden a combater a cronificación, a conter a deterioración e ao establecemento dun vínculo cun/cunha profesional de referencia como paso previo ao desenvolvemento dun itinerario de inclusión. O sistema non trata ben ás persoas; temos que facilitarlles os trámites, non complicarlles a vida. Requírese unha atención personalizada.

#### Entrevistada 5

Non se rexistrou resposta

### 5.8 Análise DAFO da atención ao senfogarismo feminino e a súa vinculación coa violencia de xénero

#### Debilidades

- Continuar co que temos, sen ser capaces de adaptarnos. Non pararnos a estudar o que funciona ou non e seguir apagando lumes no día a día. Hai que escoitar as persoas.
- Escaseza de recursos de acollida e gran número de persoas sen fogar.
- Ata o de agora apenas se coñecía esta realidade; hai poucos estudos ao respecto.
- Recursos non adaptados ás necesidades das mulleres. Falta de adaptabilidade das condicións dos propios centros con respecto ao que se refire á perspectiva de xénero e á necesidade de seguridade e intimidade.
- Poucas alternativas para mulleres con menores.
- Descoñecemento por parte das mulleres dos recursos e/ou medo a utilizalos.
- Pouca formación dos axentes implicados, principalmente nos aspectos relativos á violencia de xénero.
- Falta de recursos e medios que non dependen directamente da nosa xestión.
- Os servizos non teñen en conta suficientemente as necesidades de relacións persoais, a busca da felicidade.
- Hai recursos pero hai que mellorar a organización para optimizar a eficacia das intervencións.

## Ameazas

- Obsérvanse cambios importantes e estanse a incrementar os perfís distintos dos que tiñamos ata agora, como familias en situacións de senfogar, para os que non existe un recurso axeitado. Hai que traballar máis na prevención.
- Incremento do número de mulleres en situación de senfogar.
- Dificultades para o acceso á vivenda: alugueres moi altos ou con moitos requisitos, pensións non adaptadas a menores.
- Temporalidade dos recursos, pouco acompañamento á saída deste
- Que ante a escaseza de recursos de acollida, aumente o número de persoas en situación de rúa.
- A Lei de protección de datos dificulta a coordinación.
- Cambios políticos e na lexislación que poden supoñer sobrecostos que hai que considerar como riscos.
- Se o mercado laboral empeora, fanse visíbeis as persoas que, aínda que traballaban, arrastraban problemas persoais; pero, como consecuencia, deixan de visibilizarse as que estaban en situación crónica sen fogar, que pasan a un segundo plano.
- A sociedade actual dificulta as redes persoais. Atopámonos con persoas soas e cuxos vínculos son con persoas cos mesmos problemas.
- O discurso do odio está instalado non só fronte aos estranxeiros senón tamén cara ás persoas que viven na rúa. Hai unha gran deshumanización das relacións sociais.

## Fortalezas

- A especial sensibilidade do persoal deste campo. Ser conscientes de que se traballa para as persoas.
- Dispoñer de persoal profesional, capaz de realizar o traballo con obxectivos claros, con experiencia na intervención coas persoas sen fogar e a relación de empatía e confianza creada coas persoas atendidas.
- A experiencia e o coñecemento acumulados polos anos de intervención e polo estudo das necesidades das persoas sen fogar.
- Maior preocupación por parte da Administración por coñecer esta realidade. Nótase a escoita da Administración.
- Empezan a facerse estudos sobre muller e senfogarismo. Empeza a visibilizarse nas diferentes campañas o rostro de muller.
- Maior consciencia de que somos pezas do mesmo engranaxe e que hai que traballar en coordinación.
- Nalgunhas entidades, dispoñen xa de programas específicos para as mulleres.



## Oportunidades

- Maior preocupación por coñecer esta realidade e facela visible.
- Hai que aproveitar o coñecemento adquirido. Se nos paramos a estudar o que levamos feito poderemos dar unha resposta máis axeitada e adaptarmos ás novas situacións.
- Os recursos empezan a contemplar máis prazas para mulleres.
- Intervención en rede para mellorar a calidade da nosa intervención e dar unha resposta máis adecuada.
- Traballar sobre a eliminación dos estereotipos que temos sobre as persoas sen fogar. A información, a sensibilización e a formación son necesarias.
- Hai oportunidades no traballo sobre vínculos e acceso a espazos de encontro ou de lecer entre persoas sen fogar e persoas con fogar. Hai unha gran necesidade de coñecemento mutuo. Desenvolver dinámicas de traballo comunitario pode ser unha ferramenta extraordinaria.
- Estamos nun momento no que hai interese desde as Administracións. Non hai que desaproveitalo para mellorar o proceso de intervención e dotar de recursos.
- Tratar de ampliar a coordinación entre os distintos axentes que traballan nesta temática.





# RESUMO DOS PRINCIPAIS RESULTADOS DO TRABALLO DE CAMPO

R. Díaz-Vázquez, E. Vázquez-Rozas & L. Benito

O estudo pretende afondar no coñecemento do senfogarismo feminino en Galicia, poñendo o foco nas mulleres cuxa situación está incluída nas tipoloxías ETHOS: sen teito (A), sen vivenda (B), vivenda insegura (C) e vivenda inadecuada (D). En concreto, no traballo de campo preténdese coñecer a visión das necesidades e as respostas e atención que se presta a este grupo dende a perspectiva de responsables de centros consultados (da Rede xeral de atención social e da Rede específica de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero) nas sete principais cidades galegas, así como a visión das propias mulleres usuarias, ademais de contar coa opinión de persoas expertas na materia.

Neste documento preséntase un resumo dos primeiros resultados globais obtidos a partir das enquisas realizadas tanto ás mulleres usuarias como ás persoas responsables dos centros seleccionados, que se encontran dentro das seguintes tipoloxías: albergues, comedores sociais, centros de acollida, centros de atención continuada e centros da Rede galega de acollemento a mulleres vítimas de violencia de xénero. Engádese tamén un resumo das entrevistas realizadas a cinco persoas expertas, que achegan reflexións e opinións en relación ao problema do senfogarismo, especificamente o senfogarismo feminino.

Os resultados presentados neste resumo fan referencia á análise dos datos tomados no seu conxunto, tanto no que se refire aos derivados da enquisa a centros como aos das enquisas ás mulleres usuarias, mostrando ademais as diferenzas nas respostas obtidas cando se trata ou non de mulleres que sufriron ou sofren violencia de xénero, independentemente de que sexan atendidas nun centro PSF ou nun centro da Rede VVX. Sempre que a dispoñibilidade de datos o permite, ofrécense os resultados diferenciados segundo se trate de centros PSF como de centros da Rede VVX.



## Enquisa ás persoas responsables dos centros

No proxecto participaron un total de 27 centros: 22 centros da rede xeral de atención social (8 Albergues, 7 comedores sociais, 4 centros de acollida e inclusión, 3 centros de atención continuada) e 5 recursos da rede específica de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero (3 casas de acollida, 1 piso tutelado e 1 centro de recuperación integral para mulleres).

A distribución territorial dos centros de atención da rede xeral é a seguinte: 5 centros en Santiago e A Coruña, 4 en Ferrol, Ourense, Vigo e Pontevedra, e 1 en Lugo.

O 84% dos centros consultados traballan en rede con outros recursos de atención social, tanto cos servizos sociais do concello coma co resto de axentes e entidades sociais, unidades de saúde, CIM, as forzas de seguridade do Estado, Administración e ONG, etc.

### Perfil das mulleres usuarias

Os datos achegados polas persoas responsables dos 27 centros indican que máis da metade das mulleres sen fogar atendidas son españolas, cunha idade media de 41 anos; unha cuarta parte teñen fillos ou fillas menores ao seu cargo, e tamén unha de cada catro acoden ao centro coa súa parella. Atópanse diferenzas co perfil das mulleres VVX, pois neste caso son algo máis numerosas as españolas, son de menor idade (38 anos) e unha de cada tres son nais de menores a cargo. Ademais, neste caso, moi poucas acoden coa súa parella ao centro, e ningunha no caso dos centros da Rede VVX. Destaca a diferenza no peso das persoas inmigrantes en situación irregular, maior entre as mulleres en conxunto que entre aquelas que son vítimas de violencia de xénero.

A forma máis habitual en que as mulleres teñen coñecemento dos centros é por información en asociacións, parroquias, ou ONG etc. e sinalan que manteñen contacto continuado coas entidades e levan un seguimento das persoas derivadas a outras entidades, especialmente en situacións de vulnerabilidade das mulleres. No caso das mulleres atendidas na Rede a principal vía de coñecemento son os servizos específicos de atención ás vítimas de violencia de xénero.

Atópanse diferenzas entre homes e mulleres en relación á situación residencial. Nos homes é moi habitual que vivan na rúa mentres que as mulleres é máis habitual que residan nunha pensión. Obsérvanse diferenzas entre as mulleres VVX, sendo moi habitual que as mulleres usuarias da Rede residan na súa propia vivenda, mentres que as atendidas por outros recursos moi poucas viven na súa casa, senón que é máis común que residan con familiares ou amizades o ben en pensións.

Detectouse que o temor a perder a custodia dos fillos e fillas (por adicións ou problemas de saúde mental) aparece como unha das causas que pode influír en que as mulleres non acudan aos recursos para atender ás súas necesidades.

### Servizos: oferta e demanda

Os centros sinalan que ofrecen unha atención social integral, asesoría xurídica e psicolóxica. E en xeral incorporan a perspectiva de xénero na formulación ou desenvolvemento dos servizos que ofertan. Os centros levan a cabo actuacións particulares cando se trata de mulleres sen fogar que ademais sofren ou sufriron violencia de xénero: educación en seguridade física e

psicolóxica, orientación sobre os servizos médicos, educativos e legais, derivación a recursos específicos de atención ás mulleres VVX ou a recursos para a procura de emprego e aloxamento, e aplícase o protocolo para valoración policial de risco de violencia de xénero.

Os servizos de Valoración, orientación e información, Asesoramento técnico especializado e os de Provisión de recursos básicos e de Cobertura de necesidade de alimento, son os máis demandados polas persoas usuarias dos centros. Polo tanto as principais demandas das mulleres sen fogar céntranse no acceso a un aloxamento estable e á seguridade (atención 24 horas ao día, que haxa máis mulleres no centro, etc.). Tamén demandan produtos específicos de hixiene e coidado feminino, así como recursos específicos na área reprodutiva e sexual. Pódese destacar que en comparación coas mulleres no seu conxunto e coas mulleres VVX usuarias dos recursos que non son da Rede, as mulleres VVX atendidas pola Rede demandan máis os servizos de atención social continuada, asesoramento técnico especializado e apoio á inclusión sociolaboral, así como aos servizos específicos de atención ás mulleres.

### **Necesidades específicas das mulleres sen fogar**

Dende os centros indícase que as mulleres sen fogar precisan aloxamento a longo prazo e cobertura das necesidades básicas para elas e os seus fillos e fillas, se é o caso. Tamén detectan que precisan apoio psicolóxico e atención á saúde mental personalizada, así como apoio terapéutico. Axuda na procura de emprego, coa cobertura das necesidades educativas para o acceso ao mundo laboral, axuda para a procura de vivenda e subsidios de ser o caso. Tamén precisan cubrir as necesidades relacionais para saír das situacións de illamento.

### **Factores de vulnerabilidade**

Nesta enquisa preguntouse ás persoas responsables dos centros a súa valoración sobre a medida en que determinados factores (estruturais, institucionais, persoais e relacionais) poden causar o senfogarismo feminino, e especificamente sobre o senfogarismo entre as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Os factores estruturais (Desemprego ou desemprego prolongado; escaseza ou falta de recursos económicos; falta de oferta de recursos habitacionais; falta de recursos adecuados a cada persoa; procesos vinculados ao mercado inmobiliario que dificultan o acceso á vivenda; recortes nos servizos de atención, sanitario e de vivenda; inmigración) son valorados como bastante o moi importantes como causas do senfogarismo. Destaca como principal variable a escaseza ou falta de recursos económicos, seguida polo feito de estar desempregada e a falta de recursos habitacionais.

Os factores institucionais (Saída dunha institución sen un fogar ao que volver; problemas de cobertura dos servizos; déficits de coordinación entre os servizos; mecanismos inadecuados de asignación de determinados servizos ou prestacións) son valorados como bastante importantes, destacando os problemas de cobertura dos servizos.

Os factores persoais (Discapacidade ou enfermidade de longa duración; enfermidade mental, patoloxía dual; trastornos adictivos; situación itinerante; baixa cualificación; minoría étnica; transexualidade), son valorados como bastante ou moi relevantes, destacando o feito de ter unha enfermidade mental, seguido dos trastornos adictivos, discapacidade ou enfermidade de longa duración, e ter baixa cualificación.



Os factores relacionais (Monoparentalidade; falta ou debilidade dos apoios familiares e/ou de redes; rupturas traumáticas de parella; soidade, illamento social da persoa; contorna familiar con violencia de xénero) resultan determinantes para o senfogarismo, sobre todo a falta de apoios familiares ou redes, seguido do problema do illamento social da muller

En xeral, non se obteñen resultados moi dispares entre os dous grupos de mulleres, pero destacan as diferenzas seguintes:

- Nos factores estruturais é menor a incidencia para as mulleres VVX que para o conxunto das mulleres sen fogar, e máis relevantes para as mulleres que non son usuarias da Rede.
- Os factores institucionais determinan de forma semellante o senfogarismo entre os dous grupos de mulleres, aínda que se pode destacar que os problemas de cobertura de servizos teñen unha incidencia superior para o conxunto das mulleres que para as vítimas de violencia de xénero, e dentro destas máis relevante para as mulleres que non son atendidas na Rede.
- Os factores persoais teñen unha incidencia inferior nas mulleres VVX que para as mulleres sen fogar no seu conxunto, sobre todo no feito de ter unha discapacidade ou enfermidade de longa duración, e a situación de itinerancia. Entre as mulleres sen fogar VVX estes factores persoais teñen maior relevancia para as mulleres que non son usuarias da Rede.
- Entre os factores relacionais destaca a importancia do illamento e a falta de apoios familiares ou redes, este último é máis relevante para as mulleres vítimas de violencia de xénero, para as que ademais as rupturas traumáticas e o feito de estar nun contorno familiar con violencia de xénero afectan fortemente o senfogarismo. Os resultados parecen indicar que o problema de soidade e illamento social ten unha repercusión maior entre as mulleres usuarias da Rede que entre as usuarias dos servizos xerais.

As persoas responsables dos centros consultadas indican que habería que considerar algún outro factor adicional entre os determinantes do senfogarismo feminino, como a escaseza de recursos específicos para mulleres, os problemas de conduta derivados do policonsumo ou a incapacidade adquirida. Recalcan que é preciso poder traballar coas mulleres todo o sistema de crenzas limitantes que as manteñen en relacións baseadas na violencia.

### **Violencia de xénero como causa do senfogarismo**

A resposta por parte das persoas responsables dos centros é afirmativa. En opinión das persoas entrevistadas ao falar de violencia de xénero como causa do senfogarismo, soen concorrer diversos factores, como o desemprego, a falta de recursos económicos propios, a falta de apoio familiar, os recursos de acollida insuficientes e inadecuados, e a desestruturación persoal severa.

### **Senfogarismo como causa da violencia de xénero**

A resposta a esta cuestión é afirmativa, cunha contundencia maior que a anterior. A opinión xeral é que as mulleres sen fogar están expostas a un risco maior de sufrir violencia de xénero, sobre todo cando están en situación de rúa, onde están soas e son máis vulnerables, e onde se incrementan as condutas adictivas. Tamén sinalan que os problemas de baixa autoestima

e illamento social fan que manteñan relacións forzosas que poden derivar en ser vítimas de violencia de xénero.

### **Cambios no perfil das persoas sen fogar**

As persoas consultadas indican que se observa un crecemento de familias completas que recorren aos servizos, aínda que se mantén o perfil das persoas usuarias que hai anos veñen observando (persoas con adiccións que procedían de familias desestruturadas e de baixo nivel económico e con baixa cualificación, persoas con enfermidades mentais e consumidoras de substancias psicoactivas). Sinalan o aumento de persoas menores de 30 anos e maiores de 65 anos, tamén de persoas inmigrantes indocumentadas. Obsérvase tamén un aumento do senfogarismo feminino encuberto, como o traballo de internas ou a prostitución encuberta.

Detectan que hoxe é máis curto o período de tempo previo entre ter unha situación normalizada (emprego, vivenda, familia...) e chegar a unha situación de sen fogar.

### **Evolución do senfogarismo feminino nos últimos dez anos**

Os resultados da enquisa indican que as persoas responsables dos centros perciben que houbo unha evolución crecente do senfogarismo feminino. Constatan un incremento das mulleres inmigrantes nos albergues, e tamén de mulleres españolas nos servizos de manutención. A percepción dese incremento por parte dos centros PSF é superior á percibida dende os centros da Rede VVX. É salientable o problema de acceso á vivenda derivado da escaseza económica, polos requirimentos por parte das persoas arrendadoras e a pesar das axudas oficiais.

Tamén destacan o incremento de problemas de saúde mental sen diagnóstico ou tratamento, así como o aumento de adiccións nas mulleres. As mulleres que rematan unha situación de tutela, sen un proxecto vital para a maioría de idade tamén corren o risco de sufrir senfogarismo. A violencia de xénero e o incremento dos abusos no ámbito familiar e social indícanse como determinantes do aumento do senfogarismo feminino

### **Ámbitos e propostas de mellora**

As persoas responsables dos centros opinan que é preciso mellorar a tipoloxía e a cantidade de recursos, destacando tamén a necesidade de mellora nos plans de actuación global e na coordinación. Nos centros PSF perciben maior necesidade de mellora que nos centros da Rede VVX en relación á tipoloxía de recursos, á metodoloxía de intervención, á mellora na innovación e á coordinación. A necesidade dunha mellor planificación e normativa é superior nos centros da Rede VVX.

Ademais dende os centros fanse as seguintes propostas:

- Desenvolver unha intervención social preventiva e previa ao senfogarismo.
- Nalgunhas cidades sería preciso contar con máis prazas para a asistencia exclusiva das mulleres vítimas de violencia de xénero.



- Incrementar as campañas específicas de sensibilización social así como a formación na perspectiva de xénero de todos os axentes sociais de intervención e supervisión.
- Debería haber recursos e servizos específicos para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción (alcohol, drogas...) e problemas de saúde mental.
- Necesidade de personalizar o proceso de intervención social, unha intervención integral que faga un seguimento da persoa sen fogar, cunha maior coordinación entre o colectivo de profesionais dos distintos servizos.
- Debería haber un protocolo que fixese o proceso de diagnose e intervención máis sinxelo e eficaz. Sería interesante que as persoas responsables dos centros sociais puidesen dispoñer dunha guía que lles permitise indicar ás persoas usuarias os recursos dispoñibles.

## Enquisa realizada a mulleres usuarias dos centros

A enquisa foi cuberta por un total de 72 mulleres usuarias de centros PSF e de centros da Rede VVX presentes nas sete cidades galegas.

### Perfil

O perfil das mulleres que forman parte da mostra consultada é o dunha muller de 43,7 anos que, nunha porcentaxe elevada, é vítima de violencia de xénero (o 79,7% das 64 mulleres que accederon a contestar ao bloque da enquisa relativa a violencia de xénero. Destas 64 mulleres, 51 son usuarias dos centros PSF). Do total da mostra, a porcentaxe de mulleres usuarias de centros da Rede VVX acadou o 20,8%.

A maioría das mulleres consultadas ten fillos ou fillas menores ao seu cargo. O 69,8% das mulleres VVX son nais de menores de idade fronte ao 50% do grupo de mulleres non VVX. O 73,5% das mulleres ten nacionalidade española ou dalgún país da UE. Hai que sinalar tamén que a maioría da mulleres consultadas ou non teñen estudos ou teñen estudos básicos.

Cabe destacar a maior porcentaxe de mulleres sen estudos ou con estudos básicos no grupo usuarias de centros da Rede VVX (85,7 %) que no das mulleres usuarias de centros PSF (60,7%).

### Situación laboral

Unha gran maioría das mulleres afirma estar sen traballo, e máis da metade é demandante de emprego. Un 40 % non ten ningún tipo de ingresos, e case a metade dispón de ingresos inferiores a 500 euros ao mes que proveñen, principalmente, de prestacións, pensións (non de xubilación) ou axudas familiares. Case a metade (47,2%) das mulleres usuarias de centros PSF non dispón de ingresos, mentres que esta porcentaxe se sitúa no 28,6% entre as mulleres usuarias de centros da Rede VVX.

En termos xerais, as mulleres usuarias de centros específicos presentan unha situación laboral mellor que as non usuarias dos ditos centros, xa que a porcentaxe de mulleres que está traballando, ben sexa a tempo parcial ou a tempo completo, é superior (26,7% fronte ao 9,3%).

O 71% das mulleres enquisadas afirma ter sufrido violencia de xénero, do que o 94% sinalou que esta violencia fora exercida pola súa parella. Ante esta situación non todas as mulleres pediron axuda nin presentaron denuncia (só o fixeron o 64% e o 67% respectivamente).

Os resultados indican que as mulleres VVX víronse forzadas pola súa parella a deixar o traballo en maior medida que as mulleres que non foron VVX. Ademais, atópase que a violencia de xénero está asociada ao feito de que sexa unha soa a persoa que achega ingresos, ben sexa a muller ou a súa parella. Cando os dous membros da parella colaboran na economía doméstica o nivel de violencia de xénero é significativamente inferior, así como cando son ambos os que participan nas tarefas domésticas.



## Residencia

Do total de mulleres sen fogar, máis da metade (53%) afirma estar vivindo en institucións de réxime aberto ou centros de acollida; un 25% atópase en situación de rúa e un 16% reside en vivendas ocupadas ilegalmente. Distinguindo entre mulleres segundo sexan vítimas ou non de violencia de xénero, faise evidente que nos dous grupos de mulleres as situacións residenciais evolucionaron cara un maior uso das institucións en réxime aberto ou centros de acollida; tamén medrou a situación de mulleres na rúa e de mulleres que residen en vivendas ocupadas ilegalmente.

En canto aos motivos que as levou a súa actual situación residencial cabe sinalar, por orde de importancia, os seguintes: desemprego e escaseza de recursos económicos (37,5%), ser vítima de violencia de xénero (29,2%), adiccións (19,4%), ruptura afectiva (16,7%), enfermidade (13,9%) e situación administrativa irregular (9,7%).

## Uso e opinión dos servizos

O uso dos servizos sociais dos concellos, que son os máis utilizados, é maior entre o grupo de mulleres que son vítimas de violencia de xénero.

A opinión da mostra consultada sobre os servizos é bastante positiva (4,2 sobre 5), así como da atención ás súas necesidades a través dos recursos que se ofrecen (4,1 sobre 5). Destacan as elevadas valoracións das mulleres usuarias de centros da Rede VVX sobre os servizos que reciben (4,4) e o grao en que se atenden as súas necesidades (4,7).

## Entrevista a expertas

As expertas entrevistadas detectan que nos últimos cinco anos producíronse algúns cambios no perfil das mulleres sen fogar. Hai máis mulleres, máis mozas, e non todas pertencen a perfís desestruturados senón que se atopan nesa situación tras a perda do traballo e o deterioro económico da súa rede próxima.

Aínda que as mulleres e os homes sen fogar coinciden en moitas das súas necesidades, nas entrevistas das expertas sublíñanse algunhas que son específicas das mulleres.

En primeiro lugar, o problema do senfogarismo leva engadido para as mulleres o risco de sufrir abusos e agresións, polo que a percepción de medo e inseguridade é moito máis elevada que no caso dos homes. Nesas circunstancias, é frecuente que as mulleres sen fogar establezan relacións cun home para que as protexa nesa contorna hostil, pero estas relacións adoitan xerar dependencias tóxicas nas que son habituais as agresións. Como consecuencia, as mulleres precisan de espazos máis seguros e de máis intimidade que os homes.

En segundo lugar, ás mulleres resúltalles máis difícil atopar unha vivenda. Hai menos oferta de vivenda compartida para as mulleres e as persoas arrendadoras son reticentes a alugar a mulleres sen traballo e, en moitos casos, con cargas familiares. A isto súmase o xa comentado problema da seguridade. É necesario dotar de solucións residenciais que teñan en conta as necesidades deste colectivo, promover as vivendas sociais e proporcionar acompañamento ás mulleres para mitigar os receos das persoas propietarias ao alugar.

En terceiro lugar, os problemas increméntanse cando as mulleres teñen menores a cargo. A percepción de inseguridade é maior, porque tamén afecta os seus fillos e fillas. Os recursos para persoas sen fogar non sempre están adaptados a menores nin a familias. O acceso ao aluguer é máis complicado, porque moitas persoas arrendadoras son remisas a alugar a mulleres soas con menores a cargo, e hai menos pensións nas que poidan desenvolverse ben as familias con menores. Debería, polo tanto, actualizarse a rede de recursos para ter en conta as familias, tanto monoparentais como completas, e promoverse a vivenda social. Por outra banda, as expertas tamén sinalan que o temor a perder a custodia dos fillos e fillas, no caso, por exemplo, de adicións ou enfermidades, fai que algunhas mulleres non soliciten a axuda que precisan. Para evitalo, hai que xerar unha relación baseada na empatía e na comprensión, sen xulgar; e hai que desmontar a mala imaxe do Servizo de Menores.

En cuarto lugar, aínda que tanto homes como mulleres precisan apoio psicolóxico e acompañamento, as mulleres solicítano máis. No caso das mulleres, é especialmente importante axudalas na construción e/ou o reforzo dunha rede de apoio alternativa ao mantemento de relacións dependentes e tóxicas.

En quinto lugar, existe un vínculo entre a violencia de xénero e o senfogarismo nas dúas direccións. A violencia de xénero é causa de senfogarismo porque as mulleres poden ter que abandonar o seu fogar. Á súa vez, o senfogarismo pode desembocar en violencia de xénero, na medida en que as mulleres sen fogar son máis vulnerables aos abusos e tenden a desenvolver relacións de dependencia tóxicas co home, como xa se indicou. As mulleres vítimas de violencia de xénero deberían ser sempre atendidas directamente polos recursos específicos, sen pasar por recursos como albergues onde os problemas poden agravarse. Pero os recursos específicos non son suficientes polo que, en ocasións, vense esgotados e hai que recorrer a recursos máis de emerxencia.



Por último, aínda que isto non significa que se trate dunha lista pechada, outra das diferenzas reside na demanda de produtos de hixiene e sanitarios específicos femininos, que non sempre resultan sinxelos de conseguir desde calquera servizo (anticonceptivos, por exemplo). Tamén precisan produtos específicos das crianzas (carriños, cueiros, etc.).

Ademais de todo o indicado, cómpre mellorar a coordinación e avanzar cara a atención integral e personalizada. Axudaría moito a historia social única ou xanela única; que cada persoa usuaria contase cun técnico ou técnica de referencia que lle fixese o seguimento; dispoñer de protocolos o suficientemente flexibles; e contar cunha guía con todos os servizos dispoñibles. Indo máis alá, deberíase deixar de pensar en coordinación e comezar a pensar na intervención en rede.

Este seguimento integral tamén permitiría mellorar a atención das mulleres sen fogar con múltiples problemas. É difícil tratar adecuadamente desde un único recurso ás mulleres que sofren ao tempo violencia de xénero, adiccións e enfermidades físicas ou mentais. Requírese persoal formado e especializado nestes problemas e precisaríanse prazas de longo recorrido para poder ir atendendo todos eses procesos. É necesario profesionalizar máis a atención.

Cando se lles pregunta ás expertas polas solucións ao senfogarismo e as medidas máis urxentes, as respostas subliñan, como mínimo, tres accións. Primeiro, incidir na prevención, adiantarse; pero, unha vez que se chega a esa situación, procurar que se estea nela o menor tempo posible para evitar que se faga crónica. Segundo, medidas que faciliten o acceso á vivenda, xerar un parque de vivenda social e recursos que se adapten ás necesidades que se van detectando; canto máis amplo sexa o abano de modalidades de acceso á vivenda e de recursos residenciais mellor poderán atenderse as situacións particulares. E, terceiro, acompañamento social que ofrezca saídas sustentables desa situación; contar cun procedemento de intervención en rede, levada a cabo por profesionais coa formación precisa, que garanta a atención personalizada.


En canto á inclusión laboral, o acceso ao emprego non pode ser o obxectivo inicial cando hai moitas carencias persoais e materiais básicas. É difícil que, nesas condicións, as persoas poidan atopar un traballo e, no caso de que así fose, poidan mantelo. É preciso antes cubrir as necesidades básicas, traballar nas habilidades prelaborais e mellorar a autoestima das persoas. A inclusión laboral debería ser o último paso dese proceso.

Tamén no ámbito da inclusión laboral é preciso contar con medidas específicas para as mulleres. As condicións dos traballos que se ofrecen ás mulleres son moito peores: traballos non regulados que requiren moi baixa cualificación, nos que as persoas empregadoras explotan a debilidade das mulleres. Hai que empoderar as mulleres, traballar na creación de emprego desde as súas necesidades, facilitar a conciliación se hai menores ao cargo e favorecer o seu acceso a cualificacións non tradicionalmente femininas.

Para rematar, ás expertas pedíuselles que realizasen unha análise DAFO da atención ao senfogarismo feminino.

Entre as debilidades figuran: pouco coñecemento sobre o senfogarismo feminino; escaseza de recursos e poucos adaptados ás mulleres e ás familias con menores; descoñecemento por parte das mulleres dos recursos e/ou medo a utilízalos; déficit de formación específica nos axentes implicados; ter pouco en conta as relacións persoais; seguir co que temos sen ser capaces de adaptarnos; e a necesidade de mellorar a organización para optimizar a eficacia das intervencións.


Entre as ameazas, menciónanse: cambios nos perfís de mulleres sen fogar para os que non existe un recurso axeitado; máis mulleres en situación de senfogar; cada vez maiores dificultades de



acceso á vivenda; temporalidade dos recursos, pouco acompañamento á saída deles; lei de protección de datos que dificulta a coordinación; e maior deshumanización das relacións sociais.

Entre as fortalezas, destacan: a especial sensibilidade e formación dos traballadores deste campo; a experiencia e o coñecemento acumulados en anos de intervención; a percepción de que todas as persoas formamos parte do mesmo engraxe e a maior preocupación das Administracións por coñecer esta realidade.

Entre as oportunidades, salientanse: maior preocupación por coñecer esta realidade e facela visible; maior interese das Administracións; os recursos empezan a ter máis prazas para mulleres; hai que avanzar na intervención en rede; hai que aproveitar o coñecemento adquirido; xerar espazos de encontro entre persoas con fogar e sen fogar; e traballar na eliminación dos estereotipos sobre as persoas sen fogar.



## Conclusións e recomendacións

Este traballo analiza a situación das mulleres sen fogar e especificamente das mulleres sen fogar vítimas de violencia de xénero, e achega información de como se están a atender as súas necesidades. O traballo enmárcase no Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019- 2023. Para levar a cabo o estudo, tal como se sinala na metodoloxía, e dada a relevancia que a independencia económica ten para combater o senfogarismo, analizouse en primeiro lugar a situación laboral das mulleres en Galicia, enmarcándose no contexto español, para posteriormente pasar á realización dun traballo de campo consistente en entrevistas a persoas responsables de centros do RUEPSS, a mulleres usuarias dos servizos que ofrecen, e a un grupo de persoas expertas na materia.

Neste capítulo preséntanse o resumo dos principais indicadores usados para facer a diagnose previa ao establecemento das posibles medidas a desenvolver para mellorar a atención das mulleres sen fogar en Galicia. Como principal conclusión, segundo os datos analizados e as enquisas realizadas e en liña con outros estudos previos, temos que o feito de ser vítima de violencia de xénero, e a escaseza de recursos son as causas máis vinculadas ao senfogarismo feminino



## Situación de contexto

Aínda que na evolución no período 2010-18 hai unha mellora da situación laboral das galegas (aumentando a taxa de ocupación e reducíndose a de paro) e os datos de pobreza tamén reflicten unha mellora da situación económica dos fogares galegos, os datos, que resumimos a continuación, mostran unha peor situación, en xeral, das mulleres, polo que é necesario establecer medidas correctoras para mellorar a súa autonomía económica. A actual crise sanitaria do COVID-19 terá consecuencias económicas graves, coa conseguinte aumento do paro, o que agravará máis a situación.

## SITUACIÓN ECONÓMICA DAS MULLERES EN GALICIA

### Situación laboral en Galicia. 2018

- Poboación activa feminina: 601.100 (o 48,4%)
- Taxa de actividade das mulleres do 49,4%, inferior en 8 puntos á dos homes
- Poboación inactiva feminina: 616.400 (56,5%):
  - 85,8% da poboación que é inactiva por dedicarse aos labores da casa son mulleres: 172.800 (e representan o 28% da poboación inactiva feminina fronte ao 6% dos homes)
  - Das persoas que non buscan traballo por ter outras responsabilidades familiares ou persoais, o 90,8% son mulleres (81.400 fronte a 9.500 homes)
  - A poboación potencialmente activa feminina é de 17.100 mulleres, o 57,8% do total.
  - Da poboación potencialmente activa o 60% das persoas desanimadas son mulleres
- Poboación ocupada feminina: 515.000 (47,8%):
  - Maior peso da xornada a tempo parcial nas mulleres: 21,9% (nos homes o 5,9%)
  - A causa de ter unha xornada reducida é non atopar un traballo de xornada completa, e estar ao coidado de nenos/as ou de adultos/as enfermos/as, persoas con discapacidade ou maiores.
  - Maior dedicación das mulleres nas actividades non remuneradas, moitas relacionadas coa conciliación da vida laboral e persoal

### Niveis de pobreza. 2018. Galicia

- En liña co que acontece no mercado laboral, dende o ano 2012 redúcense os niveis de pobreza en Galicia.
- Hai unha menor taxa de risco de pobreza en Galicia: 18,8 % fronte ao 21,5% estatal
- 6.8% presenta carencias materiais
- 1,6 % presenta carencias materiais severas
- Feminización da pobreza, sobre todo nas persoas maiores
- Perfil de risco de pobreza: Muller, adulta, e con fillos/as ao seu cargo

### Violencia de xénero. 2018. Galicia

- Entre os anos 2010 e 2018 en Galicia morreron 35 mulleres vítimas de violencia de xénero, o 7 % do total nacional
- En Galicia produciuse un menor número de denuncias e uso dos servizos de apoio que na media española, pero un maior número de vítimas mortais. Ademais:
- É necesario incrementar os esforzos e recursos destinados a motivar a denuncia dos casos de violencia de xénero

## MULLERES SEN FOGAR

### Persoas sen fogar. 2012. Galicia

- 1.903 persoas (19,5% mulleres)
- 75% non teñen traballo
- 73% de nacionalidade española



### Perfil das mulleres sen fogar usuaria dos servizos

- Pouco máis de 40 anos. Menor cando é vítima de violencia de xénero
- O 25% teñen fillos e/ou fillas ao seu cargo
- O 71% das usuarias é vítima de violencia de xénero
- A terceira parte non pediu axuda nin ten denunciado
- A maioría non teñen traballo
- O 50% é demandante de emprego
- O 40% non teñen ningún tipo de ingreso
- Case a metade dispón de ingresos inferiores a 500 euros ao mes
- Os ingresos proveñen, principalmente, de prestacións, pensións (non de xubilación) ou axudas familiares
- As mulleres que finalizan unha situación de tutela, sen un proxecto vital para a súa maioría de idade, teñen un maior risco de sufrir senfogarismo
- As mulleres que non son usuarias da Rede soen residir con familiares, amizades ou pensións (as usuarias da Rede habitualmente residen na súa vivenda)

### Perfil das mulleres que non solicitan axuda

- Mulleres con fillos e/ou fillas ao seu cargo
- Con medo a perder a custodia
- Con adiccións ou enfermidades

### Evolución das mulleres sen fogar usuarias

- Aumento do senfogarismo feminino, en xeral, e do encuberto (traballo de internas ou prostitución encuberta)
- Obsérvase un aumento de usuarias menores de 30 anos e maiores de 65

- Aumento de emigrantes indocumentadas
- Aumento de mulleres con problemas de saúde mental sen diagnóstico ou tratamento e das que teñen adiccións
- Non todas pertencen a perfís de contornas desestruturadas, atópanse na situación tras perder o seu traballo e a súa rede próxima presenta deterioración económica
- Hai un maior uso das institucións en réxime aberto ou centros de acollida
- Medrou a situación de mulleres na rúa e das que residen en vivendas ocupadas ilegalmente

### Situacións indicadoras de risco para que unha muller sexa vítima de violencia de xénero

- Cando a muller é obrigada pola súa parella a deixar o traballo
- Cando no fogar só é unha persoa a que achega ingresos
- Cando non participan os dous na organización económica do fogar

## CENTROS

### Atención en Galicia ás persoas sen fogar. 2018

- 73 Centros
- 20 Centros de acollida
- 1.304 prazas ofertadas
- Grao de ocupación total: 82%
- Grao de ocupación por mulleres: 26%



### Opinións e demandas das mulleres usuarias sobre os centros

- Maioritariamente coñecen os centros por informacións de asociacións, parroquia ou ONG
- Opinión positiva sobre os centros, recursos e atención que reciben, sobre todo aqueles centros da rede que están totalmente enfocados ás mulleres
- Acceso a un aloxamento estable e á seguridade, e cobertura das necesidades básicas para elas e os seus fillos/as
- Apoio psicolóxico e atención á saúde mental personalizada
- Cubrir as necesidades relacionais

### Opinións dos centros sobre os servizos

- Oferta dunha atención social integral, asesoría xurídica e psicolóxica
- Incorporan, en xeral, a perspectiva de xénero na formulación ou desenvolvemento dos servizos que prestan
- Desenvolven actuacións especiais para as mulleres sen fogar vítimas de violencia de xénero:
  - Educación en seguridade física e psicolóxica
  - Orientación sobre os servizos médicos, educativos e legais
  - Derivación a recursos específicos de atención ás mulleres VVX ou a recursos para a procura de emprego e aloxamento
  - Aplícase o protocolo para valoración policial de risco de violencia de xénero

## DETERMINANTES DO SENFOGARISMO FEMININO:

### Opinión dende os centros

#### Factores de vulnerabilidade

- Factores estruturais:
  - Escaseza o falta de recursos económicos
  - desemprego
  - Falta de recursos habitacionais
- Factores institucionais:
  - Problemas de cobertura nos servizos
- Factores persoais:
  - Ter unha enfermidade mental
  - Trastornos adictivos (moitas veces policonsumo)
  - Discapacidade ou enfermidade de longa duración
  - Ter baixa cualificación
- Factores relacionais:
  - Falta de apoios familiares ou redes
  - Proceder de familias desestruturadas
  - Illamento social da muller

## RELACIÓN VIOLENCIA DE XÉNERO-SENFOGARISMO:

### Opinión dende os centros

#### A violencia de xénero é causa de senfogarismo

- A resposta é afirmativa e adoitan concorrer outros factores:
  - Desemprego
  - A falta de recursos económicos propios
  - A falta de apoio familiar



- A desestruturación persoal severa
- Os recursos de acollida son insuficientes e inadecuados

### O senfogarismo é causa de violencia de xénero

- Son máis vulnerables, a percepción de medo e inseguridade é moito máis elevada que no caso dos homes
- Incrementanse as condutas adictivas. É frecuente que as mulleres sen fogar establezan relacións cun home para que as protexa nese contorno hostil, pero estas relacións adoitan xerar dependencias tóxicas, chegando incluso a cambiar sexo por droga
- Problemas de baixa autoestima, que lles pode levar a relacións nas que son habituais as agresións
- Illamento social e soidade

## Propostas de mellora

### PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN

- Incidir na prevención, anticiparse á situación de senfogarismo. Ser capaces de detectar nas súas fases iniciais os procesos graves de exclusión, e intervir de forma proactiva en tales casos. Se finalmente se chega á situación de senfogarismo, que se estea nela o menor tempo posible para que non se cronifique.
- É necesario avanzar cara políticas estratéxicas deseñadas a longo prazo. Significa investir tempo e recursos en solucións duradeiras, alternativas reais e personalizadas.
- Campañas de sensibilización social. Traballar na eliminación dos estereotipos que temos sobre as persoas sen fogar. Non criminalizalas nin realizar xuízos sobre a súa situación
- Dar visibilidade ao senfogarismo feminino
- Acabar co descoñecemento por parte das mulleres dos recursos e/ou co medo a utilizalos. Ás veces as mulleres non se achegan aos recursos por medo a perder a custodia dos seus fillos/as
- Cambiar a visión que se ten do Servizo de Menores. Ofrecer unha información clara e axeitada do dito servizo, que a muller saiba que pode recibir apoio para pasar por situacións difíciles na crianza dos seus fillos/as ata que se establece e melloren as súas circunstancias

### TIPOLOXÍA E CANTIDADE DE RECURSOS

- Máis prazas para a asistencia exclusiva ás mulleres VVX, xa que non son suficientes. Estas mulleres deberían ser sempre atendidas directamente polos recursos específicos, sen pasar por outros recursos de emerxencia onde os problemas poden agravarse
- Recursos e servizos para mulleres VVX con problemas de adicción (alcohol, drogas...) e/ou problemas de saúde mental
- Pisos e recursos aos que poidan acceder mulleres VVX aínda que non denunciaren. Cando as mulleres non presentan denuncia, poden verse fóra da rede de protección.
- Cantas máis modalidades de acceso á vivenda ou recursos residenciais (housing first, vivenda de inserción, centro de acollida básica...) estean dispoñibles, maior a posibilidade de adaptarse ás circunstancias de cada persoa
- Facilitar o acceso a produtos específicos femininos (produtos de hixiene feminina, anticonceptivos...) que non sempre resultan sinxelos de conseguir desde calquera servizo. Tamén aos produtos específicos das crianzas (carriños, cueiros...)



## FORMACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN

- É indispensable profesionalizar máis a atención
- Formación na perspectiva de xénero de todos os axentes que participan na intervención e na supervisión. Introducción da perspectiva de xénero nos centros de atención mixtos
- Persoal formado e especializado na atención ás mulleres VVX con múltiples problemas
- Formación específica de mediadores/as para aluguer de vivenda

## VIVENDA

- Respostas máis rápidas para as mulleres, para garantirlles un aloxamento seguro
- Espazos diferenciados para mulleres, onde poidan atopar máis intimidade e unha contorna máis amigable
- Suficientes recursos específicos, para que as mulleres VVX non teñan que acudir aos recursos básicos de emerxencia
- Acompañamento ás mulleres para mitigar os receos dos propietarios ao aluguer
- Manter as axudas ao aluguer; poder garantir ao arrendador que vai cobrar porque a muller conta con axudas a longo prazo
- Recursos dispoñibles para familias, monoparentais ou completas, con centros de aloxamento de media/longa estancia, cun nivel de seguridade adecuado e normas flexibles
- O acceso á vivenda das familias ten que ir da man do acompañamento social, para que non recaian no problema pasado (por exemplo, outro desafiuzamento)
- Dispoñer dun amplo abano de recursos residenciais e modalidades de acceso á vivenda (housing first, vivenda de inserción, centro de acollida básica...), que permitan adaptarse á situación de cada persoa
- Valorar e deseñar un proxecto personalizado, sempre contando coa opinión da persoa
- Acción urxente en vivenda social; crear unha tipoloxía específica para persoas sen fogar e, neste caso, para mulleres VVX, con requisitos flexibles e adaptados ás súas necesidades
- Deseño de políticas de vivenda a longo prazo que dean estabilidade ao mercado. Unha política que diferencie a vivenda libre, a asequible e a social. Unha política que controle os prezos do aluguer. Contar coa opinión dos axentes sociais para legislar.

## ATENCIÓN INTEGRAL, PERSONALIZADA E COORDINADA

- Evitar as intervencións estandarizadas e promover un enfoque baseado nas necesidades, expectativas, capacidades e preferencias de cada persoa atendida
- A historia social única ou xanela única; que cada usuario conte cun/cunha técnico/a de referencia que lle faga o seguimento
- Deixar de pensar no termo de coordinación para pensar na intervención en rede e na creación de espazos de análise de casos, coa participación de, como mínimo, un profesional responsable de cada entidade
- Facilitarlles os trámites ás persoas, non complicarlles a vida
- Solicitud de autorización á persoa afectada para o tratamento dos datos, o que permitiría que os/as técnicos puidesen intercambiarse información, sempre desde o ámbito profesional e coa confidencialidade precisa
- Sería bo contar cun diagnóstico previo por parte da Administración
- Axudaría contar con protocolos, pero non deben ser excesivamente ríxidos. Deben perseguir facer o proceso de diagnose e intervención máis sinxelo e eficaz, e non tender a poñer trabas porque non se dispón dun papel ou non se presenta a tempo
- Deberían ter todos os recursos unha guía realista co listado dos servizos, teléfono e persoa de contacto, e estar esta guía totalmente accesible e fácil de consultar no mesmo momento da chegada dunha persoa usuaria
- Evitar as duplicidades e os solapamentos; os servizos non deberían competir polos recursos públicos senón complementarse

## DETECCIÓN DE SITUACIONES DE RISCO PARA AS MULLERES

- Os recursos deberían contar sempre con profesionais do ámbito do social de ambos xéneros, formados neste área de intervención, capaces de detectar situacións de risco
- Fan falta protocolos para resolver situacións de violencia ou falta de seguridade nos recursos



## ACOMPAÑAMENTO E APOIO PSICOLÓXICO

- Axudar ás mulleres na construción e/ou no reforzo dunha rede de apoio alternativa ao mantemento de relacións dependentes e tóxicas
- Garantir desde o principio o acompañamento por persoal formado que as atenda de xeito individualizado
- Á saída do recurso, as mulleres VVX terían que contar con máis tempo de acompañamento, labor que debería ser levada a cabo polos servizos especializados (casa de acollida, atención psicolóxica, atención xurídica, atención social e sociolaboral)
- Creación de grupos de autoapoio

## ATENCIÓN A MULLERES CON MÚLTIPLES PROBLEMAS

- Para atender ás mulleres con múltiples problemas é fundamental o traballo en rede e a cooperación entre os distintos recursos. É moi difícil tratar adecuadamente desde un único recurso ás mulleres que sofren ao tempo violencia de xénero, adiccións e enfermidades físicas ou mentais
- Debe haber un/unha profesional de referencia para cada caso, que coordine os servizos e lidere a atención prestada, que escoite á persoa usuaria e lle faga un seguimento
- En ningún caso deben quedar sen atender as mulleres que non cumplan os requisitos para acceder aos centros de acollida para mulleres VVX; debe dárselles unha solución. As mulleres con múltiples problemas non poden quedar expulsadas da rede de apoio ás vítimas de violencia. Cando unha muller é VVX, debería priorizarse por enriba de todo a protección e a atención desta situación tan extrema e vulnerable
- Dispoñer de protocolos
- Contar con prazos de longo recorrido, para que poida darse solución aos distintos procesos destas mulleres
- Profesionalizar os servizos e os recursos

## INTEGRACIÓN

- Importancia de intervir e realizar accións para integrar a persoa na propia comunidade da maneira máis axeitada
- Hai oportunidades no traballo sobre vínculos e acceso a espazos de encontro ou de lecer entre persoas sen fogar e persoas con fogar. Hai unha gran necesidade de coñecemento mutuo. Desenvolver dinámicas de traballo comunitario pode ser unha ferramenta extraordinaria
- No rural hai moita xente maior necesitada de axuda e podería haber programas de acompañamento que xeren vínculos de unión que dean resposta ás necesidades das dúas partes. Nas cidades tamén ocorre o mesmo, aínda que hai máis recursos de apoio aos maiores
- Os servizos deberían ter en conta as necesidades de relacións persoais, a procura da felicidade

## INCLUSIÓN LABORAL

- Antes de traballar a empregabilidade, é imprescindible cubrir as necesidades básicas, sendo prioritaria a vivenda. Non se pode poñer como primeiro paso o acceso ao emprego
- Realizar unha valoración previa das capacidades reais da persoa, para deseñar un proceso de inclusión laboral adaptado
- Proporcionar formación nas habilidades prelaborais
- Proporcionar acompañamento durante o proceso de inserción laboral
- Mellorar a autoestima das mulleres. Traballo de motivación, mediante obradoiros de empoderamento e mellora da súa empregabilidade
- É importante contar con programas de emprego específicos para mulleres. Traballar no acceso ao emprego desde as súas capacidades e necesidades. Dispoñer dun traballo permite romper coa dependencia económica vinculada, en moitas ocasións, á violencia de xénero
- Facilitar a conciliación laboral se hai menores a cargo
- Fomentar os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral
- Facilitar o acceso a cualificacións non tradicionalmente femininas e apoiar/subvencionar o acceso das mulleres a empregos non feminizados
- Analizar por que un dos servizos menos demandados polas mulleres usuarias dos centros da rede de atención ás persoas sen fogar é o "Obradoiro de inserción laboral"



## Índice de táboas e cadros

Cadro 1 Tipoloxía ETHOS de sen fogar e exclusión residencial .....	14
Cadro 2 Centros de atención social seleccionados .....	17
Táboa 1.1 Poboación inactiva pola súa vinculación coa actividade e sexo. Galicia 2018. Miles de persoas e porcentaxes .....	25
Táboa 1.2 Evolución da poboación en situación de carencia material e carencia material severa. España e Galicia. 2010-2018. Porcentaxes sobre a poboación total .....	33
Táboa 1.3 Porcentaxe de persoas de 0 a 59 anos en fogares con baixa intensidade de ingresos do traballo. España e Galicia, 2008-2018.....	33
Táboa 1.4 Taxa de risco de pobreza. España e Galicia. 2008-2018. Porcentaxes sobre a poboación total.....	34
Táboa 2.1 Persoas sen fogar en España por nacionalidade, sexo e grupos de idade. Ano 2012 .....	40
Táboa 2.2 Persoas sen fogar que foron vítimas dalgún delito ou agresión por tipo de delito ou agresión e sexo. España. Ano 2012 .....	43
Táboa 2.3 Persoas sen fogar en Galicia por sexo e grupos de idade. Ano 2012 .....	45
Táboa 2.4 Variación no número de persoas sen fogar entre o 2005 e o 2012 por sexo.....	45
Táboa 2.5 Número de chamadas ao 016 en Galicia e España. 2010-2018 .....	52
Táboa 2.6 Número de usuarias do servizo telefónico de Atención e Protección para Víctimas de Violencia de Xénero (ATENPRO) en Galicia e España. 2010-2018.....	54
Táboa 2.7 Número de denuncias, por millón de mulleres, por violencia de xénero en Galicia e España. 2010-2018 .....	55
Táboa 2.8 Número de vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia e España. 2010-2018 .....	57



Táboa 3.1 Ficha técnica da enquisa a centros .....	59
Táboa 3.2 Información ofrecida dende os centros: perfil das mulleres usuarias.....	61
Táboa 3.3 Coñecemento do centro por parte das persoas usuarias. Valoración media dos centros entrevistados.....	61
Táboa 3.4 Coñecemento do centro por parte das mulleres VVX. Valoración media dos centros entrevistados.....	62
Táboa 3.5 Situación residencial anterior e actual. Valoración media dos centros .....	64
Táboa 3.6 Situación residencial anterior e actual das mulleres VVX. Valoración media dos centros.....	65
Táboa 3.7 Servizos ofrecidos polos centros e aos que derivan (%) .....	66
Táboa 3.8. Recursos aos que se derivan as usuarias (%).....	67
Táboa 3.9 Grao de uso dos servizos prestados.....	70
Táboa 3.10 Factores estruturais. Valoración media .....	72
Táboa 3.11 Factores institucionais. Valoración media.....	72
Táboa 3.12 Factores persoais. Valoración media.....	73
Táboa 3.13 Factores relacionais. Valoración media .....	73
Táboa 3.14 Valoración media dos centros sobre os ámbitos de mellora .....	77
Táboa 4.1 Ficha técnica da enquisa ás mulleres.....	79
Táboa 4.2 Presenza da condición de vítima de violencia de xénero.....	80
Táboa 4.3 Información de idade e fillos/as das mulleres consultadas .....	80
Táboa 4.4 Porcentaxe de mulleres sen fogar por orixe xeográfica .....	81
Táboa 4.5 Perfil das mulleres usuarias segundo o tipo de centro .....	81
Táboa 4.6 Información sobre o nivel de estudos acadados (%) .....	81
Táboa 4.7 Información sobre a situación laboral actual (%) .....	82

Táboa 4.8 Información sobre a situación laboral actual segundo o tipo de centro (%) .....	82
Táboa 4.9 Información sobre o nivel de ingresos (%).....	83
Táboa 4.10 Información sobre a fonte principal de ingresos (%).....	83
Táboa 4.11 Información sobre o nivel de ingresos por tipo de centro (%).....	83
Táboa 4.12 Fonte da violencia de xénero (%).....	84
Táboa 4.13 Petición de axuda ante situación de VX (%).....	84
Táboa 4.14 Denuncia da situación de VX (%) .....	84
Táboa 4.15 Relación violencia económica (obrigar a non traballar) e grao VVX .....	85
Táboa 4.16 Relación violencia económica (quen ingresa) e grao VVX.....	85
Táboa 4.17 Relación violencia económica (quen organiza) e grao VVX.....	86
Táboa 4.18 Información sobre a residencia das mulleres (%) .....	86
Táboa 4.19 Información sobre os motivos do senfogarismo (%).....	87
Táboa 4.20 Opinión sobre uso de recursos (%) .....	88
Táboa 4.21 Información sobre uso de recursos segundo o tipo de centro (%) .....	88
Táboa 4.22 Opinión sobre os recursos/servizos ofrecidos segundo VVX.....	89
Táboa 4.23 Opinión sobre os recursos/servizos ofrecidos segundo a nacionalidade.....	89
Táboa 4.24 Opinión sobre os recursos/servizos ofrecidos segundo o tipo de centro.....	89



## Índice de gráficos

Gráfico 1.1 Evolución da poboación activa en Galicia e España (miles de persoas) .....	23
Gráfico 1.2 Poboación activa por sexo. Galicia. 2010-2018. Miles de persoas.....	24
Gráfico 1.3 Taxa de actividade por sexo. Galicia. 2010-2018 Porcentaxes .....	24
Gráfico 1.4 Evolución da poboación ocupada en Galicia e España: 2010-18 (miles de persoas) .....	27
Gráfico 1.5 Poboación ocupada por sexo. Galicia 2010-2018. Miles de persoas.....	27
Gráfico 1.6 Taxa de ocupación por sexo. Galicia (1996-2018). Porcentaxe .....	29
Gráfico 1.7 Evolución do salario medio en Galicia (2008-2017). Euros .....	29
Gráfico 1.8 Evolución do paro en Galicia e España (miles de persoas) .....	30
Gráfico 1.9 Taxa de paro por sexo. Galicia. 2010-2018. Porcentaxes.....	31
Gráfico 1.10 Taxa de risco de pobreza por sexo e idade, Galicia, 2007-2018.....	34
Gráfico 1.11 Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) por sexo e idade, Galicia, 2011-2018 .....	35
Gráfico 1.12 Índice de Gini en Galicia e provincias, 2007-2018 .....	36
Gráfico 1.13 Fogares con moita dificultade para chegar a fin de mes. Galicia. 2007-2018 (Porcentaxes) .....	36
Gráfico 1.14 Porcentaxe de fogares segundo a tipoloxía de ingresos, Galicia, 2007-2018.....	37
Gráfico 2.1 Porcentaxe de persoas sen fogar por situación laboral na última semana e sexo. España. 2012.....	41
Gráfico 2.2 Porcentaxe de persoas sen fogar por nivel de estudos e sexo. España. Ano 2012 .....	41
Gráfico 2.3 Porcentaxe de persoas sen fogar por razóns para abandonar o aloxamento que tiñan antes de verse sen fogar e sexo. España. Ano 2012 .....	42

Gráfico 2.4 Porcentaxe de homes e de mulleres sen fogar con fillos/as. España. Ano 2012.....	43
Gráfico 2.5 Número de centros de atención a persoas sen fogar en Galicia en función da súa actividade principal. Ano 2018.....	46
Gráfico 2.6 Número de centros nos que se atenden situacións específicas en Galicia. Ano 2018.....	47
Gráfico 2.7 Número medio de prazas de aloxamento existentes e ocupadas en Galicia no 2018.....	47
Gráfico 2.8 Número medio de persoas atendidas e atendendo na rúa en Galicia no 2018.....	48
Gráfico 2.9 Evolución do número de chamadas ao servizo telefónico 061.....	51
Gráfico 2.10 Evolución do número de usuarias do servizo telefónico de Atención e protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO) en Galicia e España.....	53
Gráfico 2.11 Evolución do número de denuncias, por millón de mulleres, por violencia de xénero en Galicia e España.....	54
Gráfico 2.12 Evolución do número de vítimas mortais por violencia de xénero, por millón de mulleres. Galicia e España.....	56
Gráfico 3.1 Coñecemento do centro por parte das persoas usuarias. Valoración media dos centros.....	62
Gráfico 3.2 Coñecemento do centro por parte das mulleres VVX. Valoración media dos centros.....	63
Gráfico 3.3 Situación residencial anterior. Valoración media dos centros.....	63
Gráfico 3.4 Valoración media sobre os ámbitos de mellora.....	76



## Referencias

- Bretherton, J. (2017). Homelessness and Gender Reconsidered. *European Journal of Homelessness*, 11 (1), 1-22.
- Bundela, R. (2018). Concept of homelessness: Complex issues and challenges. *International Journal of Advanced Educational Research*, 3 (1), 267-270.
- Cabrera, P. (2000). *Mujeres sin hogar en España. Informe nacional para FEANTSA 1999*. Bruselas: European Federation of National Organisations Working with Homeless.
- Delgado, A.; Aguar, M.; Castellano, M. & Luna, J.D. (2006). Validación de una escala para la medición de los malos tratos a mujeres. *Atención Primaria*, 38 (2), 82-89.
- Díaz Farré, M. (2014). *Mujeres sin hogar: aproximación teórica a una situación de desprotección, vulnerabilidad y exclusión*. Informes. Nº 9. Institut de Ciències Polítiques i Socials.
- Fernández-Rasines, P. & Gámez-Ramos, T. (2013). La invisibilidad de las mujeres sin hogar en España. *Revista de Psicología*, 22(2), 42-52.
- García Martínez de la Fuente, I. (2012). Mujeres sin hogar. Principales causas y líneas de investigación. *Miscelánea Comillas. Revista de Ciencias Humanas y Sociales*, 70 (136), 63-89.
- Herrero Fernández, I. (2003). Mujeres sin hogar y violencia de género. La triple invisibilidad. *Cuadernos de trabajo social*, 16, 265-268.
- Luque Salceda, C. (2003). La mujer sin hogar: realidades y reflexiones. *Cuadernos De Trabajo Social*, 16, 249 - 264.
- Valedor do Pobo (2010). *As persoas sen fogar en Galicia*.
- Vázquez Cabrera, J.J., Rodríguez Moreno, S.I., Roca Morales, P. & Panadero Herrero, S. (2016). Sucesos vitales estresantes en mujeres en situación sin hogar. En *Mujeres e investigación. Aportaciones interdisciplinares: VI Congreso Universitario Internacional Investigación y Género (611-624)*, Sevilla: SIEMUS (Seminario Interdisciplinar de Estudios de las Mujeres de la Universidad de Sevilla).
- Xunta de Galicia (2016). *Estratexia de Inclusión Social 2014-2020*
- Xunta de Galicia (2015). *Modelo Incluído*
- Xunta de Galicia (2018). *Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia. Trazos e propostas de intervención 2017*. Santiago de Compostela.
- Xunta de Galicia (2019). *Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023*

## Fontes estatísticas:

- Instituto Galego de Estatística: INE- Enquisa de Poboación Activa, Enquisa de condicións de vida das familias.
- Instituto Galego de Estatística: INE- Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar. Ano 2010.
- Instituto Galego de Estatística: Encuesta de Población Activa, Encuesta de empleo del tiempo.
- Instituto Galego de Estatística (varios anos): Encuesta de Población Activa. Encuesta de empleo del tiempo. Datos dos Ministerios de Interior e Seguridade Social.
- Instituto Galego de Estatística (2019): Encuesta de Condiciones de Vida, 2018.
- Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España Estatísticas de Violencia de Xénero.

## Documentos publicados pola Xunta de Galicia relacionados co senfogarismo

- Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017. Trazos e propostas de intervención (2017).  
[https://politicassocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/publicacions/estudo\\_senfogarismo\\_galicia\\_2017\\_vfinal\\_nov18.pdf](https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/publicacions/estudo_senfogarismo_galicia_2017_vfinal_nov18.pdf)
- ECRE 2017. Estudo da poboación en senfogarismo atendida pola Cruz Vermella Española en Galicia (é una das partes do estudo do 2017).
- Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023 (xullo 2019)  
[https://politicassocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/programas/plan\\_atencion\\_as\\_persoas\\_sen\\_fogar\\_gal.pdf](https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/programas/plan_atencion_as_persoas_sen_fogar_gal.pdf)



# Anexo I

## Guión entrevistas a responsables de centros de atención a persoas sen fogar

**Data:**

**Persoa que realiza a entrevista:**

**Persoa entrevistada, posto na entidade e relación co centro, datos de contacto:**

### Introdución

O Estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia, 2017, recolle as conclusións de varias liñas de actividade para o diagnóstico levadas a cabo. As mulleres representan o 15% das persoas sen fogar en Galicia. Se ben o senfogarismo afecta máis aos homes, as mulleres sen fogar presentan unha maior vulnerabilidade á xa asociada a esta situación. Unha das conclusións é que os determinantes do senfogarismo responden a unha diferenciación por razón de sexo. A violencia de xénero é o segundo factor sinalado como determinante das situacións das mulleres que están sen fogar (o primeiro é a escaseza de recursos). A prostitución e ser vítima de trata son outros determinantes ou factores presentes.

Neste novo estudo a Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, trata de profundar no coñecemento sobre o senfogarismo feminino, os seus determinantes e como se manifesta; nas necesidades que presentan as mulleres sen fogar e como se están a atender.

Como responsable/ representante dun centro da rede de atención ás persoas sen fogar interézanos moito a información que nos poida achegar sobre o obxecto do estudo, polo que agradecerémoslle moito a súa colaboración.

### Datos de identificación do centro

#### Identificación do centro

1. Tipo de centro:

- (1) Albergue
- (2) Centro de acollida e inclusión
- (3) Comedor social
- (4) Centro de atención continuada
- (5) Casa de acollida
- (6) Piso tutelado
- (7) Centro de emerxencia
- (8) Centro de recuperación integral

2. Nome do centro



3. Correo electrónico, teléfono
4. Enderezo (só para opcións 1 a 4)
5. Cidade onde se localiza: (1) Santiago de Compostela, (2) A Coruña, (3) Ferrol, (4) Lugo, (5) Ourense, (6) Pontevedra, (7) Vigo.

### Características do centro, acceso e uso

#### Recursos humanos:

6. Número de persoas que traballan no centro: \_\_\_\_\_
7. Contan con persoal especializado en atención social \_\_\_\_\_ (SI/NON)
8. Contan con persoal especializado en atención sanitaria \_\_\_\_\_ (SI/NON)
9. Contan con persoal específico para o mantemento da seguridade \_\_\_\_\_ (SI/NON)
10. Contan con persoal específico para atender as mulleres en situación de senfogarismo \_\_\_\_\_ (SI/NON)
11. Contan con persoal con formación para o caso particular das mulleres vítimas de violencia de xénero \_\_\_\_\_ (SI/NON)
12. Outros perfís, especificar: \_\_\_\_\_

#### Poboación destinataria:

13. Trátase dun centro mixto ou especificamente dirixido a mulleres? \_\_\_\_\_
14. Número ou estimación de persoas que atendeu no centro en 2018 \_\_\_\_\_
15. Se é un centro mixto: Número de mulleres que atendeu no centro en 2018 \_\_\_\_\_
16. Podería indicar cantas das mulleres usuarias en 2018 non tiñan fogar? \_\_\_\_\_
17. Dentro delas, cantas lle consta que poderían ter sufrido ou sofren violencia de xénero? \_\_\_\_\_

18. Sabe como tiveron coñecemento do centro as persoas usuarias segundo o seu sexo (trátase de identificar diferenzas entre homes, mulleres e, dentro das segundas, daquelas que foron ou son vítimas de violencia de xénero, de ser posible): (Valorar de 1 a 5 sendo 5 a frecuencia máis alta (1- nada habitual, 2, 3, 4, 5-moi habitual) (só para centros das opcións 1 a 4)

	Vía de coñecemento	Homes	Mulleres	Mulleres vítimas de violencia de xénero
(1)	Por recomendación dos servizos sociais do seu concello			
(2)	Por derivación da policía, tras a localización na rúa			
(3)	Por información doutras persoas que se atopan ou atoparon en situacións similares no pasado			
(4)	Por veciños/as da área onde habitualmente residen/ residían			
(5)	Por información na parroquia, ONG, asociacións...			
(6)	Por derivación doutros servizos especializados na atención á violencia de xénero			
(7)	Por recomendación/ derivación dos servizos policiais, tras denunciar ao agresor			
(8)	Pola imposibilidade de permanecer noutros centros anteriores (transeúntes)			
(9)	Outras			

19. Cal ERA a situación residencial das persoas usuarias do centro NO MOMENTO DO ACCESO? Valore nunha escala de 1 a 5 (nada habitual, 2, 3, 4, moi habitual)

	Perfil	Homes	Mulleres	Mulleres VVX
(1)	En situación de rúa			
(2)	En institucións en réxime aberto			
(3)	Itinerantes, de paso a outras cidades ou usuarios/as doutros centros da mesma			
(4)	En vivendas de familiares/ amizades (temporalmente)			
(5)	Sen vivenda: en pensións ou hostais			
(6)	En vivendas ocupadas ilegalmente			
(7)	Na súa propia vivenda			
(8)	Outros			

20. Cal É ACTUALMENTE a situación residencial das persoas usuarias do centro? Valore nunha escala de 1 a 5 (nada habitual, 2, 3, 4, moi habitual)

	Perfil	Homes	Mulleres	Mulleres VVX
(1)	En situación de rúa			
(2)	En institucións en réxime aberto			



(3)	Itinerantes, de paso a outras cidades ou usuarios/as doutros centros da mesma cidade			
(4)	En vivendas de familiares/ amizades (temporalmente)			
(5)	Sen vivenda: en pensións ou hostais			
(6)	En vivendas ocupadas ilegalmente			
(7)	Na súa propia vivenda			
(8)	Outros			

### Servizos que presta e uso:

21. Indique cales dos seguintes servizos da carteira de Inclusión Social e doutros sistemas é ofertado polo centro ou non sendo ofertado, dérvase desde este, e valore o grao no que o servizo é demandado e usado por persoas sen fogar, especialmente mulleres sen fogar e aquelas que tamén sofren violencia de xénero (1 -nada demandado/ derivado- a 5 -moi demandado/derivado)

	Servizos	Servizos que oferta o centro (SI/NON)	Servizos que non oferta o centro, pero aos que deriva (SI/NON)	Grao de USO (OU DERIVACION, NO SEU CASO) dos servizos que ofertan (1 sen demanda 5 demanda moi elevada)		
				Homes	Mulleres	Mulleres VVX
(1)	Valoración, orientación e información					
(2)	Asesoramento técnico especializado					
(3)	Promoción da participación social					
(4)	Cobertura da necesidade de alimento					
(5)	Provisión de recursos básicos					
(6)	Atención social continuada					
(7)	Atención nocturna					
7.1.	Nº prazas totais					
7.2.	Nº habitacións para mulleres					
7.3.	Nº habitacións para parellas					
7.4.	Nº módulos familiares					
(8)	Acollida básica					
8.1.	Nº prazas totais					
8.2.	Nº habitacións para mulleres					
8.3.	Nº habitacións para parellas					
8.4.	Nº módulos familiares					

(9)	Atención na rúa					
(10)	Atención urxente					
(11)	Apoio á inclusión sociolaboral					
(12)	Apoio integral (con residencia) á inclusión sociolaboral					
(13)	Formación adaptada					
(14)	Apoio á inclusión residencial					
(15)	Servizos do ámbito sanitario					
(16)	Servizos específicos de atención ás mulleres					
(17)	Servizos de policía					
(18)	Outros non comprendidos nos anteriores: especificar					

22. Que SERVIZOS presta o centro ás mulleres usuarias? Pregunta aberta \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

23. Incorporan a perspectiva de xénero na formulación ou desenvolvemento destes servizos que oferta? (SI/NON). En caso afirmativo, en que se concreta? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

### Mulleres sen fogar

24. Concretamente, como se xestiona o apoio ás mulleres usuarias que non teñen aloxamento alternativo á súa saída? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

25. Traballan en rede con outros recursos do territorio? SI/ NON. En caso afirmativo, cales \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

26. Con que centros ou entidades coopera ou se coordina para a atención ás mulleres sen fogar? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



27. A que tipo de recursos derivan?: \_\_\_\_\_

		Mulleres	Mulleres sen fogar
(1)	Recursos de apoio á inclusión sociolaboral		
(2)	Recursos de apoio integral (con residencia) á inclusión sociolaboral		
(3)	Formación adaptada/ formación para o emprego		
(4)	Servizos de apoio á inclusión residencial ou recursos de acceso a vivenda		
(5)	Servizos do ámbito sanitario		
(6)	Servizos de policía		
(7)	Outros non comprendidos nos anteriores: especificar _____		

28. Ademais dos servizos que ofertan a todas as persoas usuarias, cando se trata de mulleres sen fogar e mulleres que ademais sofren ou sufriron violencia de xénero, hai actuacións particulares? SI / NON. En caso afirmativo, cales \_\_\_\_\_

#### Características ou circunstancias persoais das mulleres sen fogar que atende no centro/ usuarias do servizo

		Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
29.	Idade media estimada		
30.	% de mulleres con fillos/as menores a cargo		
31.	% das mulleres que acoden ao centro coa súa parella		
32.	% das que teñen nacionalidade española		
33.	% das que teñen condición de inmigrante e se atopan en situación irregular		

#### Factores de vulnerabilidade

No panel de persoas expertas realizado para o Estudo sobre persoas sen fogar en Galicia, sinaláronse como causas determinantes do senfogarismo as seguintes. En que medida considera que estes factores afectan ás mulleres sen fogar?

Valore de 1 a 5, sendo 1 cando o factor non incide nada no perfil, e 5 se incide moito.

### 34. Factores estruturais

		Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
(1)	Desemprego ou desemprego prolongado		
(2)	Escaseza ou falta de recursos económicos		
(3)	Falta de oferta de recursos habitacionais		
(4)	Falta de recursos adecuados a cada persoa		
(5)	Procesos vinculados ao mercado inmobiliario, que dificultan o acceso á vivenda		
(6)	Recortes nos servizos de atención, sanitario e de vivenda		
(7)	Inmigración (con procesos e dificultades asociadas)		

### 35. Factores institucionais

		Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
(1)	Saída dunha institución sen un fogar ao que voltar (centros de protección de menores, penais...)		
(2)	Problemas de cobertura dos servizos		
(3)	Déficits de coordinación entre os servizos dos diferentes sistemas		
(4)	Mecanismos inadecuados de asignación de determinados servizos ou prestacións		

### 36. Factores persoais

		Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
(1)	Discapacidade ou enfermidade de longa duración		
(2)	Enfermidade mental, patoloxía dual		
(3)	Trastornos adictivos		
(4)	Situación de itinerancia		
(5)	Baixa cualificación		
(6)	Minoría étnica		
(7)	Transexualidade		



37. Factores relacionais

		Mulleres sen fogar	Mulleres sen fogar VVX
(1)	Monoparentalidade		
(2)	Falta ou debilidade dos apoios familiares e/ou de redes		
(3)	Rupturas traumáticas de parella		
(4)	Soidade, illamento social da persoa		
(5)	Contorna familiar con violencia de xénero		

38. Cre que habería que considerar algún outro factor entre os determinantes que preceden ou inciden nas situacións das mulleres sen fogar? SI/NON

En caso afirmativo, cales \_\_\_\_\_

39. Considerando o grupo de persoas atendidas, en que grao considera que a violencia de xénero é factor previo ao senfogarismo (valore: 1=nada, 2,3,4, 5=moito)

Se o considera oportuno, explique \_\_\_\_\_

40. Considerando o grupo de persoas atendidas, en que medida o senfogarismo pode ser determinante de sufrir violencia de xénero (valore: 1=nada, 2,3,4, 5=moito)

Se o considera oportuno, explique \_\_\_\_\_

41. Os estudos revelan que en Galicia hai entre un 15 e un 20% de mulleres entre a poboación sen fogar. Desde a súa experiencia, como percibe que esta porcentaxe evolucionara nos últimos dez anos? (valore: 1=diminuíu moito, 2,3,4, 5=amentou moito)

Explique por que? \_\_\_\_\_

42. Cre que se produciron cambios no perfil "típico" (sabendo que é difícil establecelo, pero referindo a posibles cambios nas manifestacións do senfogarismo) SI/NON

En caso afirmativo, explique \_\_\_\_\_

43. As mulleres sen fogar realizan algún tipo de DEMANDA de xeito diferencial? SI/NON

En caso afirmativo, cales \_\_\_\_\_

44. Cales cree que son as NECESIDADES que, singularmente, presentan as mulleres sen fogar? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

45. Cre que están sendo atendidas? (valore: 1=nada atendidas, 2,3,4, 5=moi atendidas)

46. Cre que debería traballarse para mellorar a resposta en relación á:

		SI/NON	Valore: 1=nada, 2,3,4, 5=moito
(1)	Tipoloxía de recursos		
(2)	Cantidade de recursos		
(3)	Metodoloxía de intervención		
(4)	Planificación (plans de actuación globais)		
(5)	Normativa		
(6)	Coordinación		
(7)	Innovación		

47. Outras observacións ou comentarios: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



## Anexo II

### Senfogarismo e muller nas sete cidades de Galicia.

#### Enquisa a mulleres afectadas polo senfogarismo

Esta enquisa forma parte do Estudo sobre o senfogarismo feminino e a violencia de xénero en Galicia, encargado pola Dirección Xeral de Inclusión Social coa finalidade de profundar no coñecemento sobre o senfogarismo feminino, nas necesidades que presentan as mulleres sen fogar e como se están a atender.

Os resultados das enquisas serán utilizados só de forma agregada, garantíndose o anonimato nas respostas.

Data de realización da enquisa \_\_\_\_\_

CIDADE \_\_\_\_\_

IDENTIFICACIÓN

1. Idade \_\_\_\_\_

2. País de nacemento \_\_\_\_\_

3. Estado Civil :

(1) solteira

(2) separada ou divorciada

(3) casada ou en parella

(4) viúva

4. Actualmente vostede ten?

(1) Nacionalidade española ou doutro Estado da UE

SI  NON

(2) Autorización de residencia (extra Comunitaria)

SI  NON

(3) Autorización de residencia e traballo (extra Comunitaria)

SI  NON

(4) Refuxiada

SI  NON

5. Ten algún tipo de discapacidade recoñecida?  SI  NON
6. Está empadroada nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia?  SI  NON
7. Dispón de tarxeta sanitaria  SI  NON
8. Ten fillos/as?  SI  NON  
En caso afirmativo, cantos/as son menores? \_\_\_\_\_
9. Que nivel de estudos acadou?
- (1) Sen estudos
  - (2) Estudos básicos
  - (3) Estudos medios
  - (4) Estudos superiores
10. En que situación laboral se atopa na actualidade?
- (1) Sen traballo e demandante de emprego
  - (2) Sen traballo e non demandante de emprego
  - (3) Traballo a tempo completo
  - (4) Traballo a tempo parcial
11. Traballou no último ano?  SI  NON
12. Se traballa ou traballou no pasado, en que ocupación ou ocupacións \_\_\_\_\_
13. O seu nivel de ingresos é:
- (1) Sen ingresos
  - (2) Menos de 500 euros ao mes
  - (3) Máis de 500 euros ao mes
14. Se percibe ingresos, cal é a súa fonte principal de ingresos?
- (1) Rendos do traballo
  - (2) Rendos propias
  - (3) Achegas da xente na rúa
  - (4) Prestacións, pensións (excepto xubilación), axudas de familiares
  - (5) Pensión de xubilación
  - (6) Outros \_\_\_\_\_



15. ¿Onde reside actualmente? e ¿Cal foi a situación residencial inmediatamente anterior?

(MARQUE CUNHA X)

	<b>Perfil</b>	<b>Antes</b>	<b>Agora</b>
(1)	En situación de rúa		
(2)	En institucións en réxime aberto / centros de acollida		
(3)	Itinerantes, de paso a outras cidades ou usuarias doutros centros da mesma		
(4)	En vivendas de familiares/ amizades (temporalmente)		
(5)	Sen vivenda: en pensións ou hostais		
(6)	En vivendas ocupadas ilegalmente		
(7)	Na súa propia vivenda (en propiedade ou aluguer)		
(8)	Outros Especifique_____		

16. Canto tempo leva na súa situación residencial actual?\_\_\_\_\_

17. Se está vostede sen fogar:

Cales considera que foron os motivos para verse sen fogar? (MARQUE CUNHA X)

(1)	Desemprego	
(2)	Escaseza de recursos económicos	
(3)	Ruptura afectiva	
(4)	Ser vítima de violencia no fogar	
(5)	Adicción (drogas /alcohol)	
(6)	Enfermidade	
(7)	Situación administrativa irregular	
(8)	Por decisión voluntaria	
(9)	Outros motivos Especifique cales_____	

18. Que tipo de recursos utilizou na última semana? e No último ano?

		Na última semana	No último ano
(1)	Albergues / centros de acollida		
(2)	Comedores		
(3)	Roupeiros		
(4)	Centros de día		
(5)	Baños públicos		
(6)	Obradoiro de inserción laboral		
(7)	Centros de noite		
(8)	Pisos protexidos		
(9)	Servizos sociais do concello (traballador/a social)		
(10)	Outro Especifique_____		

19. Que opinión ten destes servizos/recursos? (VALORE DE 1 A 5):

Moi mala	Mala	Regular	Boa	Moi Boa
1	2	3	4	5

Por que?\_\_\_\_\_

20. En que grao considera que atenden as súas necesidades? (VALORE DE 1 A 5):

Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
1	2	3	4	5

21. Que necesidades pensa que non son atendidas?\_\_\_\_\_

Por que?\_\_\_\_\_



## CUESTIÓNS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO

22. Ten ou tivo parella?  SI  NON

EN CASO AFIRMATIVO:

23. En que medida considera que a súa parella ou ex-parella tiña con vostede os seguintes comportamentos (MARQUE CUNHA X)

		Nunca	Case nunca	Algunhas veces	Case sempre	Sempre
(1)	Respecta os seus sentimentos?					
(2)	Insultouna, avergoñouna ou humillouna?					
(3)	Ameazou a vostede, ás súas fillas e fillos ou a algunha persoa?					
(4)	Rompeu algunha das súas cousas ou algún obxecto da casa?					
(5)	Intentou controlar a súa vida e as súas relacións coa familia e amizades?					
(6)	Pegoulle?					
(7)	Chegou a producirlle secuelas?					
(8)	Obrigouna a manter relacións sexuais?					
(9)	Ameazouna con algunha arma?					
(10)	Chegou a ferila con algunha arma ou con outro obxecto?					

24. Violencia económica

(1)	Traballaba antes de coñecer a súa parella?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
(2)	Obrigouna ou pediulle que deixase o traballo?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
(3)	Quen ingresaba os cartos na casa? (a parella, a persoa enquisada, outra persoa convivinte, varios)	
(4)	Quen se encargaba da organización económica dentro do fogar? (a parella, a persoa enquisada, outra persoa convivinte, varios)	

25. Cre que nalgún momento da súa vida sufriu violencia de xénero?

SI  NON

EN CASO DE RESPONDER NON PASE Á PREGUNTA 28

EN CASO AFIRMATIVO:

26. Por parte de quen?

(1) Parella

(2) Familia de orixe

(3) Outros \_\_\_\_\_

27. Ante esta situación de violencia:

Nalgunha ocasión pediu axuda?

SI  NON

E denunciou?

SI  NON

28. Na súa familia de orixe, alguén sufría violencia de xénero e vostede foi testemuña?

SI  NON

**Moitas grazas pola súa colaboración!**



## Anexo III

### Estudo sobre o senfogarismo feminino e violencia de xénero en Galicia: entrevista a expertas

Este estudo da Xunta de Galicia en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, trata de profundar no coñecemento sobre o senfogarismo feminino, os seus determinantes e como se manifesta; nas necesidades que presentan as mulleres sen fogar e como se están a atender.

Como experta na atención ás persoas sen fogar interézanos moito a información que nos poida achegar sobre o obxecto do estudo, polo que agradecemoslle a súa colaboración.

#### 1. Información da persoa entrevistada e do centro no que presta servizos:

1.1. Cargo/responsabilidade

1.2. Tipo de recurso e cidade

#### 2. Opinión sobre a situación actual e evolución do perfil do senfogarismo feminino:

2.1. Número/porcentaxe de mulleres sobre o total de persoas sen fogar

2.2. Percibiu cambios do número de mulleres nos últimos anos?

2.3. Perfil actual das mulleres sen fogar (idade, fillos/as, nacionalidade, estudos...)

2.4. Percibiu cambios do perfil das persoas sen fogar nos últimos anos? Cales?

#### 3. Percepción das necesidades das mulleres sen fogar

3.1. Que necesidades concretas percibe vostede neste grupo? Cales destas son diferenciadas respecto dos homes?

3.2. Moitas mulleres chegan con fillos/as aos servizos de intervención. Pensa que se atenden adecuadamente estas situacións? Que medidas poderían desenvolverse para abordar axeitadamente estas situacións?

3.3. O medo, a percepción da súa vulnerabilidade, aparece nas entrevistas como un dos factores que dificulta que as mulleres soliciten os servizos de atención. Parece que o feito de que haxa outras mulleres e de contar con persoal atendendo as 24 horas lles proporciona máis seguridade. Pensa que se está tendo en conta o factor medo nos servizos que se prestan ás mulleres sen fogar? Que medidas poderían desenvolverse para solucionar este problema?

3.4. Como se atende ás familias completas que se atopan sen fogar? 4. Percepción sobre os servizos e recursos

4.1. O temor a perder a custodia dos fillos/as (por adicións ou problemas de saúde mental) aparece como outra das causas que pode influír en que as mulleres non acudan aos servizos. Hai un tratamento consciente deste problema?

4.2. Que habería que facer para que isto non sucedese?

4.3. Nun comedor social indicáronnos que non reciben información (pola protección de datos) sobre a situación das mulleres que chegan alí (se, por exemplo, son VVX ou se teñen adicións), polo que non poden prestarlles unha atención algo máis personalizada.

- 4.3.1. Pensa que os diferentes servizos funcionan coa suficiente coordinación? De non ser así, como mellorar o seu funcionamento?
- 4.3.2. É a protección de datos un problema que dificulta a atención integral?
- 4.3.3. Facilitaría a asistencia dispoñer de protocolos?
- 4.4. Aténdese adecuadamente ás mulleres sen fogar con múltiples problemas (saúde mental, adiccións, discapacidade, enfermidade de longa duración, VVX...)? Que medidas habería que adoptar para mellorar a súa atención?
- 4.5. Nas entrevistas se indica que as mulleres VVX teñen que acudir nalgúns casos a albergues, ou que incrementa a súa vulnerabilidade. Son suficientes e adecuados os servizos para atender ás mulleres VVX?
- 4.6. Sería útil que todos os centros dispuxesen dunha guía con todos os servizos dispoñibles para a atención, polo menos os da mesma provincia?
- 4.7. Pensa que se está a dar unha atención integral que permita ás mulleres recuperar a súa autonomía?
  - 4.7.1. Pensa que os diferentes servizos funcionan coa suficiente coordinación? De non ser así, como mellorar o seu funcionamento?
- 4.8. Inclusión laboral
  - 4.8.1. Como se traballa a empregabilidade das persoas sen fogar? Xunto medidas de carácter xeral, deberían existir algunhas específicas para as mulleres? Cales?
  - 4.8.2. En que porcentaxe (aproximado) cre que é posible acadar a inclusión laboral das mulleres sen fogar?
- 5. Relación entre senfogarismo e VX:
  - 5.1. Senfogarismo causa VX?
  - 5.2. VX causa senfogarismo?
- 6. Nas entrevistas se recolle que cada vez son máis as dificultades para acceder a unha vivenda, especialmente no caso das mulleres VVX con fillos/as. Aínda que existan axudas, son cada vez máis esixentes os requisitos que imponen os arrendadores/as (ter antigüidade no traballo, ou nómina que triplique o prezo do aluguer...). Que solucións poden darse a este problema?
- 7. Que modalidade de acceso á vivenda ou recurso residencial (housing first, vivenda de inserción, centro de acollida básica...) considera máis adecuado?
- 8. Cara a onde debería enfocarse a solución ao senfogarismo. Propoña, ademais, 3 medidas que considere prioritarias.
- 9. Análise DAFO da atención ao senfogarismo feminino e a súa vinculación coa violencia de xénero:
  - 9.1.1. Fortalezas
  - 9.1.2. Debilidades
  - 9.1.3. Ameazas
  - 9.1.4. Oportunidades



## Anexo IV

### ABREVIATURAS DO DOCUMENTO

<b>ATENPRO</b>	Servizo telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de Xénero
<b>Centros PSF</b>	Centros da rede de atención ás persoas sen fogar
<b>CIM</b>	Centro de Información ás Mulleres
<b>DAFO</b>	Debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades
<b>EPA</b>	Encuesta de Población Activa- INE
<b>ETHOS</b>	Tipoloxía europea de senfogarismo e exclusion residencial
<b>FEANTSA</b>	Federación Europea de Asociacións que traballan coas Persoas sen Fogar
<b>IGE</b>	Instituto Galego de Estatística
<b>INE</b>	Instituto Nacional de Estadística
<b>IPI</b>	Itinerarios personalizados de inclusión
<b>Mulleres VVX</b>	Mulleres vítimas de violencia de xénero
<b>ONG</b>	Organización non governamental
<b>ONU</b>	Organización das Nacións Unidas
<b>PNC</b>	Pensión non contributiva
<b>Rede VVX</b>	Rede Galega de Acollemento para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero
<b>RISGA</b>	Renda de Inclusión Social de Galicia
<b>RUEPSS</b>	Registro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais



